

PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL



TÍTULO III SÍNTESE TERRITORIAL

1. ESTRUCTURA
TERRITORIAL

2. DINÁMICA
SOCIOECONÓMICA

3. A DINÁMICA
TURÍSTICA NO
LITORAL DE GALICIA

4. ENERXÍA

PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL



TÍTULO III

CAPÍTULO 1 Estrutura territorial



1.	AS ESCALAS DE LECTURA DO TERRITORIO.....	4
	1.1. O ámbito de estudo en relación a Europa.....	4
	1.2. Galicia no contexto do espazo atlántico.....	4
	1.3. Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal	8
	1.4. Galicia	8
	1.5. Distribución da poboación	8
2.	O SISTEMA DE ASENTAMENTOS	10
	2.1. O sistema tradicional de asentamentos.....	10
	2.2. O modelo actual	10
3.	O PLANEAMENTO TERRITORIAL.....	13
	3.1. As Directrices de ordenación do territorio	13
	3.2. Os Plans territoriais integrados	16
	3.3. Os programas coordinados de actuación	16
4.	O PLANEAMENTO SECTORIAL	16
	4.1. Relación entre os plans territoriais integrados e os plans sectoriais	16
	4.2. Ordenación sectorial	16
5.	O PATRIMONIO NATURAL.....	24
	5.1. Rede galega de espazos naturais protexidos.....	24
	5.2. Outros espazos protexidos de Galicia	45
	5.3. Outras figuras de protección internacional.....	45
6.	O PLANEAMENTO URBANÍSTICA VIXENTE	46
	6.1. Lexislación urbanística: un breve percorrido histórico	46
	6.2. Planeamento municipal vixente nos concellos do POL.....	47
	6.3. O caso particular do solo rústico.....	51
7.	CONCLUSIÓNS	55

1. AS ESCALAS DE LECTURA DO TERRITORIO

A ordenación dun territorio ten que partir dunha análise que atinxa as diferentes escalas ás que este é interpretado e utilizado pola poboación. A cuestión da escala alcanza aquí unha importancia capital, xa que o orzamento da organización territorial parte do recoñecemento de que as determinacións a escala polo miúdo transcenden ao conxunto e, polo tanto, deben analizarse dentro do seu contexto territorial amplo. Maior relevancia alcanza este feito cando tratamos dun elemento como o litoral, no que conflúen usos, dinámicas e estruturas que van desde a escala xeral, considerando a fronte litoral como un sistema territorial único, á escala polo miúdo que ten que resolver as cuestións relativas á súa formalización.

1.1. O ÁMBITO DE ESTUDO EN RELACIÓN A EUROPA

O mapa europeo de densidade de poboación permite analizar a distribución espacial da poboación e obter conclusións sobre a estrutura territorial que articula o continente. Máis aló das inevitables polaridades que introducen os principais núcleos metropolitanos ou as grandes rexións produtivas centroeuropeas, destacan os fortes contrastes que se rexistran entre as rexións costeiras e as interiores. Tras o eixe que atravesa o continente desde o sur de Reino Unido até Italia, pasando polo norte de Francia, o Benelux, Alemaña e Suíza, é a fronte litoral a que concentra a maioría da poboación. A densidade de poboación das rexións costeiras (segundo as unidades territoriais estatísticas NUTS3 usadas pola Unión Europea) é de media un 10% máis elevada que no resto do territorio, chegando nalgúns ámbitos a superar en cinco veces a media europea. O arco mediterráneo, a costa occidental francesa ou a cornixa cantábrica ibérica presentan un continuo de densidades medias que se apoian en determinados puntos ou rexións de referencia. Porén, é a costa atlántica peninsular, desde Lisboa até o norte de Galicia, a que presenta a maior extensión de rexións litorais contiguas con densidades superiores aos 200 hab/km².

Desde o punto de vista europeo, polo tanto, revélase como esencial considerar este ámbito dentro do espazo atlántico, se ben dentro del identifícanse certas diferenzas de comportamento entre a vertente atlántica e a cantábrica. A primeira ten que ver coa forte relación co territorio do norte de Portugal, receptora dalgúns dos maiores investimentos comunitarios en infraestruturas (a Alta Velocidade Ferroviaria entre A Coruña e Porto, por exemplo, é un dos proxectos que maior financiamento comunitario recibirá para redes transeuropeas de transporte durante o período 2007-2013), e a franxa costeira do norte de Galicia tende a asumir un importante continuísmo coas políticas europeas para a cornixa cantábrica peninsular.


Considerando o conxunto das rexións que compoñen o espazo atlántico europeo, o galego trátase do único ámbito litoral que aínda carece dunha ordenación litoral específica, entendendo como tal a determinación duns obxectivos e parámetros normativos que contribúan a definir o modelo de protección e desenvolvemento deste territorio.

1.2. GALICIA NO CONTEXTO DO ESPAZO ATLÁNTICO

Resulta obvio dicir que Galicia forma parte da fachada atlántica europea. Pola súa latitude, queda comprendida no dominio das rexións de clima morno oceánico de latitudes medias e fachada occidental.

Desde 1989, a Unión Europea define o Espazo Atlántico como o conxunto das rexións marítimas da fachada occidental da Comunidade Europea.

Este Espazo Atlántico representa aproximadamente unha superficie de 856.420 km² e unha poboación total de 76,1 millóns de habitantes. Constitúe unha zona xeográfica, periférica en relación cos centros xeográficos e económicos de Europa. Existen certos elementos comúns que o converten nun espazo con identidade propia tanto en termos culturais e históricos como xeográficos, sendo o océano Atlántico un elemento de unión e o punto forte desta cooperación.




Este espazo transnacional atlántico está constituído por rexións europeas que pertencen a cinco estados: Portugal, España, Francia, Irlanda e o Reino Unido. O marco xeográfico xorde da identidade xeográfica e histórica que as augas do Atlántico confiren a estes territorios. Poderíamos dicir por isto que o seu ámbito máis significativo é o ecotón terra-mar. Este espazo, o litoral, é o que precisamente nos ocupa no presente documento.

Para que nos fagamos unha idea da importancia que a xestión deste Espazo ten en Europa, e só a modo de apuntamento, lembramos que en setembro de 2007 a Comisión Europea aprobou un Programa de Cooperación Territorial Europea dedicado á cooperación transnacional entre Irlanda, España, Francia, Portugal e o Reino Unido para o período 2007-2013.

O Programa Operativo de Cooperación Transnacional “Espazo Atlántico 2007-2013” prevé a concesión de axuda da Comunidade a trinta e tres zonas costeiras NUTS II dos países participantes, desde o estreito de Xibraltar até o norte de Escocia. O Programa Operativo entra dentro do marco establecido para o Obxectivo de Cooperación Territorial Europea e ten un orzamento total de aproximadamente 159 millóns de euros. O investimento comunitario, a través do FEDER, ascende a uns 104 millóns de euros.

A liña máis importante de traballo é a que se compromete a contribuir ao desenvolvemento equilibrado e sostible do espazo atlántico consolidando deste xeito un eixe prioritario de actuación: protexer, reforzar e mellorar a contorna mariña e costeira de xeito sostible.

Debido á enorme transcendencia histórica, patrimonial e ambiental que ten este territorio, a gran maioría das rexións europeas deste espazo contan xa cun instrumento de ordenación, protección e xestión do seu espazo costeiro.



Plan de ordenación da orla costeira de Portugal

Así, por exemplo:

- **Portugal** conta con 9 Plans de Ordenación da Orla Costeira (POOC) aprobados por Decreto Lei (1998-2005): Alcobaça-Mafra; Burgau-Vilamoura; Caminha-Espinho; Cidadela-S. Julião da Barra; Ovar-Marinha Grande; Sado-Sines; Sines-Burgau; Sintra-Sado; Vilamoura-Vila Real de Santo António.

Tamén se desenvolveu un plan de Acción para o Litoral 2007-2013 que identifica as accións necesarias para recualificar o litoral nacional e rexional. Das 84 accións identificadas como Prioridades de Intervención, 57 corresponden á Defensa Costeira das Zonas de Risco, 15 a Plans de Intervención e Recualificación Urbana/ Actividades Produtivas e 12 a Estudos para mellorar o coñecemento do litoral.

- En **Francia**, a protección efectiva dos espazos naturais costeiros realizarase a través da normativa xurdida para encher o baleiro legal, e singularmente na creación en 1975 - Lei n.º 75-602 de 10 de xullo de 1975- do Conservatorio do Litoral -Conservatoire de l'espace litoral et des rivages la-

custres-, dedicado á protección dos espazos naturais e das paisaxes sobre as ribeiras marítimas e lacustres de Francia. O máis sólido fundamento da ordenación territorial do litoral xorde a través da Lei do Litoral de 1986 (*Loi n.º 86-2 du 3 janvier 1986, relative à l'aménagement, la protection et la mise en valeur du littoral*), que entraría en vigor o 3 de xaneiro e que constituiría o marco xurídico até a revisión parcial realizada pola Lei de 23 de febreiro de 2005. Os instrumentos que desenvolven de maneira integral estas políticas son os Plans de Coherencia Territorial (*Schémas de Cohérence Territoriale -SCOT-*). Desde o 1 de xuño de 2008, o Conservatorio do Espazo Litoral protexe 117.200 hectáreas e son 600 os espazos naturais protexidos, o que representa ao redor de 1.000 km de costas marítimas.

- No **Reino Unido**, hai dous grupos de actuacións que especificamente se refiren á Ordenación do litoral: por unha banda, os *Shoreline Managements Plans* (SMP) que á parte das implicacións ambientais teñen fundamentalmente un obxecto de redución de riscos por desastres naturais na costa relacionados con riadas e procesos de erosión e, pola outra, unha actuación integrada en zonas costeiras para a que se vén tramitando desde o 2008 unha nova Lei cuxa segunda lectura na Cámara dos Lores está prevista para o 29 de xuño do 2009. A primeira xeración de plans aprobouse nos anos 90, de xeito que cada ámbito da liña costeira está actualmente xestionando dunha forma específica de acordo cos criterios establecidos nos plans. Unha segunda xeración de SMP está actualmente en produción cubrindo a totalidade dos 6.000 quilómetros de costa entre Inglaterra e Gales.
- En **España**, as competencias en materia de protección do medio, paisaxe e Ordenación do territorio atópanse transferidas ás Comunidades Autónomas. De entre as incluídas no Espazo Atlántico:
 - Andalucía prevé culminar no 2010 a ordenación urbanística de todo o litoral andaluz, despois de que durante 2009 aprobase tres plans subrexionais, isto é, os correspondentes ao Levante almeriense e as aglomeracións urbanas de Sevilla e Málaga, e culminase a redacción doutros seis -Costa Noroeste, La Janda e Campo de Gibraltar en Cádiz, Litoral de Granada e aglomeracións urbanas de Huelva e Almería- que agora deben finalizar a súa tramitación administrativa para recibir en 2010 o visto e prace do Consello de Goberno da Junta de Andalucía.
 - Asturias conta cun Plan Territorial Especial de Ordenación do Litoral Asturiano (POLA) por acordo de 23 de maio de 2005, adoptado polo Pleno da Comisión de Urbanismo e Ordenación do Territorio de Asturias (CUOTA). O POLA desenvolve o Decreto 107/93 polo que se aproban as Directrices Subrexionais para a Franxa Costeira de Asturias.
 - Cantabria conta cun Plan de ordenación do litoral aprobado por Lei de Cantabria 2/2004, de 27 de setembro.
 - O País Vasco conta cun Plan Territorial Sectorial de Protección e Ordenación do Litoral aprobado por Decreto 43/2007, de 13 de marzo.

Non esaxeramos se dicimos que dependendo precisamente da maneira na que se enfoca a política ambiental, económica e social Galicia afástase, aproxímase ou depende do contexto das rexións do eixe atlántico.

A personalidade do territorio galego na faixa costeira continental provén da combinación dos seus caracteres topográficos e climáticos engadidos e o seu peculiar tipo de ocupación humana que construíu no transcurso de séculos, tal e como vimos, unha gran variedade de paisaxes litorais. Porén, Galicia chega a última á protección, ordenación e xestión do seu litoral.

O POL é, polo tanto, un documento necesario e inaprazable para a constitución dun marco normativo estable que protexa de forma efectiva o litoral da Comunidade Autónoma.

Plan de ordenación do litoral de Asturias

Plan de ordenación do litoral de Cantabria

Plan de ordenación do litoral de Asturias


Plan de ordenación do litoral de Cantabria

1.3. EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

Unha das maiores innovacións introducidas pola Unión Europea á hora de estruturar o territorio comunitario é o concepto das Eurorrexións que se configuran como estruturas para a cooperación transfronteiriza entre dous ou máis países europeos e delimitanse pola Asociación de Rexións Europeas Fronteirizas. Estes ámbitos territoriais supra-estatais constrúense sobre criterios culturais, espaciais ou económicos comúns. Un destes ámbitos é o que conforma no noroeste da Península Ibérica a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, cunha poboación aproximada de 6,3 millóns repartidas en 50.846 km², cunha densidade media de poboación de 126 hab/km². Sen competencias efectivas en aspectos de planificación espacial, serve, porén, para asumir proxectos de escala europea en temas tan importantes como as infraestruturas de transporte, a proxección exterior ou a cooperación cultural.

Mentres o ámbito litoral de Portugal está rexido por 9 Plans de Ordenación da Orla Costeira, o Plan de ordenación do litoral de Galicia vén para dar continuidade a esta ordenación nunha superficie que supón preto do 4% do territorio da Eurorrexión.

Un dos obxectivos principais desde esta perspectiva será o de contribuír á definición e consolidación dos sistemas urbanos que caracterizan este ámbito. Na área de estudo reúnen tanto a área metropolitana da Coruña-Ferrol como a de Vigo-Pontevedra que, xunto coa rexión urbana de Porto, configuran os principais sistemas urbanos da Eurorrexión. A potenciación deste eixe atlántico sen que isto supoña un incremento dos desequilibrios existentes no territorio ou a perda dos seus valores patrimoniais (naturais e culturais) supón unha das principais aspiracións do Plan de ordenación do litoral de Galicia.



Na primeira imaxe, amósanse todas as entidades de poboación de Galicia, mentres que a segunda amosa aquelas cunha poboación maior aos 1.000 habitantes. Obsérvase como as de maior entidade se atopan próximas á beira costeira

1.4. GALICIA

O Plan de ordenación do litoral establécese como un documento de referencia para a ordenación de 215.865 hectáreas, o 7,31 % da superficie de Galicia. No litoral, atópanse catro das sete cidades que conforman o sistema principal urbano, e 14 das 21 que as Directrices de ordenación do territorio, actualmente en tramitación, esbozan como sistema urbano intermedio. En conxunto, no ámbito de estudo concéntranse algo máis de 1.600.000 habitantes, máis da metade (o 59%) da poboación total de Galicia.

Por outra banda, non podemos deixar a un lado o feito de que a estrutura territorial tradicional de Galicia se fundamenta nun sistema polinuclear constituído por pequenas células de poboación asociadas a ámbitos produtivos agrícola-gandeiros tamén pequenos, conformando as parroquias, que se complementa cun débil sistema de cidades e vilas pexados polas deficiencias na comunicación interna e a súa desconexión cos principais mercados terrestres e centros estatais de poder. Neste contexto, a fronte litoral foi historicamente o territorio da actividade económica, do maior dinamismo de poboación e do desenvolvemento urbano. O cambio de modelo do sistema agrario que condiciona a actual estrutura social de Galicia non fixo máis que acentuar este fenómeno, potenciando os procesos de migración desde as terras interiores ás zonas costeiras, especialmente cara aos centros urbanos. Os procesos de suburbanización ou difusión periférica, que caracterizan o sistema urbano galego, son especialmente intensos nas rexións urbanas da Coruña-Ferrol e as súas rías, Pontevedra-Vigo e as súas rías e Santiago de Compostela, ademais da importancia do desenvolvemento de formas de urbanización difusa en ambas as dúas vertentes da ría de Arousa.

A ordenación do sistema costeiro revélase, polo tanto, unha cuestión fundamental á hora de definir un modelo territorial para Galicia que contribúa a garantir os equilibrios territoriais entre o interior, especialmente afectado polo cambio do modelo produtivo e social, e as rexións atlánticas, de maior dinamismo económico e demográfico. Será tamén importante atopar, desde a óptica territorial, o mecanismo para establecer directrices e criterios con relación cos fenómenos urbanos e metropolitanos, concentrados maioritariamente neste ámbito, dentro da estrutura territorial rexional. Neste senso, cabe apuntar que tal e como veremos nos seguintes capítulos relativos á paisaxe e ao modelo territorial, os obxectivos de calidade paisaxística que xurdirán como desenvolvemento dos Catálogos de Paisaxe Litoral revélense como unha ferramenta capaz de achegar determinacións que favorezan a incorporación os criterios territoriais do Plan nestes espazos a unha escala máis polo miúdo.


O papel que xoga a paisaxe do litoral na vertebración da realidade territorial galega, entendendo a paisaxe como elemento identitario dunha rexión e, por extensión, dunha sociedade, supón asumir papeis produtivos, simbólicos e funcionais que só poden estar situados nesta contorna, pero que han de dar servizo ao conxunto de Galicia. Así a articulación de medidas, especialmente as enfocadas ao desenvolvemento turístico ou económico, non poden, polo tanto, esquecer a delicada fragilidade ambiental dos enclaves que as acollen.

1.5. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN

En Galicia, a poboación estrutúrase ao redor de:

1.5.1. COMARCAS

O mapa comarcal de Galicia definido en 1997, que agrupa os 315 concellos en 53 comarcas concibidas para potenciar un modelo de desenvolvemento endógeno e sostido, supón un intento por alcanzar un desenvolvemento territorial que “cree ou consolide os eixes dinámicos máis competitivos asociados a unha política espacial de concentración, xeralmente vinculada ao sistema de cidades”. O modelo comarcal non establece un novo marco xurídico nin administrativo con competencias locais, senón que pretende “servir de marco estratéxico para a coordinación das administracións, introducindo unha escala intermedia de planificación, de organización e xestión territorial”.



Das 53 comarcas en que se divide Galicia, 22 están en maior ou menor medida afectadas dentro do ámbito de estudo do Plan de ordenación do litoral, das cales 10 pertencen ás clasificacións de comarcas metropolitanas, urbanas ou rururbanas.

O xeito no que se realizou a análise territorial para a redacción deste Plan pretende superar as limitacións metodolóxicas e espaciais da división comarcal. Utilizar criterios paisaxísticos e xeomorfolóxicos para delimitar áreas funcionais permite unha aproximación máis realista e eficaz que a elección de límites meramente administrativos, o que a longo prazo posibilita a creación dun modelo de ordenación territorial máis coherente coa tradición histórica e social da costa galega.

1.5.2. MUNICIPIOS

O municipio é a unidade administrativa mínima con competencia na ordenación espacial do territorio. A diferenza das provincias e as comarcas, os concellos contan coas competencias e a lexitimidade social para planificaren a súa ordenación e estableceren o seu modelo de desenvolvemento no marco dun ámbito territorial máis amplo.

A inevitable repercusión que teñen as accións a escala local sobre o conxunto do sistema territorial (natural e antrópico) impón, no marco dun desenvolvemento sostible, a necesidade de establecer elementos de cooperación, coordinación e complementariedade entre os concellos. Sen invadir competencias municipais, este Plan Territorial Integrado pretende introducir mecanismos que suplan a falta de tradición planificadora común, integrando os concellos costeiros nunha perspectiva territorial maior e delimitando ámbitos de protección e figuras de ordenación comúns aos 84 municipios incluídos no ámbito de estudo, que harmonizarán as decisións municipais das ordenacións urbanísticas.

1.5.3. 1.5.3. PARROQUIAS

A organización espacial e social de Galicia ten na figura da parroquia a escala máis pequena de referencia. Constitúe unha circunscrición imprescindible á hora de entender a estrutura territorial, xa que a súa delimitación espacial está intimamente relacionada coa función produtiva que historicamente veu xogando o territorio, constituíndo a unidade mínima de agregación dos asentamentos de poboación, mantendo unhas complexas relacións físicas, sociais e culturais que garanten na gran maioría dos casos a súa plena vixencia actual.

A importancia do papel produtivo do solo na delimitación espacial das parroquias, condicionado á súa vez polas características físicas do territorio no que se circunscribe, fai que a extensión da parroquia sexa inversamente proporcional á produtividade agraria e, en consecuencia, ao volume de poboación e ao número de asentamentos celulares. A superficie media das 3.797 circunscricións parroquiais que existen en Galicia é de 7,78 km². O ámbito de estudo analizado atinxe 487 destas parroquias, cunha superficie media de 7,40 km², o que dá conta da alta concentración da poboación e a capacidade produtiva deste territorio. A súa distribución espacial no propio ámbito é tamén moi significativa. As parroquias máis pequenas concéntranse na costa das Rías Baixas, especialmente a comarca do Salnés, e no golfo Ártabro, cunha notable articulación transversal entre costa e terras de interior. No extremo oposto, atopamos as unidades máis grandes na Costa da Morte e en zonas interiores da Mariña lucense, con parroquias que superan os 25 km² como a de Rúa, en Cervo, ou Lourenzá no municipio do mesmo nome.

Estes datos volven poñer de manifesto que as disimilitudes estruturais entre as áreas nas que se divide a costa galega teñen un longo percorrido histórico, e por isto han de recibir propostas de ordenación específicas e diferenciadas, adaptadas ás necesidades de cada territorio.

2. O SISTEMA DE ASENTAMENTOS

2.1. O SISTEMA TRADICIONAL DE ASENTAMENTOS

A orixinalidade do sistema de poboación que tradicionalmente caracterizou Galicia radica na súa gran dispersión, elemento singular que diferencia a Iberia húmida da seca. Este fenómeno maniféstase nunha media dun asentamento de poboación por cada 1,5 km² de superficie, de máis de 31.000 aldeas (o 46,5% das entidades de poboación de toda España). As numerosas combinacións de tipos que estas entidades singulares orixinan están intercomunicadas por unha densa rede de estradas, camiños rurais e pistas, ramificacións das vías primarias que configuran en conxunto a morfoloxía territorial característica.

As parroquias son núcleos de hábitat fundamentais na estrutura territorial tradicional de Galicia. En palabras de Otero Pedrayo “en Galicia, temos unha unidade vital, antiga, xeográfica, eterna: a parroquia”. A parroquia, cuxos límites están marcados por elementos xeográficos (outeiro, regatos, marcos...), trátase dunha unidade social e territorial con plena correspondencia co grao último de colonización e explotación do territorio, fundamentada nun sentimento comunitario fortemente arraigado construído sobre a cooperación e solidariedade que tradicionalmente esixían moitos dos labores agrícolas.

De acordo co arquitecto José Fariña Tojo, no seu libro *Los asentamientos rurales en Galicia* (1980), a distribución dos diferentes tipos de asentamentos, asimilables ás diversas áreas que se articulan ao redor da parroquia, son os seguintes:

- Aldea nuclear con casal denso. Núcleo unido de casal compacto con escaso terreo libre entre as casas.
- Aldea nuclear con casal claro. Núcleo claramente diferenciado do resto de asentamentos dos arredores, pero con claros notables entre casa e casa.
- Aldea polinuclear con casal denso. Con dous ou máis núcleos separados, xeralmente por algún accidente xeográfico doado de salvar a pé.
- Aldea polinuclear con casal claro. Semellante ao anterior, coa diferenza de que o casal se dispón en alterancias de edificacións e claros.
- Aldea nuclear de nebulosa. Formacións de casais claros de moita menor entidade que os anteriores, aínda que conservando cada un a súa identidade.
- Parroquias en enxame con aldea-núcleo. Polo xeral, de casal claro, con numerosas entidades de pouca entidade supeditadas a unha principal.
- Parroquias en enxame. Semellante ao tipo anterior, pero sen unha aldea de referencia, as entidades pasan a ser consideradas barrios en lugar de aldeas ou lugares.

No ámbito litoral, a ocupación humana ten unha importante tradición histórica, que se remonta a tempos prehistóricos da cultura castrexa. Segundo os documentos medievais, é a partir do século XII cando se ten testemuño escrito do nacemento de enclaves mariñeiros que viven da explotación do mar, ben de orixe comercial ou por concesión reais (os mosteiros, dada a súa necesidade de se abastecer de carne durante a Coresma, impulsan a fundación de núcleos costeiros para garantiren o seu abastecemento de peixe). No século XVI, a actividade mariñeira alcanza un gran desenvolvemento, que a mediados do século XVIII se ve impulsada pola chegada de emprendedores cataláns que introducen innovacións nas técnicas de pesca e posteriores procesos de tratamento.

Os asentamentos tradicionais, debido á natureza abrupta e labrada da costa, caracterízanse por estar agrupados en conxuntos formados por vivendas acaroadas e de pouca fronte de fachada, coas comunicacións mediante rúas estreitas e sinuosas (ou ruelas en certos casos) paralelas á liña de costa, cruzadas por outras normais a elas.

Estas poboacións concentradas poden adoptar, de acordo coa clasificación proposta por Caamaño Suárez, as seguintes configuracións:

- Vilas en anfiteatro ao pé da ladeira, con doado acceso a unha cala onde se sitúa o peirao (O Barqueiro).
- Vilas en istmo, cun fondeadoiro protexido por unha península (Muxía ou Malpica).
- Vilas ou aldeas fluviais, na ribeira máis protexida da desembocadura dun río (Cedeira).
- Vilas ou núcleos de ría, situados ao redor dunha praia e cunha primeira liña de edificacións fronte dela, coas rúas normais a esta buscando a discontinuidade para evitar os efectos dos ventos (Aguíño o Bares).

2.2. O MODELO ACTUAL

A sociedade galega tradicional, fundamentada nunha economía agraria e pesqueira moi dependente do medio natural, construíu a súa contorna cultural durante séculos cunha estreita, harmónica e equilibrada relación entre o home e a natureza. Así como o primeiro desenvolvemento industrial que se produciu en Galicia, dedicado fundamentalmente á transformación dos recursos dos que se dispoñía (case sempre no mesmo lugar de produción deles) non supuxo unha alteración notoria do territorio, a irrupción do novo modelo económico desenvolvido a partir de mediados do século pasado trouxo unha importante transformación no modo de asentamento da poboación.

A chegada do fenómeno da urbanización a partir dos anos 60, da man da industrialización e posterior post-industrialización, transformou de xeito definitivo os modelos de vida e costumes da poboación e, por conseguinte, a imaxe do territorio.

O paso dunha sociedade produtora fundamentada na agricultura, a gandaría e a pesca, cuxa unidade de produción coincidía coa unidade de consumo (a familia) a unha sociedade capitalista de libre mercado na que o sector primario se relega ao 4,75% da súa economía (aínda en 1930 supoñía o 31% do total) produciuse dunha maneira brusca, sen deixar lugar aos cambios estruturais nin sociais que requiría esta transformación fundamental. Estes desaxustes propiciaron uns importantes fluxos migratorios internos nunha dupla dirección: do mundo rural ás urbes, e das zonas interiores ao litoral, cunhas consecuencias demográficas, económicas e sociais maiores mesmo que o éxodo migratorio a ultramar da primeira metade do século XX.

O paso a unha sociedade moderna, fundamentada no sector terciario e plenamente integrada nas redes internacionais de intercambio comercial, introduciu tamén unha radical transformación na consideración do solo, ao pasar de primar o seu valor de cambio en troques do valor de uso que sempre tivera. Isto provoca o abandono de terras de cultivo, a aparición de crecementos urbanísticos en lugares antes nunca edificados, a proliferación de asentamentos de nova creación desvinculados dos labores produtivos da terra e a aglomeración da poboación ao redor dos polos de maior atractivo económico. As novas necesidades de comunicación impóñense con forza no territorio, transformando o modelo tradicional de organización do territorio para favorecer a conexión entre espazos que tradicionalmente funcionaban de xeito autárquico.

Dentro desta expansión xeneralizada do fenómeno urbanizador, poden facerse certas distincións segundo sexa a natureza do crecemento dos diferentes núcleos do litoral:

- **Crecemento asociado ás aglomeracións urbanas existentes**, xerando unha periferia difusa que estende a trama urbana máis aló dos límites tradicionais e ocupando o territorio dunha maneira continua, tendendo á formación de áreas metropolitanas.
- **Crecementos afastados do núcleo tradicional de referencia**, vinculados a elementos de nova creación que xeran polos de atracción tales como infraestruturas de comunicación, instalacións industriais ou recursos naturais con aproveitamento turístico.

- **Crecementos lineais ao longo de vías de comunicación locais**, provocando a unión de diferentes núcleos tradicionais anteriormente incomunicados. Xérase así unha continuidade no tecido a xeito lineal e alterando non só o modelo de organización do territorio, senón a forma na que o percibimos.
- **Crecementos compactos vinculados a un núcleo importante de referencia**, que tenden a complementar e compactar os tecidos tradicionais apoiándose na ocupación para desenvolvementos urbanísticos de parcelas anteriormente dedicadas á explotación agropecuaria.

Por suposto, todos estes modelos son simplificacións dunha completa e diversa casuística inducida en parte pola xeomorfoloxía do litoral galego, porén, si é verdade que se atopan pautas comúns como as anteriormente descritas.

Chegamos así á situación actual dos asentamentos de poboación no litoral de Galicia, inmersos nun profundo proceso de transformación no que a estrutura deste territorio, xa cunhas altas taxas de urbanización, trata de definir un modelo propio que lle permita asumir as novas necesidades da sociedade sen ter que renunciar ao valor único que lle achegan a paisaxe existente e a súa tradición construída.

Co obxectivo de poder visualizar o modelo existente, para analízalo, valoralo e ser capaces de inducir cambios que nos permitan alcanzar maiores cotas de calidade e cohesión social no marco do desenvolvemento sostible, realizouse a seguinte caracterización:

Asentamento fundacional e desenvolvemento periférico do núcleo de Baiona.



Voo de 1956.

Ortofoto PNOA.

Usos do solo.

1.- Asentamento de carácter fundacional: recolle aqueles núcleos que, de carácter urbano ou rural, teñan unha orixe ou fundación antiga, ou aqueles cuxa trama responde a esa formación e evolución progresiva no tempo e o espazo. Son moi numerosos e os seus procesos e transformacións son de diversa orixe e configuración.

Dentro do ámbito de estudo do POL, estes asentamentos atinxen unha superficie total de 3.197 ha, o que supoñen un 47,45% sobre a superficie total de asentamentos do ámbito.

Para esta análise tan só nos interesou recalcar a relación fundacional, é dicir, de orixe dese asentamento co territorio, posto que iso leva consigo tamén o entendemento do seu aproveitamento, así como os nexos de relación con outros asentamentos da mesma natureza.

Dentro deste grupo, destacáronse aqueles asentamentos tradicionais cuxa localización estratéxica na beira costeira e a súa vinculación funcional co mar confírelles unha singularidade que os fai merecedores dun tratamento específico, e se denominaron **Núcleos de identidade do litoral**.



Núcleo de identidade do litoral, Gures. Costa da Morte

2.- Desenvolvemento periférico: recolle os contiguos cos núcleos fundacionais froito da súa expansión e evolución. É o que comunmente coñecemos como periferia, ben sexa esta urbana ou rural. Este crecemento puido ou non conservar a trama e a tipoloxía arquitectónica. En ocasións, o tamaño e a intensidade desta periferia é tan elevado que puido transformar substancialmente o núcleo fundacional.

Porén, parece interesante resaltar que a posición que ocupan estes asentamentos é froito doutra preexistente. Estes núcleos periféricos ocupan unha superficie total de 1.208,65 ha, é dicir, un 17,94% da superficie total dos asentamentos do ámbito do Plan.

Máis adiante, na epígrafe destinada ao modelo (Título IV, capítulo 1), analizaremos outras cuestións ligadas á morfotipoloxía, á integración e á fachada marítima.

3.- Asentamento funcional: recolle núcleos que responden a modernas implantacións no territorio diferentes das do carácter tradicional e que, porén, pola súa natureza (áreas produtivas, empresariais, educativas e de servizos) ou polos lazos de relación entre as edificacións, a súa morfotipoloxía, así como as dotacións e servizos cos que contan se configuraron como asentamentos integrantes do modelo de organización de territorio.

Trátase de asentamentos que nun curto período de tempo atoparon o seu sitio no conxunto do contexto territorial e contan con servizos e espazos de cohesión suficientes como para seren tidos en conta. Estas superficies supoñen un 11,24% do total de asentamentos, ocupando unha superficie total de 757,52 ha dentro do ámbito de estudo do Plan de ordenación do litoral.

Asentamento funcional do núcleo de Bergondo



4.- **Agregado urbano:** recolle os continuos urbanos difusos que se desenvolven ao longo da costa case sen interrupción. Son áreas carentes de estruturas definidas, na que os núcleos fundacionais aparecen como os principais elementos de identidade.

As Directrices de ordenación do territorio (DOT), tamén definen estes asentamentos, e recoñecen a realidade existente en parte das rexións urbanas das Rías Baixas e Ártabra.

Este agregado urbano responde á concentración do crecemento urbano especialmente nas áreas máis próximas á beira costeira debido ao seu efecto de atracción e a que é onde se concentran os terreos con condicións topográficas máis favorables para as actividades produtivas. Trátase de ámbitos carentes de estruturas definidas, ameazadas pola conxestión e no que os núcleos fundacionais aparecen como os principais elementos de identidade nun continuo urbano difuso.

A proposta de articulación deste agregado urbano recollida nas DOT orientase a dotar de coherencia este proceso espontáneo de desenvolvemento, principalmente a través de: o fortalecemento da centralidade dos asentamentos fundacionais potenciando os seus elementos de identidade e concentrando neles a oferta de servizos e os novos crecementos; inclusión de corredores transversais que articulen o continuo urbano á vez que lle outorgan permeabilidade; reestruturación das vías para que a implantación de modos de transporte colectivo e de mobilidade alternativa (a pé e en bicicleta); e a recuperación e valorización da paisaxe natural e dos espazos urbanos asociados ao litoral.

Agregado urbano Vigo-Nigrán



Agregado urbano litoral

1. Ferrol – Pontedeume e A Coruña
2. A Coruña – Miño
3. Vilagarcía – Cambados
4. Portonovo – Pontevedra
5. Pontevedra – Bueu
6. Cangas – Moaña
7. Baiona – Vigo – Redondela

O agregado urbano, no ámbito de estudo do POL, supón un 10,29% do total de asentamentos, ocupando unha superficie de aproximadamente 693,75 ha. Como se amosa na seguinte imaxe, diferéncianse estes tramos:

5.- **Nova agrupación:** recolle conxuntos de edificacións que responden a modernas implantacións no territorio diferentes das de carácter tradicional e que, porén, pola súa morfotipoloxía, os servizos e equipamentos dos que contan a súa intensidade e relación entre as edificacións non constitúen un núcleo de poboación atendendo aos criterios de sostibilidade. Do conxunto de asentamentos totais, os cales ocupan unha superficie de 6.738,30 ha, 881,36 ha pertencen a estes asentamentos de nova agrupación, localizándose nos ámbitos máis fráxiles desde o punto de vista ambiental e de paisaxe. A pesar da súa escasa entidade, representan o 13,07%, este modelo de ocupación xerou fortes impactos entre os que podemos destacar o aumento da mobilidade, a fragmentación dos ecosistemas ou a transformación da paisaxe entre outros.



6.- **Ámbitos de recualificación:** dos anteriormente descritos, o 26,71% destas novas agrupacións atópase a 200 metros da ribeira do mar e o 51,63% a 500 metros. É por isto que se identificaron unha serie de ámbitos cuxa mellora é necesaria mediante a incorporación de elementos de vertebración ambiental e funcional. Son, polo tanto, aquelas áreas de carácter residencial, produtivo, de servizos ou análogas, desvinculadas dos núcleos fundacionais, localizadas en ámbitos de necesaria revalorización.

Son froito do proceso de ocupación das áreas costeiras que experimentou non só Galicia, senón toda a costa europea nas últimas décadas.



3. O PLANEAMENTO TERRITORIAL

Tal e como vimos no capítulo destinado ao marco xurídico, a **Lei 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do territorio de Galicia** ten como finalidade favorecer o emprego racional do territorio galego e protexer o medio natural, mellorar a calidade de vida e contribuír ao equilibrio territorial, para o cal crea e regula os seguintes instrumentos:

- Directrices de ordenación do territorio.
- Plans Territoriais Integrados.
- Programas coordinación de actuación.
- Plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.
- Plans de ordenación do medio físico.

3.1. AS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

As Directrices de ordenación do territorio (www.cmati.xunta.es) son un instrumento de carácter global, expresión da política territorial, que han de constituír o marco xeral de referencia, establecendo as pautas espaciais de asentamento das actividades, de acordo coas políticas sociais, económicas e culturais emanadas da Comunidade, integrando, se é o caso, as emanadas desde o Estado, así como as propostas que xurdan desde as entidades locais.

As Directrices, xunto co Plan de ordenación do litoral, constituén o marco para unha xestión integrada deste espazo singular.

- Os criterios fundamentais que constituén as liñas estratéxicas oriéntanse a:
- Favorecer a compactidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e prever a urbanización difusa
- Fortalecer os núcleos tradicionais, o litoral e valorizar o territorio
- Mellorar a accesibilidade e mobilidade no territorio
- Protexer o patrimonio natural e cultural
- Incorporar a perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental
- Afianzar o protagonismo exterior de Galicia

As Directrices de ordenación do territorio fundaméntanse no concepto de desenvolvemento sostible que se incorpora plenamente ás políticas económicas, ambientais e territoriais, propiciando un marco fundamentado nun uso racional dos recursos do territorio, favorecendo a optimización do seu aproveitamento, así como establecendo os criterios que garantan o desenvolvemento das actividades produtivas e dos desenvolvementos urbanos sen que iso supoña unha deterioración irreversible dos recursos e das condicións ambientais. As Directrices confírenlle ao Plan de ordenación do litoral unha serie de funcións que permita unha xestión integrada deste espazo singular:

- A concreción do ámbito litoral da Comunidade de Galicia, obxecto de ordenación, considerado no seu conxunto o litoral, como unha entidade continua e única, dotada dun alto valor que ten que ser protexido desde unha perspectiva integral, dentro da política de desenvolvemento sostible.
- A protección e conservación dos recursos naturais do litoral, a través do establecemento de criterios para o mantemento e custodia dos elementos naturais, das praias e, en xeral, da paisaxe litoral.
- A sinalización daqueles ecosistemas litorais e costeiros, praias e unidades xeomorfolóxicas e paisaxísticas, cuxas características naturais, actuais ou potenciais xustifiquen a súa conservación e protección.



- A protección e conservación do patrimonio natural e cultural do litoral a través do establecemento de criterios para a protección de todos os elementos que configuran a paisaxe litoral.
- A fixación de criterios, principios e normas xerais para a ordenación territorial dos municipios costeiros da Comunidade Autónoma de Galicia propiciando a ordenación dos usos do solo, dentro das categorías de ordenación en relación ás unidades paisaxísticas.
- A elaboración dunha normativa de aplicación nas distintas categorías que constitúa o marco de ordenación a partir do cal regular e controlar os usos e actividades localizadas no litoral, desde a perspectiva da necesaria protección e conservación das súas características e valores naturais.
- Establecemento dun marco básico de referencia para a integración de políticas territoriais e actuacións urbanísticas, tendo en conta a sostibilidade dos recursos naturais do litoral.
- O logro dunha óptima coordinación de actuacións territoriais e urbanísticas entre as administracións que interveñen no litoral e a súa contorna terrestre (Administracións Central, Autonómica e Local) baixo o previo e obrigado respecto ás competencias administrativas de cada parte e dos mecanismos de coordinación en vigor. O POL ten que ser un instrumento de desenvolvemento sostible para a valorización da costa, permitindo un goce público sen degradar o medio.
- A constitución da base para a elaboración dun programa coordinado de actuación do espazo litoral e a proposta de actuacións para a conservación e restauración do espazo costeiro.


Nas DOT, expóñense algunhas propostas orientadas a dotaren o litoral galego dunha estrutura territorial máis coherente, atractiva e sostible que permita preservar os valores singulares deste espazo e que, á vez, contribúa decisivamente á dinamización económica do territorio e a unha eficaz organización dun sistema de asentamentos policéntrico no complexo espazo costeiro:

“O litoral verde”

Confórmano espazos de singular valor paisaxístico ou ecolóxico que resultan imprescindibles para manter o equilibrio ambiental da nosas costas e para preservaren elementos moi valiosos que contribúen decisivamente ao atractivo de Galicia. Os criterios principais que se propoñen para o tratamento destes espazos céntranse en preservar a súa calidade ambiental e paisaxística, evitando a súa ocupación por usos urbanísticos de calquera tipo; a restauración de impactos e puntos de degradación e a xestión activa para a mellora e o mantemento dos seus valores naturais e visuais. Do mesmo xeito, propónse vincular aquelas das súas áreas que presenten as características axeitadas aos espazos urbanos e áreas rurais próximas, como Áreas de interpretación da natureza, de forma que se revalorice o seu papel, que se materialicen en ferramentas de educación ambiental e se alcancen niveis de uso axeitados nos ámbitos de interese natural garantindo unha oferta suficientemente ampla como para evitar procesos de deterioración e exceso de explotación.

É importante facer mención especial ás praias, que supoñen o 35% da liña de costa. Son espazos que se atopan sometidos a crecentes presións, polo que é importante desenvolver unha protección integral destes espazos para evitar, entre outras cousas, a súa alteración.





Núcleos de identidade do litoral

“A senda dos faros”

Propónse como unha actuación orientada a completar e axeitar percorridos brandos e continuos para o seu uso por peóns e bicicletas que permita percorrer todo o litoral galego proporcionando un elemento de goce do mar como escenario paisaxístico visible ao longo de todo o seu desenvolvemento e no que instalacións tradicionais como faros costeiros actúan como elementos de acollida e servizo aos usuarios.

Trátase, ademais, dun camiño físico, dun percorrido no espazo e no tempo, polo que percorrer este camiño supón un recoñecemento do sistema costeiro e, ao mesmo tempo, unha experiencia sensorial.

Entre outras cousas, este percorrido leva implícito ademais da xeración de novos motores económicos e culturais pola atracción que suporá para os núcleos polos que pase, a rexeneración das zonas costeiras que se atopan na actualidade deterioradas.

“Espazos turísticos”

No litoral de Galicia, o turismo presenta aínda un desenvolvemento moi escaso en comparación co que ocorre noutras zonas costeiras da Península. Trátase dun sistema pouco integrado nos circuitos comerciais e que espacialmente se representa en modelos de ocupación extensivos, con predominio de vivenda unifamiliar, predominando máis o modelo de desenvolvemento inmobiliario que o propiamente turístico e cunha forte estacionalidade.

Considérase que Galicia ten que seguir a apostar polo turismo como un dos sectores importantes da súa economía, desenvolvendo ámbitos nos que a oferta de aloxamento se oriente prioritariamente a conseguir unha certa concentración de prazas de hotel e apartamentos de carácter moi dinámico, destinadas a estancias curtas e orientadas a satisfacer demandas turísticas singulares que reduzan a estacionalidade e proporcionen un posicionamento máis favorable a un territorio con escasa tradición turística. Propónse un modelo sostible de deseño do litoral galego como distintos espazos de destino turístico. Este modelo distingue unha serie de elementos, onde destacan os Nodos principais, que son vilas con entidade suficiente para melloraren a posición de Galicia nos grandes mercados turísticos, e a partir dos que impulsar un maior desenvolvemento desta actividade. Outros elementos destacados serían os Nodos secundarios, entidades con relevantes complexos de atracción, que completan a configuración de cada espazo en conxunto, e as portas de acceso, ámbitos de confluencia das infraestruturas que permiten a entrada de visitantes.

“Os núcleos de identidade do litoral”

As Directrices de ordenación do territorio recollen un gran número de núcleos ou puntos singulares que constitúen referentes de identidade urbana e territorial. Trátase de asentamentos tradicionais cuxa localización estratéxica na beira costeira lles confire unha singularidade que os fai merecedores dun tratamento específico.

O factor definitorio de todos eles é o de dispoñer de trazos de interese e atractivo que os doten de potencial para xogaren un papel específico no modelo territorial deste ámbito. O concepto de rede é fundamental nesta formulación, xa que só a partir dunha estrutura coherente e integrada do conxunto dos Nodos de identidade toma sentido e importancia a diversidade e singularidade de cada un deles.

As Directrices de ordenación do territorio, destinadas a esbozar os trazos do que se pretende que sexa o Modelo Territorial de Galicia cun longo percorrido temporal, recoñecen a importancia estratéxica do litoral. O presente Plan de ordenación do litoral articula as medidas necesarias para que o seu desenvolvemento garanta o equilibrio territorial respecto das áreas interiores e sirva para impulsar a consolidación do sistema urbano atlántico.

Analizando o papel do litoral no conxunto do territorio galego, de onde emanan as orientacións sobre da súa ordeñación, constrúese o armazón teórico e metodolóxico que garantirá a vertebración efectiva entre este ámbito e o resto do territorio, en definitiva, o que se persegue é a identificación destes núcleos para o desenvolvemento das novas actividades e funcións no contexto dunha estratexia de reequilibrio territorial.

O presente documento asume as propostas específicas das DOT orientadas a dotar o litoral dunha estrutura territorial máis coherente, ao tempo que pretende completalas e profundar na súa capacidade, así:

A protección dos “escasos espazos que manteñen certo grao de integridade ambiental” e a súa vontade de facelos accesibles á poboación reúnen na concepción integral do territorio a través da paisaxe que achega o presente documento.

A creación dun percorrido peonil costeiro continuo recóllese, seguindo o espírito emanado das DOT, no Título IV, Capítulo 3 do POL, que incorpora as determinacións e criterios para a elaboración dun camiño dos faros para desenvolver mediante un ou varios plans especiais.

A defensa da importancia do turismo como modelo de desenvolvemento socioeconómico foi tido en conta para a definición do modelo ao mesmo tempo que a súa compatibilidade e complementariedade co resto de actividades produtivas e económicas.

Recóllese a figura dos Núcleos de identidade do litoral aínda que estes se describen cunha metodoloxía propia, atopándose recollidos no Anexo 2 deste documento.

3.2. OS PLANS TERRITORIAIS INTEGRADOS

Os Plans territoriais integrados están dirixidos á organización de áreas xeográficas supramunicipais de características homoxéneas ou a aquelas que, polo seu tamaño ou relacións funcionais, demanden unha planificación infraestrutural, de equipamentos de tipo comarcal e de carácter integrado. Estes plans, que se conciben como plans integrados, terán como obxectivo propio a definición dun modelo territorial que faga compatible o desenvolvemento e a defensa do medio natural co fin de conseguir un crecemento equilibrado e unha mellora da calidade de vida dos seus habitantes.

Tal e como xa vimos nos títulos precedentes, o Plan de ordenación do litoral constitúese como o primeiro Plan territorial integrado dentro dos instrumentos que establece a **Lei 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do territorio de Galicia**, e ten como obxectivo establecer os criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral fundamentada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade.

3.3. OS PROGRAMAS COORDINADOS DE ACTUACIÓN

A **Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia**, como se dixo anteriormente, ten como obxectivo o establecer os criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral, para isto marca os instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento, entre estes están os Programas coordinados de actuación, cuxas funcións veñen establecidas nesa Lei e son as que seguen:

- a) “Formular un programa plurianual, referido á totalidade do ámbito comunitario ou a algunhas das súas áreas, de carácter sectorial ou intersectorial, integrando as actuacións propostas polas distintas administracións ou organismos públicos que operen no ámbito da Comunidade Autónoma.
- b) Determinar, conxuntamente e de acordo co réxime de competencias establecido pola lexislación vixente, as administracións ou organismos responsables da súa execución e, no seu caso, os criterios para

establecer os necesarios acordos ou convenios entre as administracións públicas que deban proceder ao seu desenvolvemento conxunto”.

Na actualidade e até a data, non se realizou ningún.

4. O PLANEAMENTO SECTORIAL

Nos últimos anos, Galicia viviu a realización e posta en marcha de distintos plans de carácter sectorial con implicacións no modelo territorial do litoral. Cómpre recoñecer esta situación de partida e analízala para ser capaces de atopar mecanismos de coordinación que superen as posicións de carácter sectorial ou parcial no convencemento dun modelo único de xestión integrada do litoral como mecanismo imprescindible para conseguir unha contorna de calidade.

4.1. RELACIÓN ENTRE OS PLANS TERRITORIAIS INTEGRADOS E OS PLANS SECTORIAIS

Conforme á estrutura territorial que determina a **Lei 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do territorio de Galicia**, e dentro do espírito de complementariedade que confire aos diferentes instrumentos que define, os Plans e Proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal son figuras de ordenación territorial xerarquicamente dependentes dos Plans territoriais integrados que, á súa vez, emanan dos principios establecidos nas Directrices de ordenación do territorio.

En relación co expresado, podemos atopar distintas situacións, en función do nivel de tramitación en que se atopen eses plans. En todo caso, con independencia de cal sexa a situación na que se atope unha determinada actuación, a consideración que merecen estas actuacións deben realizarse no seo dunha política coordinada de Goberno.

Deste modo, os criterios e principios establecidos no POL guiarán as execucións de usos e actividades derivadas das distintas políticas sectoriais.

Desenvólvense a seguir algúns dos máis representativos desde o punto de vista da súa relación co litoral.

4.2. ORDENACIÓN SECTORIAL

O POL é un Plan territorial integrado e, como tal, está vinculado ao que establezan as DOT. Do mesmo xeito, o POL debe coordinar os plans de carácter sectorial co obxectivo de conseguir unha protección e xestión efectiva das zonas costeiras. A continuación, enuméranse os diferentes plans que poderían afectar á ordenación e que teñen incidencia dentro do ámbito do Plan de ordenación do litoral.

4.2.1. Plan galego de Ordenación dos Recursos piscícolas e dos Ecosistemas acuáticos continentais

Instrumento de planificación e ordenación de recursos naturais

Data de aprobación: en fase de elaboración.

Ámbito do Plan: toda Galicia.

Son obxectivos xerais do presente plan:

- Incrementar e mellorar a situación de deterioración na que se atopan boa parte dos recursos piscícolas e dos ecosistemas das augas continentais galegas, a pesar dos esforzos realizados en contra até o momento, empregando para isto os coñecementos máis actuais que están ao alcance desta Administración.

- Incrementar o valor recreativo da pesca a través da diversificación e aumento da calidade da oferta conseguindo paralelamente que aumente a súa importancia como actividade dinamizadora do desenvolvemento económico en zonas rurais.
- Axeitar os medios da Administración ás esixencias que se derivan dunha maior necesidade e dispoñibilidade de información, novas técnicas de xestión e da obriga de atender as demandas sociais que premen en favor de asegurar a conservación da biodiversidade.

As actuacións que pretendan a consecución dos obxectivos xerais deben observar os seguintes criterios orientadores:

- Asegurarase a conservación da biodiversidade e dos recursos xenéticos das poboacións naturais.
- Primarán o mantemento e a mellora das poboacións naturais existentes sobre as técnicas de reforzos de poboacións, repoboacións ou reintroducións.
- O deseño dos plans e as liñas de actuación estará fundamentado no estudo e coñecemento dos sistemas ecolóxicos e das poboacións.
- En todas as actuacións, observarase o principio de precaución recollido na “Declaración de Río” como un dos principios esenciais para o desenvolvemento sostible: calquera actuación humana con posibilidade de causar prexuízos ao medio pode ser vetada por unha decisión política fundamentada exclusivamente en indicios sobre a probabilidade de que aquela resulte perniciosa, sen necesidade de que exista certeza científica diso.
- Asegurarase a continuidade dos plans e programas que se redacten.
- Fomentarase a participación social e a información e divulgación dirixidas tanto ao colectivo de pescadores como á sociedade en xeral.
- Procurarase a coordinación entre as distintas administracións públicas implicadas na consecución dos obxectivos propostos.

De forma complementaria ás directrices que emanan do Plan, aplicables a toda acción relacionada cos ecosistemas fluviais, este inclúe ou contempla a redacción dunha serie de Plans ou Plans sectoriais a modo de medidas que deben ser atinxidas de xeito inmediato.

- Mellora da accesibilidade
- Designación de masas de especial interese
- Conservación e fomento do salmón atlántico
- Adecuación dos sistemas de xestión pesqueira
- Ordenación de concas
- Inventariado, estudo e control de poboacións
- Divulgación, conservación, formación e fomento da participación pública


O Plan de ordenación do litoral deberá establecer unha xestión coordinada coas determinacións e estratexias deste plan, aínda que como xa comentamos na parte destinada á definición do ámbito, o POL non establece determinacións para as augas, tan só para as zonas intermareais. Porén, si que deben incorporar estratexias de mellora da calidade da auga.

4.2.2. Plan galego de acuicultura

Plan sectorial

Data de aprobación: 28/08/2008.

Ámbito do Plan: litoral de Galicia.



O Plan ten como obxecto o determinar as condicións xerais para o futuro desenvolvemento dun conxunto de instalacións de acuicultura mariña en terra, da que se pretende unha función estimulante da reactivación económica das áreas implicadas.

A continuación, citamos unha serie de propostas do Plan sectorial:

- Definen o ámbito de cada actuación, que poderá ser readaptado polos proxectos sectoriais que o desenvolvan, en razón do cambio de escala desta determinación ou por outras causas debidamente xustificadas, sempre que non supoña unha alteración igual ou superior ao 10% (tanto por exceso como por defecto) respecto ao ámbito delimitado no Plan sectorial. Esta porcentaxe entenderase sen prexuízo do que resulte do proceso de aprobación do proxecto, en función do cumprimento de todas as determinacións que se inclúen na memoria ambiental do presente Plan.
- Definen para cada instalación os parámetros urbanísticos e demais condicións técnicas, estéticas e ambientais.

- Indícanse orientativamente as directrices de ordenación de cada ámbito, na descrición pormenorizada de cada localización e en particular na súa ficha resumo, que poderán ser modificadas no proxecto sectorial sempre que se manteñan os parámetros urbanísticos e demais condicións técnicas, estéticas e ambientais.

El Plan de ordenación do litoral debe establecer as bases de reflexión para o desenvolvemento destas actividades para futuros Plans sectoriais de acuicultura. Non se trata tanto de coartar as implantacións recollidas no plan acuícola como redirixir as novas implantacións co obxectivo de conseguir unha xestión dos recursos acuícolas integrada coas características ambientais, naturais e paisaxísticas das zonas costeiras.

4.2.3. Plan Director das instalacións náutico-deportivas

Plan Sectorial

Data de aprobación: en fase de elaboración.

Ámbito do Plan: litoral de Galicia.

- Os obxectivos propostos polo Plan Director das instalacións náutico-deportivas de Galicia, clasifícanse en dous grandes grupos:
- Obxectivos macro, que atinxen as metas específicas propias do Sistema portuario galego.
 - Política estratéxica común.
 - Adecuación da oferta á demanda con criterios de sustentabilidade e viabilidade.
 - Creación dun sistema portuario galego.
 - Reequilibrio territorial.
 - Oferta diversificada.
 - Priorización das iniciativas.
 - Fomento do amarre seco / evitar fondeadoiros non controlados.
 - Fomento do cliente forasteiro.
 - Integración dos actores (concello, Xunta, Costas, Portos de Galicia, etc.): ferramentas de planificación.
- Obxectivos micro, que abranguen metas marcadas para as instalacións náutico-recreativas.
- Integración dos actores (Concello, Xunta, Costas, Portos de Galicia, etc.): ferramentas de planificación
 - Mellora na calidade dos servizos.
 - Mellora na funcionalidade das instalacións.
 - Mellora na xestión ambiental.
 - Mellora na explotación / xestión.
 - Melloras na seguridade portuaria.


4.2.4. Plan MOVE e Plans de actuación no ámbito das infraestruturas

Plan sectorial, plans de actuación

Ámbito: Galicia.

Data do Acto de Presentación do plan MOVE: 18/09/2009.

O **Plan MOVE** é un Plan de mobilidade e ordenación viaria estratéxica para o 2010-2015 que establece as orientacións estratéxicas en materia de infraestruturas de transporte coa finalidade de facilitar a mobilidade das persoas e o acceso aos mercados, contribuíndo deste modo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.



Plan de Movilidade e Ordenación Viaria Estratéxica (Plan MOVE)

- vías de Altas Prestacións. Ministerio de Fomento
- vías de Altas Prestacións. Xunta de Galicia. En servizo 31/12/2017
- Actuacións en vías de Altas Prestacións. Xunta de Galicia. Horizonte 2020

Os seus obxectivos principais son:

- Completar a articulación da rede de infraestruturas de transporte de Galicia co exterior e a conexión entre os principais eixes interiores.
- Axeitar o transporte nos medios urbanos, mellorando a accesibilidade dos diferentes ámbitos funcionais do territorio desde unha perspectiva metropolitana.
- Garantir que o 80% da poboación se sitúe a menos de 10 minutos dunha Vía de Altas Prestacións (VAP).
- Mellorar a seguridade das vías, reducindo nun 50% o número de vítimas de accidentes de circulación nas estradas galegas no horizonte do ano 2013.
- Elevar o investimento en mantemento, xestión e conservación da rede ao 3% do seu valor patrimonial.
- Flexibilizar o sistema de peaxes nas autoestradas galegas atendendo a criterios de coherencia, globalidade, progresión e universalidade. A peaxe non debe ser unha barreira para a mobilidade das persoas en Galicia.
- Fomentar o uso de sistemas de transporte alternativos ao vehículo privado, a través da implantación de aparcadoiros disuasorios nas contornas das cidades, así como de itinerarios peonís e ciclistas.

Determinacións:

Este Plan define as seguintes actuacións como primordiais para conseguir os obxectivos establecidos no horizonte de 2020:

- Programas de infraestruturas en vías de altas prestacións, estruturais, complementarias e actuacións de apoio.
- Programa de actuacións en medios urbanos: atínxense distintas actuacións necesarias para resolver os problemas existentes no acceso ás grandes cidades.
- Programa de mantemento e conservación.
- Programa de seguridade das vías.
- Programa de I+D+i e mellora da integración paisaxística das estradas.
- Programa de optimización de peaxes.

As determinacións destes plans e programas tómanse como punto de partida para o entendemento do complexo sistema de relacións e infraestruturas de mobilidade no ámbito o litoral. O POL non ten por obxecto incidir nestes plans, pero si establecer políticas de ocupación e usos do solo máis racionais que contribúan a unha diminución das necesidades de desprazamento.

O **Plan de capacidades**, materializado mediante memorias anuais de tráfico, permite definir unha serie de parámetros que se utilizarán como base para regulacións de tráfico e a ordenación e explotación da rede viaria de titularidade autonómica.

O **Plan de seguridade das vías de Galicia 2006-2010** é un proxecto moi ambicioso que está levando a cabo a Xunta de Galicia e que pretende involucrar a todos os axentes que teñen algún tipo de relación coa Seguridade Viaria. O obxectivo deste plan é a diminución do elevado número de falecidos por accidentes de tráfico que se producen nas estradas.

4.2.5. Plan de xestión de Residuos urbanos

Data de aprobación: en fase de elaboración.

Ámbito do Plan: Galicia.

Galicia aprobou o Plan de xestión de Residuos sólidos urbanos no ano 1998, con obxectivos para o período comprendido entre 1998 e 2001, que aínda está vixente. Transcorrida máis dunha década desde está aprobación, a Comunidade Autónoma está en proceso de aprobar un novo documento que cubra as actuais demandas da xestión de residuos urbanos e que se incorpore ás novas esixencias técnicas e normativas que foron xurdindo neste período, así como aquelas que se prevén de cara ao futuro.

Actualmente está a punto de ser aprobado un novo plan que deberá dar resposta aos retos na xestión de residuos sólidos urbáns para o período 2010-2020.

O ámbito territorial de aplicación e execución do Plan é a Comunidade Autónoma de Galicia que, tal e como se recolle na normativa aplicable, é a que ten as competencias para a elaboración de plans autonómicos de xestión de residuos e a autorización, vixilancia, inspección e sanción das actividades de produción e xestión dos residuos.

A Comunidade Autónoma tamén ten competencia sobre calquera outra actividade relacionada cos residuos e non atribuída explicitamente ao Estado ou ás entidades locais.

Nas estratexias para desenvolver polo presente plan, contémpanse a priori os seguintes obxectivos:

- Estabilizar e reducir a produción de residuos en Galicia (peso, volume, diversidade e perigo) e desligar a xeración de residuos do crecemento económico.
- Fomentar a recollida selectiva en orixe, como estratexia para obter materiais de calidade que teñan saída no mercado da reciclaxe.
- Apoiar a xestión e recollida en orixe da fracción orgánica dos residuos urbanos.
- Potenciar un verdadeiro mercado de reciclaxe, baixo criterios de autosuficiencia e proximidade.
- Reducir a vertedura final, especialmente a fracción biodegradable e materiais recuperables.
- Incrementar a autosuficiencia territorial en canto ao tratamento de residuos, reducindo os custos de transporte.
- Incorporar o factor humano nas actuacións de xestión de residuos, maximizar a implicación, coñecementos de poboación e xestores.
- Garantir a calidade e transparencia da información.
- Favorecer a complementariedade dos modelos.
- Potenciar o tratamento de resto para alcanzar os obxectivos de recuperación e redución da biodegradabilidade dos residuos vertidos.

4.2.6. Plan de xestión de Residuos sanitarios

Data de aprobación: en fase de elaboración.

Ámbito do Plan: Galicia.

É obxecto do Plan abordar a problemática da xestión dos residuos sanitarios, xa que estes supoñen un risco polas súas características e o seu volume de xeración, tanto para a saúde humana como para o medio. Para isto, este Plan pretende ser un instrumento básico para a planificación, o control, a coordinación e a racionalización de todas as accións relativas aos residuos sanitarios xerados dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Basicamente, os seus obxectivos poden sintetizarse en:

- Planificación global das actuacións, co obxectivo de lograr unha actuación coordinada e eficaz.
- Determinación dos criterios esenciais para a implantación e financiamento das infraestruturas de tratamento e eliminación.
- Establecemento de prioridades de actuación no ámbito territorial.

4.2.7. Plan de xestión de Residuos industriais e Solos contaminados

Plan Sectorial

Data de aprobación: en fase de elaboración.

Ámbito do Plan: Galicia.

O Plan de Residuos industriais e Solos contaminados de Galicia ten un duplo obxectivo:

- Garantir a xestión controlada dos residuos industriais, así como aplicar a xerarquía de opcións de xestión que recolle a lexislación vixente e que leva a priorizar a prevención e valorización deses residuos fronte a tratamentos finalistas.

- En referencia aos solos contaminados, o Plan velará pola identificación de solos con risco ambiental polo feito de soportar unha actividade de natureza potencialmente contaminante, así como fomentar a adopción das medidas axeitadas no caso daqueles outros solos afectados por unha contaminación efectiva e que requiren de procesos de reparación e restauración.

O Plan de forma específica persegue o seguinte:

- Obxectivos concretos de xestión para os diferentes fluxos de residuos para os que resulta de aplicación.
- Prevé dotar a Comunidade de Galicia daquelas infraestruturas que fagan factible a xestión dos residuos industriais producidos e, en consecuencia, favorecer a aplicación do principio de proximidade.
- Propor aquelas ferramentas e instrumentos que fagan efectivo o principio de responsabilidade do produtor na xestión dos residuos xerados.
- Previr a xeración de residuos industriais, a súa xestión incontrolada e os procesos de contaminación sobre os solos de Galicia.
- Garantir a seguridade nos procesos de transporte dos residuos industriais, así como procurar reducir o seu impacto ambiental.
- Fomentar aquelas actuacións que permitan un bo coñecemento dos modelos de xestión –dos residuos industriais, pero tamén dos protocolos de declaración e actuación ante solos potencialmente contaminados– entre os axentes implicados.
- Levar a cabo aquelas actuacións en materia de investigación, desenvolvemento e innovación que redunden en melloras da xestión dos residuos industriais, así como nos tratamentos de descontaminación e reparación dos solos contaminados.
- Executar aquelas accións en materia de comunicación e coordinación que favorecen o coñecemento dos dereitos e deberes entre os diferentes axentes implicados na xestión de residuos industriais e solos contaminados.

O Plan ten que incidir en crear un contexto favorable para a xestión axeitada dos residuos industriais e dos solos contaminados en Galicia, o que leva a considerar algunhas necesidades que o Plan deberá satisfacer:

- Consolidar o Rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, a fin de que este constitúa un reflexo fidedigno do escenario real de xestión destes residuos. Neste senso, será indispensable articular aqueles instrumentos que aseguren o control dos produtores, os xestores e das súas actividades respectivas.
- Desenvolvemento das infraestruturas necesarias e suficientes para dar cobertura aos obxectivos de xestión que o Plan presenta.
- Dar cumprimento á cada vez máis abundante normativa vixente e ás respectivas esixencias de xestión que impón.
- Prever aqueles indicadores que teñen que permitir un seguimento das actuacións propostas e unha adaptación progresiva da xestión a medida que se obteñen resultados.

4.2.8. Plan de Acción contra o cambio climático

Data de aprobación: en fase de elaboración.

Ámbito do Plan: Galicia.

Galicia leva traballando no tema desde finais do século XX. En 2005, presentouse a Estratexia de acción fronte ao cambio climático, e agora acábase de presentar un Programa marco 2010-2020. O primeiro bloque, até 2012, estrutúrase en tres partes. Tratará de incrementar a observación, a investigación e a adaptación. Ademais, fomentará a formación e concienciación cidadá e traballará para reducir as emisións.

As emisións da industria están reguladas polo plan estatal de emisións do Goberno central. Desde a Comunidade Autónoma pode promoverse a eficiencia enerxética dos edificios, promovendo a instalación de paneis solares ou outro tipo de tecnoloxías, fomentando os coches híbridos.

O Programa marco contra o cambio climático é un programa transversal, ao que deben contribuír todos os instrumentos promovidos desde a Comunidade Autónoma e, polo tanto, tamén o POL.

Algúns dos obxectivos específicos son:

- A mellora do coñecemento do clima de Galicia e a avaliación que o cambio climático pode ter no seu territorio.
- Controlar as emisións de GEI de Galicia, mediante a definición das liñas que deben seguir as políticas sectoriais.
- Promoción de medidas de apoio aos sumidoiros de carbono, como parte esencial para a solución do problema.
- Estudo dos principais impactos e das súas consecuencias e da forma de minimizar os impactos derivados de cada área de actividade.

Xa comentamos que o desenvolvemento económico das últimas décadas en Galicia e, en particular no litoral, provocou un cambio na estrutura da poboación, pasando dunha poboación maioritariamente rural a unha poboación de carácter urbano ou semiurbano. Neste contexto, as medidas para reducir o consumo de enerxía e limitar a emisión de gases efecto invernadoiro poden ser socialmente difíciles de implantar.

Desde o Plan de ordenación do litoral pode colaborarse na mitigación das causas do cambio climático, impulsando un modelo territorial que reduza a mobilidade, posto que o consumo enerxético e a emisión de gases de efecto invernadoiro están altamente relacionados co modelo de desenvolvemento territorial e urbano.

E ademais, ten un papel relevante na adaptación aos seus posibles efectos, posto que debe considerar a súa afección sobre a dinámica costeira e sobre os sistemas fluviais, identificando as áreas de fluxo preferente nas inundacións.

4.2.9. Plan enerxético estratéxico de Galicia

Data de aprobación: en fase de elaboración.

Ámbito do Plan: Galicia.

Este Plan comezou a súa tramitación a finais de 2009 coa información pública da súa Avaliación ambiental estratéxica, unha vez que foi presentado o seu documento de inicio.

O principal obxectivo deste Plan, previsto para os anos 2010-2015, é atender as necesidades de enerxía dos cidadáns, optimizar o seu consumo, reducir o impacto ambiental da súa xeración, transporte e distribución, incrementar a competitividade empresarial, prever as necesidades futuras e planificar o abastecemento establecendo liñas de actuación e definindo as estratexias que se teñen que desenvolver. En definitiva, o que persegue é a mellora continua do sector enerxético galego, en coordinación coas restantes estratexias e plans institucionais sectoriais, tendo en conta criterios de desenvolvemento sostible. Un dos seus obxectivos é integrar e establecer obxectivos comúns entre as distintas medidas aos seguintes plans:

- Plan de aforro e eficiencia enerxética (en fase de elaboración)
- Programa de fomento da enerxía solar (en fase de elaboración)
- Plan de gasificación (en fase de elaboración)

- Plan de mellora da calidade eléctrica (en fase de elaboración)
- Plan de infraestruturas eléctricas (en fase de elaboración)

As principais liñas de actuación sobre as que se asenta o Plan fundaméntanse nos criterios establecidos pola Xunta de Galicia, nas directrices enerxéticas e de desenvolvemento sostible da Unión Europea e nos condicionantes económicos, sociais e territoriais de Galicia, os cales se resumen en:

- Que a enerxía contribúa a dinamizar a economía de cara a favorecer o crecemento económico, como consecuencia dun maior aproveitamento dos recursos endóxenos e de todas as posibilidades económicas de Galicia.
- Intensificar as medidas de aforro e eficiencia enerxética co obxectivo de reducir as taxas de consumo e incrementar a competitividade.
- Diversificar as fontes enerxéticas apostando por un forte desenvolvemento do gas natural e intensificar os esforzos tendentes a un maior aproveitamento dos recursos autóctonos e das enerxías renovables en particular, de cara a diminuír a dependencia enerxética do exterior.
- Garantir unha subministración fiable mediante o desenvolvemento de novas infraestruturas enerxéticas de electricidade e gas, especialmente no ámbito rural, atender á subministración de electricidade ao tren de alta velocidade e á evacuación de novos proxectos de xeración.
- Máximo respecto ambiental, contribuíndo ao cumprimento dos obxectivos establecidos no Protocolo de Kioto e á mellora da calidade ambiental a nivel local.
- Formación e concienciación da cidadanía para limitar a demanda enerxética.
- Fomentar a investigación, o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica no campo enerxético, especialmente no campo da eficiencia e das enerxías renovables.

Estas liñas de actuación reflíctese nos seguintes obxectivos:

- Aforro enerxético.
- Respecto ao medio natural.
- Garantía de subministración e diversificación das fontes de enerxía.
- Infraestruturas de transporte.
- Infraestruturas de distribución.
- Concienciación da cidadanía.

4.2.10. Plan Sectorial de enerxía eólica


Data de aprobación: 05/12/2002.

Ámbito do Plan: rexional.

As áreas de potencial eólico son aquelas áreas de incidencia territorial, identificadas mediante coordenadas poligonais, nas que se estima a existencia de recursos eólicos aproveitables. Categorízanse en:

- 98 áreas de investigación de plans eólicos estratéxicos, de 472.761 ha.
- Áreas de reserva, nas que se estima poden existir recursos eólicos aproveitables.

Este Plan ten por obxecto impulsar o desenvolvemento da política enerxética galega e regular a forte compoñente territorial das instalacións produtoras cuxa incidencia no territorio galego –polas características especiais do interese público que representan– transcende do termo municipal no que se localizan. Trátase do documento no que



Plan Sectorial Eólico

- Áreas definidas polas coordenadas que se inclúen no PS Eólico
- Áreas que se reducen con respecto ás que orixinalmente estaban incluídas no PS Eólico
- Áreas nas que unicamente é posible solicitar repotenciacións de parques existentes

se recollen as accións que hai que desenvolver no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia relacionadas coa enerxía eólica, planificando a investigación e desenvolvemento deses recursos, así como a infraestrutura tanto eléctrica como industrial necesaria para a súa implantación.

- As determinacións do Plan fundaméntanse nos seguintes principios, dos que resulta a incidencia supramunicipal do presente Plan sectorial:
- A posibilidade de asentamento de aproveitamentos eólicos na maioría das áreas de investigación que constitúen o Plan eólico de Galicia.
- Desenvolvemento das políticas enerxéticas coherentes coas da Unión Europea.
- A contribución ao desenvolvemento sostible, social e económico de Galicia.
- A necesidade da planificación integral, coordinando as planificacións territoriais, industriais, ambientais e enerxéticas.

O desenvolvemento eólico previsto ten que realizarse, como é lóxico, integrándose axeitadamente no territorio, tendo en conta ademais o necesario respecto ao medio e modulando do impacto que sobre el teñen as instalacións produtoras, mediante a formulación das correspondentes Declaracións de impactos ambientais.

É importante sinalar a categorización para os parques eólicos localizados no noso ámbito:

- Tipo I: englobanse dentro deste grupo aquelas áreas definidas polas coordenadas que se inclúen no Plan sectorial eólico de Galicia. A súa afección no Ámbito de estudo do POL é de 28.170,49 ha.
- Tipo II: son aquelas áreas ás que se reducen con respecto ás que orixinalmente estaban incluídas no Plan sectorial eólico. A súa afección no Ámbito de estudo do POL é de 111.374,38 ha.
- Tipo III: son as áreas nas que unicamente é posible solicitar a repotenciación dos parques existentes e cos requirimentos establecidos nesta orde. A súa afección no Ámbito de estudo do POL é de 612,5 ha.

O Plan de ordenación do litoral debe establecer as bases de reflexión para o desenvolvemento destas actividades para futuros Plans sectoriais eólicos. Non se trata tanto de coartar as implantacións recollidas no vixente plan como redirixir as novas implantacións co obxectivo de conseguir unha xestión dos recursos integrada coas características ambientais, naturais e paisaxísticas das zonas costeiras.

4.2.11. Plan sectorial hidroeléctrico de Galicia Costa

Data de aprobación: 29/11/2001. Actualmente atópase en fase de elaboración un novo plan.

Ámbito do Plan: concas hidrográficas da demarcación de Galicia Costa.

O Plan de ordenación do litoral debe establecer os ámbitos nos cales teñen cabida estas actividades para futuros Plans Sectoriais. Non se trata tanto de coartar as implantacións recollidas no vixente plan como de redirixir as novas implantacións co obxectivo de conseguir unha xestión dos recursos integrada coas características ambientais, naturais e paisaxísticas das zonas costeiras.

4.2.12. Plan de abastecemento

Data de aprobación: en fase de elaboración.

Ámbito do Plan: o Plan contempla actuacións nas catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito administrativo e no marco de catro plans de conca diferentes no ámbito hidrolóxico.

Este Plan xorde ante a necesidade de dispoñer dunha ferramenta de xestión e ordenación do abastecemento da Comunidade Autónoma galega e de definir a política que hai que seguir en materia de augas para o abastecemento, acorde coas novas tendencias e os novos requisitos legais establecidos principalmente na Directiva Marco da Auga (2000/60/CE) e no Real Decreto 140/2003 polo que se establecen os criterios da calidade da auga de consumo humano.

- Os principios xerais que rexen o presente Plan poden resumirse nas seguintes ideas principais:
- Compromiso cunha utilización máis sostible dos recursos.
- A auga non é un ben comercial, senón un patrimonio que hai que protexer.
- Cumprimento estrito da lexislación presente e futura.

- A necesidade de transformar o concepto de consumo de auga e transmitir ao usuario a idea do ciclo da auga.
- Responsabilidade compartida, na que todos os axentes sociais deben ser partícipes das solucións adoptadas.
- Fomento da educación e toma de conciencia para lograr un desenvolvemento sostible.
- Subministración de auga con alta garantía en cantidade e calidade, tanto no medio rural como no medio urbano.

A partir disto, entre outras cosas, os obxectivos fundamentais para este Plan son os seguintes:

- Garantir as necesidades actuais e futuras de abastecemento de auga potable a todos os núcleos de poboación que superen os 50 habitantes.
- Planificar as infraestruturas de captación, regulación, transporte, tratamento e distribución necesarias para corrixir as situacións de infradotación de caudais, garantindo a subministración mesmo nos períodos de seca.
- Planificar o tratamento das augas para axeitar a súa calidade aos requisitos da normativa sanitaria vixente.
- Planificar as infraestruturas necesarias de interconexión entre sistemas de abastecemento, co fin de que os recursos estean a disposición do máximo número de usuarios.
- Propoñer medidas dirixidas a unha xestión máis eficaz e eficiente dos sistemas de abastecemento.
- Propoñer instrumentos e medidas para fomentar o uso racional e de aforro da auga.
- Ordenar, elaborar e tratar axeitadamente a información obtida, e dispor das ferramentas informáticas necesarias para xestionar os investimentos futuros en infraestruturas de abastecemento.

A coordinación do POL con este plan pasa, como en casos anteriores, pola necesidade do establecemento dun modelo territorial que promova un uso racional do territorio e evite os procesos de dispersión. Isto facilitará un uso máis eficiente das infraestruturas de abastecemento.

4.2.13. Plan hidrolóxico Galicia Costa

Data de aprobación: 18/10/2000. Atópase en elaboración un novo Plan hidrolóxico Galicia-Costa.

Ámbito do Plan: a delimitación do ámbito territorial comprende as concas que se atopan integramente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que son as concas dos ríos vertentes ao mar Cantábrico, agás a dos ríos Eo e Navia, e as concas vertentes ao océano Atlántico, coa exclusión dos sistemas Miño-Sil por ser esta tamén unha conca intracomunitaria. Actualmente, atópase en fase de elaboración unha revisión para a adaptación á Directiva Marco da Auga.

Ese ámbito territorial esténdese polas tres provincias costeiras de Galicia, é dicir, Lugo, A Coruña e Pontevedra, atinxindo unha superficie total de 13.072 km².

O Plan desenvólvese nun prazo de vinte anos (2007-2017) dividido en períodos temporais de dez anos cada un.

Desde o Plan xa se establecen unha serie de determinacións que o POL debe recoller co obxectivo de conseguir os obxectivos anteriormente descritos. Estas determinacións pasan por establecer unhas normas para poder protexer os recursos hidráulicos e, en concreto, serán obxecto de especial protección as concas, encoros, leitos e acuíferos seguintes:

- Aqueles con captacións de augas que se destinen ao abastecemento de poboacións.
- Aqueles situados ou que afecten aos Espazos naturais protexidos ou ecosistemas de gran valor (parques, reservas naturais).
- Aqueles susceptibles dun uso recreativo que esixa a súa ordenación correspondente.

O POL debe velar porque estas áreas de especial protección sexan obxecto de adopción de medidas de prevención, regulación de actividades e saneamento que garantan a conservación do seu recurso, a súa calidade e a máxima riqueza ecolóxica e paisaxística da súa contorna.

4.2.14. Plan sectorial de Ordenación territorial de Áreas empresariais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia

Data de aprobación: 27/05/2004. En verán de 2008 comezaron os trámites para deixalo sen efecto. Actualmente, atópase en elaboración un novo Plan sectorial de solo empresarial de Galicia.


As intervencións do Plan articúlanse ao redor de tres eixes de actuación que son a Costa da Morte, o resto da Costa e o Eixe interior, de entre as cales 28 se desenvolven dentro do ámbito do POL, cunha superficie conxunta de 1.103,846 ha.

Este Plan ten por obxecto:

- Coordinar actuacións de diferentes operadores públicos: Instituto Galego da Vivenda e Solo, promotor do Plan para desenvolver polos entes públicos xestores -Xestur da Coruña, Xestur de Lugo, Xestur de Ourense, Xestur de Pontevedra-, a Sociedade Pública *Suelo Empresarial del Atlántico, S. L.* (S.E.A., S. L.) creada para este efecto pola *Sociedad Estatal de Participaciones Industriales y Desarrollo Empresarial*, así como outros entes ou sociedades públicas –mesmo de carácter local– que poidan participar na súa xestión.
- Programar as actuacións públicas en materia de solo empresarial que prevé, para a súa execución no período 2003-2006.
- Establecer as condicións ambientais, paisaxísticas, infraestruturais e de integración territorial que teñen que cumprir por cada unha das actuacións previstas.
- Pór en dimensión e caracterizar as novas ofertas atendendo ás potencialidades da demanda dos ámbitos territoriais que van servir e propondo unha concreta localización para todas e cada unha das actuacións propostas.
- Definir os criterios de ordenación para os proxectos sectoriais que terán que desenvolver o Plan, a fin de mellorar os servizos prestados ás empresas, o atractivo das localizacións e a súa competitividade xeral.

Algunhas destas actuacións son:

- Parques empresariais con ámbito de servizo subrexional, de gran dimensión e con función central/especializada. Dentro do ámbito do POL non existe ningunha destas actuacións.
- Parques de ámbito de servizo subrexional, dimensión intermedia alta e función complexa. Dentro do ámbito do POL atopamos exemplos en Ferrol, Carballo, A Laracha, Mos e Tomiño.
- Parques empresariais con ámbito de servizo comarcal, dimensión intermedia baixa e función principal. No ámbito do POL, existen exemplos desta actuación en: Cee, Vimianzo, Muros, Viveiro, Xove/Cervo, Foz e Lourenzá, Vilanova de Arousa e A Guarda/O Rosal.
- Parques que teñen un ámbito de servizo local, de dimensión básica e función principal complementaria dos parques comarcais. No ámbito do POL, atopamos os seguintes exemplos en Cedeira, Malpica e Laxe, Camariñas, Carnota, Muxía, Porto do Son, Rianxo, Barreiros e Catoira.



O Plan de ordenación do litoral debe establecer criterios e ser o marco dos futuros Plans sectoriais. Non se trata tanto de coartar as implantacións recollidas no vixente plan como redirixir as novas implantacións co obxectivo de conseguir unha xestión dos recursos integrada coas características ambientais, naturais e paisaxísticas das zonas costeiras.

Actualmente atópase na fase de elaboración o novo Plan sectorial do solo empresarial de Galicia, iniciado polo acordo do Consello da Xunta na súa sesión do 18 de febreiro de 2010.

5. O PATRIMONIO NATURAL

A **Lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza** recolle aqueles espazos que conteñen elementos ou sistemas naturais con algún valor particular, ou que se protexen polo seu interese ou singularidade. Inclúese, polo tanto, o patrimonio natural recoñecido tanto nacional como internacionalmente.

No artigo 9 desa Lei recóllense os espazos naturais protexidos clasificados nas seguintes categorías:

- a.) Reserva natural.
- b.) Parque nacional.
- c.) Parque natural.
- d.) Monumento natural.
- e.) Zona húmida protexida.
- f.) Paisaxe protexida.
- g.) Zona de especial protección dos valores naturais.
- h.) Espazo natural de interese local.
- i.) Espazo privado de interese natural.

5.1. REDE GALEGA DE ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS

Creada baixo competencia exclusivamente autonómica, esta Rede recolle os principais ecosistemas, paisaxes ou hábitats galegos que conteñen aqueles lugares necesarios para asegurar a súa conservación.

En comparación coa Lei 9/2001 de agosto, de conservación da natureza, a Rede galega de ENP está composta polas clases anteriores a excepción das dúas últimas figuras da listaxe.

A continuación, defínese cada categoría, atendendo a esa Lei, ademais de cada espazo que se atope dentro do ámbito de estudo do Plan de ordenación do litoral.

5.1.1. Reserva natural

As Reservas naturais son os espazos naturais cuxa declaración “ten como finalidade a protección de ecosistemas, comunidades ou elementos biolóxicos que, pola súa rareza, fragilidade, importancia ou singularidade, merecen unha valoración especial” (Artigo 11).

Nestes espazos, queda limitada, agás excepcións, a explotación dos recursos, ademais prohibese a recolección de material biolóxico ou xeolóxico. Aqueles espazos en estado de conservación poden ser declarados Reserva natural integrada para garantir unha protección absoluta.

No ámbito de estudo do Plan de ordenación do litoral, non existe ningunha Reserva natural catalogada.

5.1.2. Parque

No artigo 12 da citada Lei, defínese Parque como aquelas “áreas naturais, pouco transformadas polas actividades humanas que, en razón da beleza das súas paraxes, da representatividade dos seus ecosistemas ou a singularidade da súa flora, fauna ou formacións xeomorfolóxicas, posúen uns valores ecolóxicos, estéticos, educativos ou científicos cuxa conservación merece unha atención preferente”.

Nestes espazos, facilítase a entrada de visitantes, sempre e cando se garanta a conservación dos valores naturais xustificadas para a creación desta protección.

Os Parques clasifícanse en naturais ou nacionais.

En Galicia, atopamos os seguintes Parques que conxuntamente ocupan 11.289 ha do territorio galego:

- Parque nacional marítimo terrestre das illas Atlánticas de Galicia.
- Parque natural do Monte Aloia.
- Parque natural Fragas do Eume.
- Parque natural do Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán.
- Parque natural das illas Cíes.

Pasamos a continuación a describir aqueles espazos que se atopan total ou parcialmente dentro do ámbito de estudo do Plan de ordenación do litoral, ocupando unha superficie aproximada de 2.511 ha, e empregando como fonte documental a información facilitada na páxina web da Xunta:

- **Parque nacional marítimo terrestre das illas Atlánticas de Galicia e Parque natural das Illas Cíes**

Os arquipélagos de Sálvora, Ons e Cíes, localizados na parte externa da bocana das rías, están sometidos a unha forte influencia oceánica, mentres que o de Cortegada constitúe un sistema insular de estuario, protexido da influencia do mar aberto. Este último arquipélago é, por outra parte, o máis próximo a terra firme e está integrado pola illa de Cortegada e os illotes Malveira Grande, Malveira Pequena, Briñas e O Con. O arquipélago de Sálvora sitúase a uns 4 km da costa e a uns 10 km ao norte de Ons e consta da illa de Sálvora e as moito máis pequenas de Sagres, Vionta, Ervosa e Noro, ademais dun gran número de pequenos illotes e barras rochosas. As illas de Ons e Onza, ademais dos illotes Centolo e Freitosa, este último arquipélago está formado polas illas de Monte Agudo, Faro e San Martiño, así como de varios pequenos illotes (Penela dos Viños, Ruza, Garabelos e Agoeiro).

Toda a área pertence á rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea e subprovincia cántabro-atlántica, adscribíndose ao sector galaico-portugués. O dominio climático é o oceánico húmido con tendencia á aridez estival. Os arquipélagos oceánicos amosan unha notoria escaseza de precipitacións ao comparalos coas zonas continentais próximas, tirando medias anuais de 800-900 mm, e acusan unha notoria seca estival. As temperaturas medias sitúanse ao redor dos 14° C, cunha amplitude térmica de 10 a 19° C. En contraste, o arquipélago de Cortegada enclávase na área de transición entre o dominio climático anterior e o oceánico hiper-húmido e, por outra parte, a súa situación no fondo a ría e a súa proximidade ao continente aproximan as súas características meteorolóxicas ás de terra firme, o que redundará nunha pluviosidade moito máis elevada (1.900-2.000 mm). Nesta zona, as temperaturas medias son lixeiramente superiores (ao redor dos 15° C) e a amplitude térmica máis reducida (12-17° C), pero tamén se acusa una clara seca estival.

En termos xerais, os arquipélagos de carácter oceánico están dominados por extensas frontes de cantís na súa cara de mar aberto. Estas frontes son especialmente abruptas e quebradas, chegando a superar os 100 m de altura e presentando un gran número de covas mariñas (furnas), en Ons e, sobre todo, nas Cíes. A cara oriental das illas é máis suave, con ladeiras de menor pendente, alternando pequenos cantís e diferentes tipos de areas. Aínda gardando esta estrutura básica, a morfoloxía de Sálvora é moito menos escarpada, predominando aquí as ladeiras en suave pendente e os afloramentos rochosos illados, aínda que tamén hai cantís de considerables dimensións nos illotes veciños de Sagres e Noro. Entre os sistemas dunares asociados ás praias, destacan o sistema de praia-barreira de Rodas e as dunas de Figueiras-Muxieiro, ambos nas Cíes, así como a illa Vionta, cuxo perímetro está case totalmente constituído por areas. A vexetación de marisma tamén está presente, aínda que restrinxida a pequenas áreas. A cuberta arbórea autóctona é actualmente reducida, estando as súas mellores representacións en Cortegada e Malveira Grande. No pasado, todos os arquipélagos estiveron habitados, pero na actualidade só a illa de Ons mantén unha pequena poboación de maneira permanente, aínda que tanto esta illa como as Cíes reciben durante a primavera e o verán un gran número de visitantes e turistas. Sálvora e Cortegada son propiedades particulares de acceso restrinxido. Perviven pequenas áreas cultivadas (en Ons) e plantacións forestais en todas as illas grandes (especialmente nas Cíes), así como algunhas edificacións abandonadas e vivendas.

O medio mariño caracterízase pola claridade das augas e as súas temperaturas moderadamente frías, cunha leve influencia cálida provocada pola Corrente do Golfo, amosando unha homoxeneidade vertical no inverno (13-16° C) e unha estratificación no verán (12-18° C) debida ao gradiente térmico producido polo quecemento das capas superiores. As mareas son de réxime semidiúrno, alcanzándose os momentos de preamar e baixamar aproximadamente cada 6 horas, cunha amplitude máxima que rolda os 4 m.

Hábitats terrestres de interese comunitario (incluídos no anexo I da Directiva 92/43/CEE):

- Vexetación anual sobre restos mariños acumulados.
 - Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
 - Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areosas.
 - Campos salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritimae*).
 - Matos halófilos mediterráneos e termoatlánticos (*Sarcocornetea fruticosi*).
 - Dunas móbiles embrionarias.
 - Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
 - Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): dunas grises termoatlánticas (*Crucianellion maritimae*).
 - Dunas con céspedes do *Malcolmietalia*.
 - Dunas con vexetación esclerófila do *Cisto-Lavanduletalia*.
 - Uceiras secas europeas.
 - Uceiras secas atlánticas costeiras de *Erica vagans*.
 - Rochedos silíceos con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dilleni*.
 - Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*.
 - Bosques aluviaais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).
 - Hábitats mariños de interese comunitario (incluídos no anexo I da Directiva 92/43/CEE):
 - Arrecifes.
 - Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda.
 - Lagoas costeiras.
- **Parque natural do Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán**

Excelente exemplo de complexo de barra-lagoa litoral, con extenso sistema dunar en avanzado estado de evolución, de gran valor natural e paisaxístico. Constitúe probablemente a mellor e máis extensa representación deste tipo de ambientes no noroeste de España, albergando unha gran variedade tipos de hábitat en bo estado de conservación nun espazo relativamente reducido.

Pertence á rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea e subprovincia cántabro-atlántica, adscribíndose ao sector galaico-portugués. Dominio climático oceánico híper-húmido (en transición a oceánico húmido con tendencia á aridez estival), cunha precipitación media anual de ao redor dos 1.244 mm, temperaturas medias de 14,6° C e ausencia total de xeadas.

O conxunto xeolóxico do Parque Natural formouse hai 12.000 a 15.000 anos, no Cuaternario. A erosión e a acumulación de area polo vento orixinou unha barreira areosa que pechou a primitiva baía. Formouse así unha masa de auga encorada, que foi enchéndose progresivamente por sedimentos traídos polo vento e os ríos, perdendo profundidade e dando lugar ás actuais terras húmidas do Carregal, que quedou comunicado co mar mediante pequenas canles e constituíu o que actualmente é unha lagoa litoral semicerrada. Os seus fondos máis superficiais, formados por lamas e areas e sometidos á oscilación do nivel da auga debida ás mareas e ás choivas, evolucionou até formar a actual marisma, poboada por plantas adaptadas ao réxime periódico de inundacións e descubertas mareais e á variable salinidade de augas e solos.

A fronte actual do Parque natural constitúe unha serie de praias areosas (A Ladeira-Ferreira, A Lagoa, O Vilar, Angueiro) que, en conxunto, se estenden ao longo duns 5 km, e nas que aparecen algunhas barras rochosas. Estes areas dan paso cara ao interior a varios sistemas dunares ben estruturados, nos que se inclúen diferentes cordóns de dunas primarias e secundarias, extensos campos de dunas semifixas, chairas eólicas, dunas remontantes estabilizadas e varios tipos de corredores e depresións de deflación eólica. Tras a praia da Ladeira, ao norte do espazo natural, atópase unha gran duna móbil, de preto de 1 km de lonxitude, até 250 m de ancho e unha altura duns 15 m; esta duna avanza impulsada polos ventos do suroeste cara ao interior en lento e constante movemento. As barras dunares separan do mar a dúas interesantes zonas húmidas: a lagoa e marisma do Carregal, que se prolonga na lagoa de Artes, e a lagoa de Vixán, ao sur da zona. No Carregal, conflúen varios cursos de auga (Longo, Sirves, Artes e Cidade) e mantén contacto co mar mediante unha canle natural de aumento, polo que se ve sometido regularmente ás mareas e mantén vexetación halófila, aparecendo nel diferentes tipos de salgaduras e xunqueiras. A lagoa de Vixán, pola contra, está illada normalmente do mar, e as súas augas son doces ou debilmente salobres, o que facilita o desenvolvemento dun amplo cinto de vexetación helofítica, con predominio de carriceira. O espazo natural vese completado por pequenos tramos de costa rochosa baixa nos seus extremos setentrional e meridional (Corrubedo, punta Corbeiro), piñeirais de repoboación (en gran parte sobre terreos areosos), áreas cultivadas e, xa fóra dos seus límites, unha ampla baía mariña.

Ademais dos hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE) relacionados máis abaixo, o Parque natural conta con boas mostras de vexetación helofítica (fundamentalmente carriceiras) na lagoa de Vixán.

- Estuarios.
- Lagoas costeiras.
- Vexetación anual sobre restos mariños acumulados.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areosas.
- Campos salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritimae*).
- Matos halófilos mediterráneos e termoatlánticos (*Sarcocornetea fruticosi*).
- Dunas móbiles embrionarias.
- Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
- Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): dunas grises termoatlánticas (*Crucianellion maritimae*).
- Dunas con céspedes do *Malcolmietalia*.
- Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas (*Littorelletalia uniflorae*).
- Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*.
- Estanques temporais mediterráneos.
- Uzais húmidos atlánticos de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.
- Uzais secos europeos.
- Uzais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*.
- Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do *Molinio-Holoschoenion*.

5.1.3. Monumento natural

Segundo o artigo 13, englobase en Monumentos naturais aqueles “espazos ou elementos da natureza constituídos basicamente por formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza que merecen ser obxecto dunha protección especial.” E ás “formacións xeolóxicas e demais elementos da xea, así como os depósitos paleontolóxicos, que reúnan un interese especial pola singularidade ou importancia dos seus valores científicos, culturais ou paisaxísticos”.

Nestes espazos, admítense aqueles usos ou actividades nos que non se poña en perigo a conservación dos valores polos que se declararon eses espazos.

En Galicia, atopamos os seguintes Monumentos naturais, que conxuntamente ocupan unha superficie aproximada de 300 ha:

- Souto da Retorta
- A praia das Catedrais
- Costa de Dexo

A continuación, descríbese polo miúdo aqueles espazos que se atopan total ou parcialmente dentro do ámbito de estudo do POL, ocupando conxuntamente unha superficie aproximada de 266 ha:

- **A praia das Catedrais**

Fronte costeira, orientada en dirección leste-oeste ao longo da franxa cantábrica, con pequenos cantís mariños e praias de area intercaladas entre pequenos promontorios e illotes, de grande interese xeomorfolóxico e paisaxístico. Inclúe una pequena superficie de augas mariñas (20 ha).

A área pertence á rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea e subprovincia cántabro-atlántica, adscribíndose ao sector Galaico-Asturiano. Dominio climático oceánico húmido, cunha precipitación media anual de 1.019 mm, temperaturas medias de 13,9° C e ausencia de xeadas. A franxa cantábrica, plataforma de abrasión mariña emerxida durante o Terciario, que se estende na súa maior parte por Asturias, atópase aquí preto do seu límite occidental, formando un chanzo claramente perceptible ao longo da fachada de cantís deste monumento natural. A intensa erosión exercida polo mar sobre estes pequenos pero verticais cantís, formados principalmente por xistos e lousas, en conxunción co alto grao de facturación dos materiais, favorece a formación dun extenso sistema de furnas (covas mariñas), bufadoiros, arcos e illotes. Estas formacións son produto do esborrallamento das bóvedas de antigas grutas mariñas, en puntos de fractura dos cantís. Durante as baixamares, a meirande parte das calas entre cantís descobre e amosa fondos intermareais areosos finos, que conforman as praias de Augasantas, As Catedrais, Carricelas, Esteiro, Cadramón e Seborello.

Aínda unha gran parte do espazo natural límitase á área do dominio público marítimo-terrestre, tamén inclúe na súa parte occidental unha extensión de uzal-toxeira aerohalino, no que destaca a presenza da uz (*Erica vagans*) e do toxo (*Ulex europaeus* subsp. *europaeus* f. *maritimus*), que caracterizan a estes matos costeiros da franxa cantábrica, considerados hábitat prioritario pola Directiva Hábitats. A vexetación halocasmofítica, propia dos cantís e da que hai unha importante mostra na zona, está tamén integrada por asociacións endémicas da franxa cantábrica, nas que entra *Armeria pubigera* subsp. *Depilata*.

- **Costa de Dexo**

Fronte costeira aberta entre as rías da Coruña e de Ares e Betanzos, cunha importante extensión de cantís mariños, illotes e vexetación de herbas e matos costeiros en bo estado de conservación, de grande interese pola súa xeomorfoloxía e alto valor paisaxístico. A relevancia e singularidade deste espazo natural vese potenciada por atoparse encravado nunha das zonas máis densamente poboadas e transformadas de Galicia (área metropolitana da cidade da Coruña).

Esténdese pola franxa litoral entre o cabo de Mera e o porto de Lorbé (aproximadamente 11 km de costa), cun rango de altitudes vai dos cero aos 38 m s.n.m. Desde o punto de vista xeolóxico, a zona encádrase totalmente na unidade de xistos cristalinos de Bergondo, rochas metamórficas moi sensibles á meteorización física, o que se reflicte na paisaxe de cantís fortemente erosionados e con perfil costeiro serrado, con numerosas calas e

enseadas, algunhas rematadas en pequenas praias encaixadas (Fontenla, Canabal, Porto de Dexo, A Garroteira, entre as maiores), furnas (covas mariñas) e algúns illotes (Insua do Seixo, O Marolete, A Marola, Serrón da Torre-lla), de altura en xeral media ou baixa e sen apenas afloramentos rochosos por riba dos cantís. Como excepción, na punta do Seixo Branco pode observarse unha rechamante veta de pórfiro granítico, que dá nome a este lugar.

A área pertence á rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea e subprovincia cántabro-atlántica, adscribíndose ao sector galaico-portugués. Dominio climático oceánico húmido, cunha precipitación media anual de 1.012 mm, temperatura media de 13,9° C e ausencia de xeadas.

Hábitats de interese comunitario (incluídos no anexo I da Directiva 92/43/CEE):

- Estuarios.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Uzais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*.

5.1.4. Zonas húmidas protexidas

A citada Lei define a zona húmida protexida como aquelas “extensións de marismas, pantanos, turbeiras ou superficies cubertas de auga, sexan estas de réxime natural ou artificial, permanentes ou temporais, paradas ou correntes, doces, salobres ou salgadas, incluídas as extensións de auga mariña cuxa profundidade en marea baixa non exceda de seis metros que, á vez cumpran unha función de importancia internacional, nacional ou autonómica na conservación dos recursos naturais, e que sexan declaradas como tales”.

A nivel mundial, existe un tratado intergubernamental, **Convenio Ramsar**, que proporciona o marco para a acción nacional e a cooperación internacional a prol da conservación e o uso racional das zonas húmidas e os seus recursos. España ratificou este tratado o 18 de marzo de 1982.

O seu obxectivo principal é “a conservación e o uso racional das zonas húmidas mediante accións locais, rexionais e nacionais e grazas á cooperación internacional, como contribución ao logro dun desenvolvemento sostible en todo o mundo”.


A Lei 9/2001 de conservación da natureza recolleu as zonas húmidas protexidas no convenio Ramsar, que constitúen unha superficie total aproximada de 7.698 ha e que son os seguintes:

- Ría do Eo
- Rías de Ortigueira e Ladrado
- Lagoa e areal de Valdoviño
- Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo
- Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeiro

No ámbito deste Plan de ordenación do litoral, inclúense os cinco sitios Ramsar de Galicia, actualmente en proceso de revisión da súa delimitación. Estas zonas húmidas supoñen unha superficie conxunta de aproximadamente 3.842 ha, que pasamos a describir a continuación:

- **Ría do Eo ou Ribadeo**

Estuario do río Eo, incluíndo un pequeno tramo (4 km) de meandros do curso baixo do río, aínda baixo influencia das mareas. Pertence á rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea e subprovincia cántabro-atlántica,



Zonas húmidas de importancia internacional (Convenio Ramsar)

1. Ría do Eo	4. Complexo das Praias, LAgoa e Duna de Corrubedo
2. Rías de Ortigueira e Ladrado	5. Complexo intermareal Unia - O Grove, Punta Carreirón e Lagoa Bodeiro
3. Lagoa e areal de Valdoviño	

adscribíndose ao sector galaico-asturiano. Dominio climático oceánico húmido, cunha precipitación media anual de 1.019 mm, temperaturas medias de 13,9° C e ausencia de xeadas.

A parte máis externa da ría (entre Ribadeo e a illa Pancha, xa en mar aberto) está flanqueada por costa rochosa baixa. Os bancos de area predominan nos tramos medio e externo do estuario, mentres que a metade interna presenta extensas chairas intermareais lamacentas, que se atopan parcialmente cubertas por prados de *Zostera noltii*. A extensión dos prados submareais de *Zostera marina* é importante. A zona máis interna, próxima a Vegadeo, está ocupada por marismas, predominando a xunqueira halófila de *Juncus maritimus*. Hai algunhas manchas de carriceira subhalófila flanqueando estas marismas, así como ao longo do curso baixo do río Eo. Os terreos elevados próximos ao estuario están ocupados por núcleos urbanos (con instalacións portuarias en Ribadeo), áreas agrícolas e plantacións forestais.

Ademais dos hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE) relacionados máis abaixo, esta ZEPA conta con interesantes formacións de vexetación helofítica subhalófila (carriceiras e formacións de *Scirpus maritimus*).

- Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda.
 - Chairas lamacentas ou areosas que non están cubertas de auga cando hai marea baixa.
 - Lagoas costeiras.
 - Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
 - Prados salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritima*).
 - Matos halófilos mediterráneos e termoatlánticos (*Sarcocornetea fruticosi*).
 - Uzais secos europeos.
 - Uzais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*.
 - Turbeiras calcarias de *Cladium mariscus* e con especies do *Caricion davalliana*.
 - Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*)
- **Rías de Ortigueira e Ladrado**

Complexo de estuario formado polas desembocaduras dos ríos Mera, Baleo e outros cinco cursos de auga de menor entidade. Pertence á rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea e subprovincia cántabro-atlántica, adscribíndose ao sector galaico-asturiano, cunha precipitación media anual de ao redor de 1.100 mm, temperaturas medias de 13° C e ausencia case total de xeadas. O rango de altitudes vai dos cero aos 117 m s.n.m.

A área está constituída por dous sistemas: un típico de estuario de val fluvial afundido, formado fundamentalmente pola desembocadura de río Mera (ría de Ortigueira propiamente dita), e outro de estuario con barra sedimentaria, correspondente á enseada de Ladrado. Predominan as superficies intermareais e submareais (1.633 ha, até a isóbata de 5 m), con predominio de lamas nos tramos internos e de areas na parte exterior de ambos os dous sistemas. Boa parte das chairas intermareais e os leitos submareais están cubertos por prados de *Zostera*. As enseadas de Mera e de Ladrado e, en menor medida outros sectores, están parcialmente ocupadas por extensas xunqueiras e prados de *Spartina*. Na parte exterior do espazo natural, existe un areal, a praia de Morouzos (3 km), que se prolonga a xeito de seta litoral, pechando parcialmente a enseada ou ría de Ladrado. O sistema dunar asociado é relativamente extenso, aínda que está inactivado en parte por plantacións de piñeiros. Prados de trasduna, pequenos bosques pantanosos, ribeiras rochosas e cantís baixos (incluíndo a illa de San Vicente, fronte á praia de Morouzos) son outros hábitats naturais ou seminaturais destacables. Completa o conxunto unha importante extensión de prados, terras de labor e plantacións forestais.

Hábitats:

- Chairas lamacentas ou areosas que non están cubertas de auga cando hai marea baixa.
- Lagoas costeiras.
- Vexetación anual pioneira sobre restos mariños acumulados.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Cantís anuais pioneiras con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areosas.
- Prados de *Spartina* (*Spartinion maritimi*).
- Pastos salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritima*).
- Matos halófilos mediterráneos e termoatlánticos (*Sarcocornetea fruticosi*).
- Dunas móbiles embrionarias .
- Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
- Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): dunas grises termoatlánticas (*Crucianellion maritima*).

- Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): Comunidades herbáceas anuais de duna (*Thero-Airion*).
 - Uzais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans* e *Ulex maritimus*.
 - Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do *Molinio-Holoschoenion*.
- **Lagoa e areal de Valdoviño**

Fronte costeira aberta ao noroeste e norte da cidade de Ferrol, no que alternan algúns pequenos cabos e baías moi expostas. Inclúese na rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea e subprovincia cántabro-atlántica, adscribíndose ao sector galaico-asturiano no seu extremo suroccidental. Dominio climático oceánico húmido, cunha precipitación media anual de ao redor de 1.376 mm, temperaturas medias de 13° C e ausencia case total de xeadas. O rango de altitudes é de 0-239 m s.n.m.

A liña de costa alterna areais e cantís. O litoral areoso atinxe uns 10 km e caracterízase pola existencia de praias abertas con extensos sistemas dunares, que frecuentemente se estenden sobre zonas de cantís próximos, como en Doniños, San Xurxo, Santa Comba, Ponzos e A Frouxeira. En xeral, a costa rochosa é moi alta, particularmente no tramo Cabo Prior-Monte da Vela. Hai, ademais, algunhas illas e illotes moi escarpados ao sur do espazo natural (Gabeiras, Herbosa, Os Cabalos). As lagoas litorais son características deste tramo costeiro e aparecen separadas do mar por praias-barreira e conectadas con el mediante canos de desaugamento máis ou menos cegados; a lagoa da Frouxeira é de augas salobres e superficiais (máximo ao redor de 1,5 m), con influencia mariña regular, mentres que as de Doniños e San Xurxo son de augas doces e están illadas do mar actualmente; a primeira é moi profunda (máximo de 11 m) e a segunda está parcialmente enchida e apenas presenta augas libres. Nestas lagoas, así como noutros pequenos empozamentos de trasduna, aparecen importantes formacións de vexetación palustre (carriceiras, xunqueiras, masegares, macrófitos somerxidos) e orlas de bosque pantanoso.

Ademais dos hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE) relacionados máis abaixo, esta ZEPA conta con boas mostras de vexetación helofítica (carriceiras, masegares e espadanais) nas lagoas da Frouxeira e Doniños e as zonas húmidas de río Magno (Valdoviño) e San Xurxo.

- Lagoas costeiras.
- Vexetación anual sobre restos mariños acumulados.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Prados salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritimae*).
- Dunas móbiles embrionarias.
- Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
- Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): dunas grises termoatlánticas (*Crucianellion maritimae*).
- Dunas con céspedes do *Malcolmietalia*.
- Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas (*Littorelletalia uniflorae*).
- Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*.
- Lagos e estanques distróficos naturais.
- Estanques temporais mediterráneos.
- Uzais húmidos atlánticos de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.
- Uzais secos europeos.
- Uzais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*.
- Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do *Molinio-Holoschoenion*.
- Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino.

- Turbeiras baixas alcalinas.
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).

- **Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo**

Pertence á rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea e subprovincia cántabro-atlántica, adscribíndose ao sector galaico-portugués. Dominio climático oceánico hiper-húmido (en transición a oceánico húmido con tendencia á aridez estival), cunha precipitación media anual de ao redor dos 1.244 mm, temperaturas medias de 14,6° C e ausencia total de xeadas. O rango de altitudes é de 0-73 m s.n.m.

O conxunto xeolóxico do Parque Natural formouse hai 12.000 a 15.000 anos, no Cuaternario. A erosión e a acumulación de area polo vento orixinou unha barreira areosa que pechou a primitiva baía. Formouse así unha masa de auga encorada, que foi enchéndose progresivamente por sedimentos traídos polo vento e os ríos, perdendo profundidade e dando lugar á actual zona húmida do Carregal, que quedou comunicado co mar mediante pequenas canles e constituíu o que actualmente é unha lagoa litoral semicerrada. Os seus fondos máis superficiais, formados por lamas e areas e sometidos á oscilación do nivel da auga debida ás mareas e ás choivas, evolucionou até formar a actual marisma, poboada por plantas adaptadas ao réxime periódico de inundacións e descubertas mareais e á variable salinidade de augas e solos.

A fronte actual do Parque natural constitúea unha serie de praias areosas (A Ladeira-Ferreira, A Lagoa, O Vilar, Angueiro) que, en conxunto, se estenden ao longo duns 5 km, e nas que aparecen algunhas barras rochosas. Estes areais dan paso cara ao interior a varios sistemas dunares ben estruturados, nos que se inclúen diferentes cordóns de dunas primarias e secundarias, extensos campos de dunas semifixadas, chairas eólicas, dunas remontantes estabilizadas e varios tipos de corredores e depresións de deflación eólica. Tras a praia da Ladeira, ao norte do espazo natural, atópase unha gran duna móbil, de cerca de 1 km de lonxitude, até 250 m de anchura e unha altura duns 15 m; esta duna avanza impulsada polos ventos do suroeste cara ao interior en lento e constante movemento. As barras dunares separan do mar a dúas zonas húmidas: a lagoa e marisma do Carregal, que se prolonga na lagoa de Artes, e a lagoa de Vixán, ao sur da zona. No Carregal, conflúen varios cursos de auga (Longo, Sirves, Artes e Cidade) e mantén contacto co mar mediante unha canle natural de desague, polo que se ve sometido regularmente ás mareas e mantén vexetación halófila, aparecendo nel diferentes tipos de salgais e xunqueiras. A lagoa de Vixán, pola contra, está illada normalmente do mar, e as súas augas son doces ou debilmente salobres, o que facilita o desenvolvemento dun amplo cinto de vexetación helofítica, con predominio da carriceira. O espazo natural vese completado por pequenos tramos de costa rochosa baixa nos seus extremos setentrional e meridional (Corrubedo, punta Corbeiro), piñeiros de repoboación (en gran parte sobre terreos areosos), áreas cultivadas e, xa fóra dos seus límites, unha ampla baía mariña.

Ademais dos hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE) relacionados máis abaixo, o Parque Natural conta con boas mostras de vexetación helofítica (fundamentalmente carriceiras) na lagoa de Vixán.

- Estuarios.
- Lagoas costeiras.
- Vexetación anual sobre restos mariños acumulados.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areosas.
- Pastos salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritimae*).
- Matos halófilos mediterráneos e termoatlánticos (*Sarcocornetea fruticosi*).
- Dunas móbiles embrionarias.
- Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).

- Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): dunas grises termoatlánticas (*Crucianellion maritimae*).
 - Dunas con céspedes do *Malcolmietalia*.
 - Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas (*Littorelletalia uniflorae*).
 - Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*.
 - Estanques temporais mediterráneos.
 - Uzais húmidos atlánticos de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.
 - Uzais secos europeos.
 - Uzais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*.
 - Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do *Molinio-Holoschoenion*.
- **Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeiro**

A ZEPA, situada a cabalo das rías de Arousa e de Pontevedra, está constituída por tres sectores netamente diferenciados. O sector máis extenso é a enseada do Grove e o estuario do río Umia, conformada por unha baía moi protexida, pouco profunda e con extensas superficies intermareais, e separada de mar aberto por un tómbolo formado por areais e dunas. O segundo sector constitúe un pequeno sistema dunar con lagoa litoral, situados ao norte da península do Grove (praia de Mexiloeira e lagoa da Bodeira). O terceiro sector, situado ao sur da illa de Arousa e proximidades (O Carreirón, illotes Guidoiros e illa de Rúa), está integrado por varios illotes rochosos e areosos e seccións de costa baixa ben conservada no interior da ría.

Pertence á rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea e subprovincia cántabro-atlántica, adscribíndose ao sector galaico-portugués. Dominio climático oceánico húmido con tendencia á aridez estival, cunha precipitación media anual de 1.244 mm, temperatura media de 14,6° C e ausencia total de xeadas. O rango de altitudes é de 0-15 m s.n.m.

As praias, os sistemas dunares e as zonas húmidas de trasduna están moi ben representados nos diferentes sectores. Destaca pola extensión a praia da Lanzada e areais anexos (3,5 km), así como o sistema dunar asociado. Estas dunas están marcadas de pozas e lagoas temporais e semipermanentes, en boa parte poboados por vexetación helofítica. Na parte sur do istmo, hai tamén xunqueiras salinas e unha extensa zona húmida ocupada por espadanaís e abeneirais pantanosos (Rego dos Mouros, Noalla). Outras zonas húmidas de auga doce son a lagoa da Bodeira e as lagoas do Carreirón (Illa de Arousa), ademais do complexo de lagoas e pozas naturalizadas de Rouxique, na contorna da enseada do Bao, produto de antigas extraccións de arxila. As chairas intermareais lamacentas e os bancos de area predominan na enseada Umia-O Grove propiamente dita (ao redor de 1.200 ha), estando colonizadas extensivamente por prados de *Zostera marina* e *Zostera noltii*, con áreas máis reducidas de salgar, espartal e xunqueira halófila, sobre todo na desembocadura do Umia. En conxunto hai un bo número de illotes de natureza rochosa ou sedimentaria (Illariña, Tourís. Marma, Beiró, A Toxa Pequena, Illeiras, Guidoiro Areoso, Guidoiro Pedregoso, Rúa, etc.). O espazo natural vese completado coa existencia dalgúns piñeiros, matos costeiros e terras de labor.

Ademais dos hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE) relacionados máis abaixo, esta ZEPA presenta notables formacións de vexetación helofítica (fundamentalmente espadanas *Typha spp.* e en menor cantidade carrizos *Phragmites australis* e xuncos de lagoa *Scirpus spp.*) na Lanzada, Noalla, A Bodeira e O Carreirón.

Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda.

- Estuarios.
- Chairas lamacentas ou areosas que non están cubertas de auga cando hai marea baixa.

- Lagoas costeiras.
- Vexetación anual sobre restos mariños acumulados.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areosas.
- Prados de *Spartina* (*Spartinion*).
- Prados salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritimae*).
- Matos halófilos mediterráneos e termoatlánticos (*Sarcocornetea fruticosi*).
- Dunas móbiles embrionarias.
- Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
- Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): dunas grises termoatlánticas (*Crucianellion maritimae*).
- Dunas do *Malcolmietalia*.
- Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*.
- Uzais secos europeos.
- Uzais secos costeiros de *Erica vagans*.
- Prados húmidos mediterráneos de herbas altas (*Molinio-Holoschoenion*).

5.1.5. Paisaxe protexida

No artigo 15, defínese Paisaxe protexida como os “espazos que, polos seus valores singulares, estéticos e culturais ou ben pola relación harmoniosa entre o home e o medio natural, sexan merecedores dunha protección especial”.

Trátase, xa que logo, de conservar estas relacións e procesos, tanto naturais como socioeconómicos, que contribuíron á súa formación e fan posible a súa permanencia.

En Galicia, só existe unha paisaxe protexida, Penedos de Pasarela e Traba, cunha superficie aproximada de 212 ha.

No ámbito de estudo do POL, atópase parcialmente este lugar, ocupando unha superficie aproximada de 69 ha.

Parcialmente, no ámbito do POL, atópase Penedos de Pasarela e Traba ocupando unha superficie de 69 ha.

Penedos de Pasarela e Traba

O macizo de Pasarela e Traba está constituído por un conxunto de elevacións graníticas situadas no noroeste da Comunidade Autónoma de Galicia, en plena Costa da Morte, entre os concellos de Vimianzo e Laxe, na provincia da Coruña. A parroquia de Vimianzo de Pasarela eríxese no seu referente poboado polo sur, mentres que polo norte atopará o extenso val de Laxe de Traba e a aldea de Cabanela, da propia parroquia de Traba. Os límites entre os concellos de Vimianzo e Laxe dividen este macizo en dúas partes de similar extensión. Ao norte sitúase o territorio de Laxe, cunha superficie próxima ás 103 hectáreas e ao sur, a de Vimianzo cunha superficie aproximada de 109 hectáreas, o que suma unha superficie total de 212 hectáreas aproximadamente. O límite atravesa as elevacións case en dirección oeste-leste, aproximadamente pola Galla da Pena Forcada, na parte central da dorsal que constitúe o cerne da unidade elevada. Deixa ao norte as áreas da Torre da Moa e a Pena Forcada e, ao sur, as formas dómicas da Pedra da Cachucha e as elevacións máis meridionais. Ambos os dous concellos comparten as unidades deprimidas ao leste e ao oeste da dorsal elevada. A combinación de formas rochosas que presentan os Penedos de Pasarela e Traba conforma unha paisaxe singular que destaca pola súa beleza. A dorsal que se estende desde a Cachucha mesmo a Torre de Moa, pasando pola Pena Forcada, forma un impresionante pano de fondo visible tanto desde a localidade de Pasarela como, dun xeito especial, desde a área de Traba. Postos no areal que cerra a lagoa pode contemplarse unha das paisaxes máis fermosas da costa de Galicia.

5.1.6. Zona de especial protección dos valores naturais (ZEPVN)

A presente Lei, no artigo 16, define as ZEPVN como “aqueles espazos por cuxos valores ou interese natural, cultural, científico, educativo ou paisaxístico sexa necesario asegurar a súa conservación e non teñan outra protección específica”.

Sempre e cando non vulneren os valores protexidos, pode levarse a cabo de maneira ordenada os usos e actividades tradicionais propias do lugar.

Incluíranse tamén as zonas especiais de conservación que conforman a Rede Natura 2000, creada ao amparo das Directivas CEE 79/409 e 92/43, e que non posúan outra figura de protección das contempladas na Lei.

A Directiva 92/43/CEE creou a Rede Natura 2000 sobre a conservación dos hábitats naturais de fauna e flores silvestres, máis coñecidos como **Directiva Hábitats**.

Esta Directiva nace co obxectivo de contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo, coa finalidade do seu mantemento ou restablecemento nun estado de conservación favorable e tendo en conta as esixencias económicas, sociais e culturais, así como as particularidades rexionais e locais. Vén a complementar a Directiva comunitaria 79/409/CEE (Directiva de Aves) que en 1979 establecía as medidas para protexer a longo prazo e xestionar todas as especies de aves que viven en estado silvestre no territorio comunitario, así como os seus hábitats.

A Rede Natura 2000, constituída de acordo co artigo 3 da Directiva 92/43/CEE, compóñense de Zonas de Especial Protección para as Aves, ZEPA (zonas naturais de singular relevancia para a conservación da avifauna ameazada de extinción, de acordo co establecido na Directiva de Aves), e de Zonas de Especial Conservación, ZEC (áreas de grande interese ambiental para a conservación da diversidade, de acordo coa Directiva de Hábitats).



A responsabilidade sobre Natura 2000 é compartida entre os Estados membros que propoñen, designan e xestionan a rede no seu territorio, e a Comisión Europea, encargada de tutelar todo o proceso e asegurar o cumprimento dos obxectivos das Directivas que resultan obrigatorios para todos os Estados. Deste xeito, a incorporación á Rede Natura 2000 das ZEPA, os espazos derivados da Directiva Aves, faise de forma automática unha vez que son designadas polos Estados.

Para que un ámbito sexa incluído na Rede Natura 2000 como Zona de Especial Conservación o proceso, en cambio, é máis complexo. Cada Estado membro (no caso de España, esta competencia corresponde ás Comunidades Autónomas) faise unha proposta á Comisión Europea dos espazos que identificou como Lugar de proxecto de Interese Comunitario LIC, que non pasará a ser considerado como ZEC até a súa aprobación por parte da Comisión. As propostas dos LIC fanse en forma de listas nacionais que á súa vez se organizan en rexións biogeográficas, existindo un total de seis en toda a Unión (alpina, atlántica, boreal, continental, macaronésica e mediterránea); aos efectos desta directiva Galicia atópase na rexión atlántica.

A Rede Natura 2000 en Galicia consta na actualidade de 16 Zonas de especial protección para as aves (ZEPA) e 59 Lugares de importancia comunitaria (LIC), actualmente atópanse en proceso de declaración en Zonas de especial conservación (ZEC) para a súa plena integración na rede. En cifras, Galicia conta con 379.780 ha de LIC e 104.012,54 ha de ZEPA, conxuntamente, a Rede Natura 2000 protexe 375.469 ha da superficie total de Galicia, isto significa aproximadamente o 12% da superficie de Galicia. Con respecto ao total da superficie do Estado incluída na rede Natura 2000, Galicia achega tan só o 2,8% desta, cando a superficie da Comunidade equivale ao 5,8% da superficie do Estado.

A figura de Zona de Especial Protección dos Valores Naturais é, conforme á lexislación ambiental vixente (na que a conservación da natureza é competencia das Comunidades Autónomas), a que engloba os espazos incluídos dentro de Natura 2000 dentro da Rede Galega de Espazos Protexidos.

Dentro do ámbito de estudo do Plan de ordenación do litoral, nos 84 municipios inclúense 11 Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA) e 27 Lugares de Importancia Comunitaria (LIC), que ocupan unha área total de 25.985 e 63.590 ha respectivamente. En conxunto, as 89.576 ha de espazo incluído na Rede Natura 2000 constitúen o 41,49% do ámbito de influencia do Plan de ordenación do litoral. Distribúense nas sete costas en que se constitúe o ámbito do modo que a seguir se pormenoriza.



Mariña lucense

Na Mariña lucense atópanse os LIC de Ribadeo, As Catedrais, o Río Ouro, a Ría de Foz-Masma, a Costa da Mariña occidental, a Serra do Xistral e o Monte Maior, con parte da súa superficie na costa de Rías Altas. Ribadeo, a Ría de Foz-Masma e a Costa da Mariña occidental, ademais de LIC algúns deles son tamén ZEPA.

- **ZEPA de Ribadeo – LIC do río Eo**

A ZEPA de Ribadeo (ES0000085) ten unha superficie total de 613,76 ha, aínda que só o 16% aproximadamente se atope dentro do ámbito de estudo. Algo semellante pasa co LIC do río Eo (ES1120002), das 1.003 ha que o constitúen, algo menos do 10% está no ámbito de estudo do POL.

O esteiro do río Eo, incluíndo un pequeno tramo (4 km) de meandros do curso baixo do río, aínda baixo influencia das mareas, pertence á rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea e subprovincia cántabro-atlántica, e adscíbese ao sector galaico-asturiano. É de dominio climático oceánico húmido, cunha precipitación media anual de 1.019 mm, temperatura media de 13,9° C e ausencia de xeadas.

A parte máis externa da ría (entre Ribadeo e a illa Pancha, xa en mar aberto) está bordeada por costa rochosa baixa. Os bancos de area predominan nos tramos medio e externo do estuario, mentres que a metade interna presenta extensas explanadas intermareais lamacentas, que se atopan parcialmente cubertas por prados de *Zostera noltii*. A extensión dos prados submareais de *Zostera* mariña é importante. A zona máis interna, próxima a Vegadeo, está ocupada por marismas, predominando a xunqueira halófila de *Juncus maritimus*. Hai algunhas manchas de carriceira subhalófila flanqueando estas marismas, así como ao longo do curso baixo do río Eo. Os terreos elevados próximos ao esteiro están ocupados por núcleos urbanos (con instalacións portuarias en Ribadeo), áreas agrícolas e plantacións forestais.

Hábitats máis importantes:

- Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda.
- Chairas lamacentas ou areosas que non están cubertas de auga cando hai marea baixa.
- Lagoas costeiras.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Prados salinos atlánticos (*Glaucopuccinellietalia maritimae*).
- Matos halófilos mediterráneos e termoatlánticos (*Sarcocornetea fruticosi*).
- Uzais secos europeos.
- Uzais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*.
- Turbeiras calcarias de *Cladium mariscus* e con especies do *Caricion davallianae*.
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).

- **LIC das Catedrais**

O LIC das Catedrais (ES1120005) protexe unha superficie de 297 ha, das cales algo máis do 97% se atopa dentro do ámbito de estudo do POL.

A súa fronte costeira aberta, orientada en dirección leste-oeste ao longo da franxa cantábrica, con rochedos e cantís mariños de baixa altura e praias areosas intercaladas entre pequenos promontorios e illotes, é de grande interese xeomorfolóxico e extraordinaria beleza escénica. Esténdese entre as puntas Penedo do Corvo, no seu límite oriental, e Corveira, en Reinante. A franxa cantábrica, plataforma de abrasión mariña emerxida durante o Terciario, que se estende na súa meirande parte polo litoral asturiano, atópase aquí preto do seu límite occidental, formando un chanzo claramente perceptible ao longo da fachada de cantís do LIC, duns 15 km de fronte e unha altura media de 15 m, alcanzando 33 m no seu punto máis elevado. A intensa erosión exercida polo mar sobre estes pequenos pero verticais cantís, formados principalmente por xistos e lousas, en conxunción co alto grao de facturación dos materiais, favorece a formación dun extenso sistema de furnas (covas mariñas), bufadoiros, arcos e illotes. Estas formacións son produto do esborrallamento das bóvedas de antigas grutas mariñas, en puntos de fractura dos cantís. Durante a baixamar, a maior parte das calas entre cantís descobre

e mostra extensos fondos intermareais de area fina, que conforman as praias de Augasantas, As Catedrais, Carricelas, Esteiro, Cadramón, Seborello e Os Castros, entre outras menores, e que en total superan os 2 km. Esta parte da franxa cantábrica foi declarada Punto de Interese Xeolóxico polo Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (LU/O-25 Franxa costeira de Ribadeo).

Hábitats de interese comunitario (incluídos no anexo I da Directiva 92/43/CEE) presentes no LIC:

- Vexetación anual sobre restos mariños acumulados.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Dunas móbiles embrionarias.
- Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
- Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): dunas grises termoatlánticas (*Crucianellion maritimae*).
- Uzais húmidos atlánticos de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.
- Uzais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*.
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).

- **ZEPA da ría de Foz - LIC da ría de Foz-Masma**

A ZEPA da ría de Foz (ES0000373) ten unha superficie total de 564 ha, aínda que algo menos do 30% aproximadamente se atope dentro do ámbito de estudo. Algo semellante pasa co LIC da ría de Foz-Masma (ES11200011), das 643 ha que o constitúen, o 26% está no ámbito de estudo do POL.

Constitúeo o curso medio e baixo do río Masma, incluíndo pequenos tramos dos seus tributarios a Fraga Vella, o Valiñadares (co seu afluente o Cesuras) e o Batán, así como o seu estuario, a ría de Foz. O rango de altitudes vai dos cero aos 85 m s.n.m., cunha altura media de só 8 m, de maneira que a canle do Masma, aínda que sinuosa, non presenta fortes desniveis nin chanzos, mantendo unha pendente moi baixa, oscilante entre un 0,4% entre Viloalle e Masma e un 0,25% nos seus últimos 8 km. O seu réxime é pluvial oceánico, cun caudal absoluto de 6,3 m³/s, alcanzando os seus niveis máximos entre outubro e marzo, cun pico en decembro.

A boca do estuario está parcialmente cerrada por unha seta litoral areosa (praia de Altar) e por instalacións portuarias e de defensa de costas (praia da Rapadoira). Os depósitos areosos prolónganse cara ao intermareal do estuario no terzo externo da zona húmida, mentres que cara ao interior predominan as chairas lamacentas ou areoso-lamacentas, cubertas parcialmente por prados mariños e marismas. Os arredores están ocupados basicamente por áreas agrícolas e plantacións forestais de piñeiros e eucaliptos.

Hábitats de interese comunitario (incluídos no anexo I da Directiva 92/43/CEE) presentes no LIC:

- Estuarios.
- Chairas lamacentas ou areosas que non están cubertas de auga cando hai marea baixa.
- Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areosas.
- Prados de *Spartina* (*Spartinion maritimi*).
- Prados salinos atlánticos (*Glaucopuccinellietalia maritimae*).
- Matos halófilos mediterráneos e termoatlánticos (*Sarcocornetea fruticosi*).
- Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
- Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*.
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).

• **LIC do río Ouro**

O LIC do río Ouro (ES1120013) ten unha superficie total de 32 ha, algo menos do 30% aproximadamente atópase dentro do ámbito de estudo.

O curso medio e baixo do río Ouro, que discorre en gran parte polo val do Valadouro cunha leve pendente (0,29%) e, tras encaixarse lixeiramente cara á metade do seu percorrido polo espazo protexido, salva os últimos 20 m de desnivel ao longo de pouco máis de 5 km, cunha pendente do 0,37%. A súa canle considérase sinuosa. O réxime fluvial é do tipo pluvial oceánico, cun caudal absoluto de 3,4 m³/s, alcanzando os seus niveis máximos entre decembro e marzo, cun pico en febreiro. O rango de altitudes do LIC é de 0-60 m, cunha media de 19 m.

A influencia das augas mariñas faise notar sobre 24 ha, afectando a un pequeno estuario, coñecido por ría de Fazouro, case totalmente colonizado por marismas que, ao leste da súa bocana, se abre á barra areosa da praia da Pampillosa e O Sarrido, límite externo do espazo natural.

O marco litolóxico é de carácter principalmente metamórfico, constituído por xistos e cuarcitas, sendo de elevado interese a existencia de bancais fluviais pleistocenos, como os que poden atoparse en Lagoa ou en Trasmonte (Valadouro).

Hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE) presentes no LIC:

- Prados salinos atlánticos (*Glaucopuccinellietalia maritimae*).
- Matos halófilo mediterráneo e termoatlántico (*Sarcocornetea fruticosi*).
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).


• **ZEPA e LIC da Costa da Mariña occidental**

A suma total das superficies protexidas mediante as figuras LIC (ES0000372 e ZEPA (ES11200017) é de 2294,72 ha das cales 477,16 están pertencentes ao ámbito da comarca das Rías Baixas.

A estreita faixa da costa principalmente de cantís e exposta, incluíndo varias illas (Coelleira, Ansarón, Os Fallóns) e illotes (Gaveira, Area, Os Netos, Ínsua da Cal). Hai algúns areais, aínda que escasos e de pequenas dimensións, destacando as praias de Areagrande (0,8 km) e Esteiro, que manteñen pequenos sistemas dunares. Matos de toxo-uz e prados costeiros flanquean a case totalidade da área de cantís.

Hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE) presentes no LIC:

- Vexetación anual sobre restos mariños acumulados.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Dunas móbiles embrionarias.
- Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
- Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): dunas grises termoatlánticas (*Crucianellion maritimae*).
- Uzais secos europeos.
- Uzais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*



Rías Altas

No ámbito das Rías Altas, inclúense os LIC de Monte Maior e Costa da Mariña occidental (só parcialmente, descritas anteriormente), río Landro, Estaca de Bares, Ortigueira-Mera, Costa Ártabra, e as ZEPA da Costa de Ferrolterra-Valdoviño e o da ría de Ortigueira e Ladrído.

• **LIC do río Landro**

O LIC do río Landro (ES1120012) ten unha superficie total de 127 ha, algo menos do 21% aproximadamente atópase dentro do ámbito de estudo.

Fórmao o curso medio e baixo do río Landro, ao longo dos seus últimos 16 km. O seu trazado na parte alta do espazo natural, pouco máis abaixo da incorporación do río das Balsadas, é relativamente encaixado e cunha pendente moderada a suave (1,2%) ao longo duns 5 km, aínda que axiña, augas abaixo de Chaos, penetra no val do estuario e modérase aínda máis, até unha inclinación de só o 0,3%. En conxunto, a canle é de tipo

sinuosa. Incorpóraselle pola esquerda o río Bravos ou de Galdo, tamén incluído no LIC até as inmediacións do lugar de Teixos, que mantén unha fisionomía similar á da parte alta do Landro. O réxime fluvial é do tipo pluvial oceánico, cun caudal absoluto de 7,1 m³/s, alcanzando os seus niveis máximos entre decembro e febreiro, cun pico neste mesmo mes. O rango de altitudes do LIC é de 0-80 m, cunha media de 24 m.

A influencia das augas mariñas faise notar sobre 80 ha, alcanzando case 5 km río arriba desde a súa desembocadura, até a altura de Landrove. A área do estuario incluída no LIC chega río abaixo até a ponte do ferrocarril, pouco antes de Viveiro. Entre Portochao e esta zona esténdese unha importante extensión de marismas.

Hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE) presentes no LIC:

- Chairas lamacentas ou areosas que non están cubertas de auga cando hai marea baixa.
- Prados salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritima*).
- Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*.
- Ríos de pisos de planicie a montano con vexetación de *Ranunculion* e de *Callitricho-Batrachion*.
- Uzais húmidos atlánticos de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).

- **LIC de Estaca de Bares**

O LIC de Estaca de Bares (ES1110010) ten unha superficie total de 852 ha, case a totalidade, algo máis do 99% aproximadamente, atópase dentro do ámbito de estudo.

Fórmao o tramo costeiro exposto, situado a cabalo das rías de Ortigueira e O Barqueiro, dunha sobresaliente beleza paisaxística. Esténdese entre as praias de Bares (Mañón) e de Eirón (Espasante, Ortigueira).

O litoral é moi abrupto e con cantís, con fortes pendentes, alcanzándose alturas normalmente por riba dos 50 m e até máis de 200 m. Os desprendementos rochosos e os coídos (praias de cantos) baixo os cantís son tamén unha constante na zona. Tamén hai algúns illotes de reducidas dimensións aínda que moi escarpados (Os Sigüelos, Punta Herbosa, Pedra Sardiña, Pena Furada, As Tres Marías, O Carro).

Tamén hai un pequeno estuario con vexetación de marisma tras a praia de Esteiro e pequenos sistemas dunares neste lugar e nas praias de Bares e de Mazorgán e Eirón (Espasante), que cerran o espazo natural polo sur. Unha característica singular da área é a existencia, na metade meridional da súa fronte costeira, de numerosos areais rasos, de moi difícil acceso, que se atopan encaixados entre cantís de grande altura e non presentan dunas, sendo cubertos regularmente polas preamares. Trátase das solitarias praias de Picón, O Castro, Fabrega, Furada e O Sarridal, entre outras de máis reducidas dimensións. En conxunto, a lonxitude de costa areosa rolda os 5,2 km, aínda que nas súas dúas terceiras partes está totalmente flanqueada por cantís de grande altura e verticalidade.

A área, que está integrada no dominio do “Ollo de Sapo”, é litoloxicamente complexa, aparecendo sucesivas faixas de granodioritas biotíticas tardías (na mesma Estaca), granitos de dúas micas (na zona de punta Maeda), filitas (en Esteiro), xistos con vetas de espilitas (en Picón e arredores), grauvacas e cuarzodioritas porfidograníticas (nas inmediacións de Espasante).

Ademais dos hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE) relacionados máis abaixo, o LIC conta con formacións de vexetación helofítica (Esteiro).

- Estuarios.
- Vexetación anual sobre restos mariños acumulados.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Pastos salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritima*).
- Dunas móbiles embrionarias.
- Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
- Uzais húmidos atlánticos de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.
- Uzais secos europeos.
- Uzais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*.

- **ZEPA da ría de Ortigueira e Ladrado - LIC de Ortigueira-Mera**

A ZEPA da ría de Ortigueira e Ladrado (ES0000086) ten unha superficie total de 3.025 ha, aproximadamente o 42% atópase dentro do ámbito de estudo. Algo similar pasa co LIC de Ortigueira-Mera (ES1110001) que, das case 3.868 ha que o constitúen, o 33% está no ámbito de estudo do POL.

É un complexo de estuario formado polas desembocaduras dos ríos Mera, Baleo e outros cinco cursos de auga de menor entidade. Pertence á rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea e subprovincia cántabro-atlántica, adscribíndose ao sector galaico-asturiano, cunha precipitación media anual de arredor de 1.100 mm, temperaturas medias de 13° C e ausencia case total de xeadas. O rango de altitude vai dos cero aos 117 m s.n.m.

A área está constituída por dous sistemas: un típico de estuario de val fluvial afundido, formado fundamentalmente pola desembocadura do río Mera (ría de Ortigueira propiamente dita), e outro de estuario con barra sedimentaria, correspondente á enseada de Ladrado. Predominan as superficies intermareais e submareais (1.633 ha, até a isóbata de 5 m), con predominio de lamas nos tramos internos e de areas na parte exterior de ambos os dous sistemas. Boa parte das chairas intermareais e os leitos submareais están cubertos por prados de *Zostera*. As enseada de Mera e de Ladrado, e en menor medida outros sectores, están parcialmente ocupadas por extensas xunqueiras e prados de *Spartina*. Na parte exterior do espazo natural existe un areal, a praia de Morouzos (3 km), que se prolonga en forma de seta litoral, pechando parcialmente a enseada ou ría de Ladrado. O sistema dunar asociado é relativamente extenso, aínda que está inactivado en parte por plantacións de piñeiros. Prados de trasduna, pequenos bosques pantanosos, ribeiras rochosas e cantís baixos (incluíndo a illa de San Vicente, fronte á praia de Morouzos) son outros hábitats naturais ou seminaturais destacables. Completa o conxunto unha importante extensión de prados, terras labradas e plantacións forestais.

Hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE) presentes no LIC:

- Chairas lamacentas ou areosas que non están cubertas de auga cando hai marea baixa.
- Lagoas costeiras.
- Vexetación anual pioneira sobre restos mariños acumulados.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areosas.
- Prados de *Spartina* (*Spartinion maritimi*).
- Prados salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritima*).
- Matos halófilos mediterráneos e termoatlánticos (*Sarcocornetea fruticosi*).
- Dunas móbiles embrionarias.
- Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas). Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises). Dunas grises termoatlánticas (*Crucianellion maritima*).

- Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): Comunidades herbáceas anuais de duna (Thero-Airion).
- Uzais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans* e *Ulex maritimus*.
- Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do *Molinio-Holoschoenion*
- **LIC da Costa Ártabra**

O LIC da Costa Ártabra (ES1110002) conta cunha extensión total de 7.546 ha, das cales, 29 ha atópanse na delimitación que fai o POL da costa do Golfo Ártabro, e 6.523 ha na costa das Rías Altas. Isto significa que só o 0,39% se atopa na primeira costa, mentres que o 86 % aproximadamente se atopa na segunda. O resto da superficie atópase fóra do ámbito do POL.

Supón un extenso tramo de costa do extremo setentrional da provincia da Coruña, de máis de 100 km de fronte maioritariamente aberta, que se estende entre as rías de Ares e de Ortigueira. Inclúe, así mesmo, parte da serra da Capelada e da ría de Ferrol, e unha superficie de augas mariñas de 548 ha. Ademais de posuír unha beleza paisaxística sobresaliente no seu conxunto, algúns dos seus recunchos son merecedores da máxima consideración pola súa excelencia e singularidade escénica. Por outra parte, a súa variedade litolóxica, a existencia de amplas áreas de rochas básicas e ultrabásicas e a frecuente alternancia de extensos depósitos sedimentarios e áreas de cantís de gran desenvolvemento e forte pendente, entre outros factores, propicia a existencia dunha variedade única de hábitats no marco da costa galega.

Ademais dos hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE), relacionados máis abaixo, este LIC conta con importantes representacións de vexetación helofítica (carriceiras e masegares, fundamentalmente) nas zonas húmidas de Doniños, San Xurxo, A Frouxeira e Pantín.

- Estuarios.
- Lagoas costeiras.
- Grandes calas e baías pouco profundas.
- Vexetación anual sobre restos mariños acumulados.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areosas.
- Prados salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritima*).
- Matos halófilos mediterráneos e termoatlánticos (*Sarcocornetea fruticosi*).
- Dunas móbiles embrionarias.
- Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
- Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): dunas grises termoatlánticas (*Crucianellion maritima*).
- Dunas con céspedes do *Malcolmietalia*.
- Dunas con vexetación esclerófila do *Cisto-Lavanduletalia*.
- Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas (*Littorelletalia uniflorae*).
- Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*.
- Lagos e estanques distróficos naturais.
- Estanques temporais mediterráneos.
- Uzais húmidos atlánticos de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.
- Uzais secos europeos.
- Uzais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*.
- Uzais oromediterráneos endémicos con toxo.
- Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do *Molinio-Holoschoenion*.
- Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino.

- Turbeiras de cobertura.
- 'Mires' de transición.
- Turbeiras baixas alcalinas.
- Pendentes rochosas de calcio con vexetación casmofítica.
- Rochedos silíceos con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dillenii*.
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*)

- **ZEPA da Costa de Ferroltera-Valdoviño**

A ZEPA da Costa de Ferroltera-Valdoviño (ES0000258) ten unha superficie total de 4.265 ha, das cales o 43%, aproximadamente, se atopa dentro do ámbito de estudo.

Composto por unha fronte costeira aberta ao noroeste e norte da cidade de Ferrol, no que alternan algúns pequenos cabos e baías moi expostas. Inclúese na rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea e subprovincia cántabro-atlántica, adscribíndose ao sector galaico-asturiano no seu extremo suroccidental. Dominio climático oceánico húmido, cunha precipitación media anual de ao redor de 1.376 mm, temperaturas medias de 13° C e ausencia case total de xeadas.

A liña de costa alterna areais e cantís. O litoral areoso atinxe uns 10 km e caracterízase pola existencia de praias abertas con extensos sistemas dunares, que frecuentemente se estenden sobre zonas de cantís próximos, como en Doniños, San Xurxo, Santa Comba, Ponzos e A Frouxeira. En xeral, a costa rochosa é moi alta, particularmente no tramo Cabo Prior-Monte da Vela. Hai, ademais, algunhas illas e illotes moi escarpados ao sur do espazo natural (Gabeiras, Herbosa, Os Cabalos). As lagoas litorais son características deste tramo costeiro e aparecen separadas do mar por praias-barreira e conectadas con el mediante canos de desaugue máis ou menos cegados; a lagoa da Frouxeira é de augas salobres e superficiais (máximo ao redor de 1,5 m), con influencia mariña regular, mentres que as de Doniños e San Xurxo son de augas doces e están illadas do mar actualmente; a primeira é moi profunda (máximo de 11 m) e a segunda está parcialmente enchida e apenas presenta augas libres. Nestas lagoas, así como noutros pequenos enchoupamentos de trasduna, aparecen importantes formacións de vexetación palustre (carriceiras, xunqueiras, masegares, macrófitos somerxidos) e orlas de bosque pantanoso.

Ademais dos hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE) relacionados máis abaixo, esta ZEPA conta con boas mostras de vexetación helofítica (carriceiras, masegares e espadanedos) nas lagoas da Frouxeira e Doniños e as zonas húmidas de río Magno (Valdoviño) e San Xurxo.

- Lagoas costeiras.
- Vexetación anual sobre restos mariños acumulados.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Prados salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritima*).
- Dunas móbiles embrionarias.
- Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
- *Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): dunas grises termoatlánticas (Crucianellion maritima)*.
- Dunas con céspedes do *Malcolmietalia*.
- Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas (*Littorelletalia uniflorae*).
- Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*.
- Lagos e estanques distróficos naturais.
- Estanques temporais mediterráneos.
- Uzais húmidos atlánticos de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.
- Uzais secos europeos.

- Uzais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*.
- Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do *Molinio-Holoschoenion*.
- Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino.
- Turbeiras baixas alcalinas.
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*)

- **LIC do Monte Maior**

O LIC do Monte Maior (ES1120009) ten unha superficie total de 1.247 ha, das cales o 7% aproximadamente, se atopa dentro do ámbito de estudo.

É un pequeno enclave montañoso prelitoral pertencente aos montes do Buió, que cos montes dos Cabaleiros forma o cordal de baixa altitude que separa as concas dos ríos Landro e Ouro, construíndo unha prolongación das denominadas Serras Setentrionais de Lugo (Xistral-Toxiza). O rango de altitudes, que atinxe só a área do cumio do monte, vai dos 320 aos 540 m s.n.m. (Pena Leña), cunha media de 433 m. Esta escasa variación denota o carácter plano da parte alta, cuxa morfloxía é, en xeral, suave e de formas redondas, con amplas zonas planas ou case planas, contrastando coas súas ladeiras de pendentes moderadas ou fortes, sobre todo cara á vertente do val do río Landro. O substrato litolóxico está composto por gneises e xistos na parte norte do monte, mentres que a súa metade sur está conformada por granitos alcalinos de dúas micas.

A área pertence á rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea e subprovincia cántabro-atlántica, adscribíndose ao sector galaico-asturiano. Enclávase no dominio climático oceánico húmido, aínda que en transición ao oceánico de montaña, con precipitacións medias anuais de 1.412 mm e temperaturas medias de 13° C.

Hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE):

- Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas (*Littorelletalia uniflorae*).
- Uzais húmidos atlánticos de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.
- Turbeiras de cobertura.
- Depresións sobre substratos turbosos do *Rhynchosporion*.

Golfo Ártabro



Na costa do Golfo Ártabro, ademais de incluírse parcialmente o LIC Costa Ártabra, (LIC ES1110002) que xa se explicou nas Rías Altas, sitúanse os LIC Betanzos-Mandeco e Costa de Dexo.

- **LIC de Betanzos-Mandeco**

O LIC de Betanzos-Mandeco (ES1110007) ten unha superficie total de 1.020 ha, das cales o 20% aproximadamente, se atopa dentro do ámbito de estudo.

O espazo natural está integrado polo estuario e o curso baixo e medio do río Mandeco (25 km), parte do seu afluente o río Zarzo, o tramo baixo do río Mendo (9 km) e a desembocadura do río Lambre (Ponte do Porco).

A zona de estuarios (530 ha) do sistema Mandeco-Mendo-Lambre abrangue desde as inmediacións de Betanzos até a parte máis interna da ría do mesmo nome, augas abaixo, entre a localidade de Miño e a punta de Moruxo, á beira da praia de Gandarío, ao longo de case 7 km, e constitúe unha das maiores extensións de marisma litoral de Galicia, contando cunhas 170 ha de xunqueiras e prados halófilos) e unha ampla extensión de augas abrigadas de fondo de ría (algo máis de 200 ha), que só parcialmente descubren coas baixamareas. A influencia



das mareas faise notar, no caso do Mandeco, até uns 12 km da súa desembocadura. A parte máis baixa da conca deste río é o dominio dos xistos de Bergondo, mentres que augas arriba, a partir do monte da Espenuca (Coirós), predominan os granitos de dúas micas, con notables afloramentos que fan que o río se encaixe considerablemente ao longo duns 8 km no tramo central do LIC, presentando unha considerable pendente (3%) entre Lagoa e Collantres, onde discorre entre os 220 e os 20 m s.n.m. En contraste, tanto río arriba como río abaixo, a pendente suavízase, sen superar o 0,6%.

Ademais dos hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE) relacionados máis abaixo, o LIC presenta pequenas formacións de vexetación helofítica (principalmente carriceiras de *Phragmites australis* e formacións de *ciperáceas*) no estuario.

- Chairas lamacentas ou areosas que non están cubertas de auga cando hai marea baixa.
- Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areosas.
- Prados de *Spartina* (*Spartinion maritimi*).
- Prados salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritimae*).

- Matos halófilo mediterráneos e termoatlánticos (*Sarcocornetea fruticosi*).
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).
- Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*.

- **LIC da Costa de Dexo**

O LIC da Costa de Dexo (ES1110009) ten unha superficie total de 346 ha, practicamente a súa totalidade, algo máis do 99%, atópase dentro do ámbito de estudo.

A fronte costeira aberta entre a rías da Coruña e de Ares e Betanzos, cunha importante extensión de cantís mariños, illotes e vexetación de herbas e matos costeiros en bo estado de conservación, de grande interese pola súa xeomorfoloxía e alto valor paisaxístico. A relevancia e singularidade deste espazo natural vese potenciada por atoparse encravado nunha das zonas máis densamente poboadas e transformadas de Galicia (área metropolitana da cidade da Coruña).

Esténdese pola faixa litoral entre o cabo de Mera e o porto de Lorbé (aproximadamente 11 km de costa), cun rango de altitudes que vai desde os cero aos 38 m s.n.m. Desde o punto de vista xeolóxico, a zona encádrase totalmente na unidade de xistos cristalinos de Bergondo, rochas metamórficas moi sensibles á meteorización física, o que se reflicte na paisaxe de cantís fortemente erosionados e con perfil costeiro serrado, con numerosas calas e enseadas, algunhas rematadas en pequenas praias encaixadas (Fontenla, Canabal, Porto de Dexo, A Garroteira, entre as maiores), furnas (cova mariñas) e algúns illotes (Insua do Seixo, O Marolete, A Marola, Serrón da Torrella), de altura en xeral media ou baixa e sen apenas afloramentos rochosos por riba dos cantís. Como excepción, na punta do Seixo Branco, pode observarse unha rechamante veta de pórfiro granítico, que dá nome a este lugar.

Hábitats de interese comunitario (incluídos no anexo I da Directiva 92/43/CEE):


- Estuarios.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Uzais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*.
- Arco Bergantiñán
- No Arco Bergantiñán inclúese parte do LIC Costa da Morte e da ZEPA Costa da Morte (norte).

- **ZEPA da Costa da Morte (norte) - LIC da Costa da Morte**

A ZEPA da Costa da Morte (norte) (ES0000176) ten unha superficie de 7.962 ha, das que no ámbito de estudo do POL, na Costa da Morte, atopamos 2.341 ha e no Arco Bergantiñán a superficie protexida é de 869 ha, o que supón un 29% e un 11% respectivamente do total protexido. No LIC da Costa da Morte (ES1110005), a superficie total é de 11.809 ha das que, no ámbito do Plan, un 44% atópase na Costa da Morte e un 12% no Arco Bergantiñán.

Engloba un extenso tramo de costa entre o cabo Fisterra e a praia de Alba (Arteixo) que, con excepción dunha gran parte da ría de Camariñas e dos núcleos habitados máis importantes, abrangue a totalidade do litoral noroccidental de Galicia e algúns dos treitos máis afastados e mellor conservados da costa galega.

Este LIC atinxe ao redor de 152 km de litoral, dos que sobre un 17% (26 km) se corresponde con depósitos areosos de praia-duna. Ademais, un 38% da área protexida (4.539 ha) ocupa augas mariñas, principalmente ao sur e sueste de cabo Fisterra, no tramo Camariñas-Arou e na parte externa da ría de Corme e Laxe. Aínda que á existencia no pasado de múltiples factores de degradación, as diferentes zonas húmidas, como Traba e Baldaio, aínda conservan un gran valor, atesourando importantes e moi variadas mostras de vexetación de estuario



e palustre. Pola súa parte, os sistemas dunares están moi ben representados e inclúen múltiples macroformas sedimentarias e erosivas, algunhas pouco comúns ou case únicas no ámbito cántabro-atlántico ou español, como as dunas parabólicas, as dunas remontantes ou placas eólicas (con mostras excelentes nos “montes brancos” das praias da Barra do Medio, en Ponteceso, e Trece-Santa Mariña, en Camariñas, que se elevan por riba dos 100 m de altura, así como en Lourido, Nemiña e Rostro, entre outras), as dunas colgadas (Razo, Santa Mariña) ou as varxas (Trece). As praias e turbeiras fósiles (como as de Razo e Baldaio), as grandes extensións de coídos ou praias de cantos (con exemplos singulares como o de Cuño, en Muxía), os numerosos complexos de covas mariñas ou furnas (como as de Muxía-Nemiña, Roncudo ou Sisargas), as franxas cuaternarias (cabo San Hadrián, por exemplo) e a abundancia de megaformas e microformas graníticas (como en cabo Vilán e cabo Veo ou en punta Nariga) son elementos xeomorfolóxicos dun grande interese. Non en van este LIC engloba até cinco Puntos de Interese Xeolóxico (recoñecidos polo IGME) de importancia estatal ou autonómica: Lagoa de Baldaio (C-110), Franxas Cuaternarias de Cabo San Hadrián (C-111), Praia do Trece (placas eólicas) (C-112), Penas Abaladoiras de Muxía (C-113) –que atinxe ás praias de cantos, franxa litoral e depósitos de praias e placas eólicas de Lourido– e Coído de Cuño (C-114).

Ademais dos hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE), relacionados máis abaixo, este LIC conta con importantes representacións de vexetación helofítica (carriceiras, masegares,

espadanedos e formacións de *ciperáceas*) no estuario do Anllóns, as lagoas de Traba e Campo do Lago-Brañas Mouras e as marismas de Baldaio.

- Estuarios.
- Chairas lamacentas ou areosas que non están cubertas de auga cando hai marea baixa.
- Lagoas costeiras.
- Vexetación anual sobre restos mariños acumulados.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areosas.
- Prados salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritimae*).
- Matos halófilos mediterráneos e termoatlánticos (*Sarcocornetea fruticosi*).
- Dunas móbiles embrionarias.
- Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
- Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): dunas grises termoatlánticas (*Crucianellion maritimae*).
- Dunas con céspedes do *Malcolmietalia*.
- Dunas con vexetación esclerófila do *Cisto-Lavanduletalia*.
- Uzais húmidos atlánticos de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.
- Uzais secos europeos
- Uzais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*.
- Uzais oromediterráneos endémicos con toxo.
- Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do *Molinio-Holoschoenion*.
- Turbeiras altas activas.
- "Mires" de transición.
- Turbeiras baixas alcalinas.
- Rochedos silíceos con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dillenii*.
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*)

Costa da Morte


A Costa da Morte contén a meirande parte do LIC Costa da Morte (5.164 ha) e da ZEPA Costa da Morte (norte) (2.342 ha), xa descritas na epígrafe anterior, ademais de conter os LIC de Carnota- Monte Pindo e o de Monte e Lagoa de Louro, conta co último tramo do LIC río Anllóns aínda este último non está no ámbito de estudo do POL.

• LIC do río Anllóns

O LIC do río Anllóns (ES1110015) ten unha superficie total de 162 ha, pola súa localización nun estuario, non está incluído no ámbito de estudo, aínda que a continuación se describa.

O curso medio e baixo do río Anllóns, excluído o estuario propiamente dito (que se integra no veciño LIC Costa da Morte), estendéndose entre Carballo e o lugar de Anllóns, nas proximidades de Ponteceso. Así mesmo, comprende no seu tramo máis alto á parte inferior do curso do Rego da Balsa e do seu maior tributario pola beira esquerda, o río Rosende, co seu afluente no río Grande. En conxunto, o espazo natural atinxe uns 45 km de canles fluviais.

O curso do Anllóns é sinuoso, aínda que discorre sobre unha ampla superficie aplanada, de maneira que o seu perfil lonxitudinal presenta, ao longo da área protexida, unha escasa pendente global, da orde dun 0,4%, descendendo até o nivel do mar. Unicamente no tramo de Verdes (Coristanco) acusa un certo encaixe, pasando de 80 a 40 m de altitude ao longo de 7,5 km e incrementando levemente a pendente (0,53%). Augas abaixo, nos últimos 13 km, o río recupera e intensifica a súa condición plana, manténdose por debaixo do 0,3%. O seu caudal medio



é de 9,93 m³, cun módulo específico de 22,98 l/s/km², o que permite cualificalo de forte. Ao longo dos seus cursos, estes ríos atravesan unha área litoloxicamente complexa, na que se suceden xistos, anfíbolitas, rochas ultrabásicas serpentinizadas, gneises, migmatitas granitoides e granitos de dúas micas.

Ademais dos hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE) relacionados máis abaixo, o LIC presenta importantes formacións de vexetación helofítica (principalmente carriceiras de *Phragmites australis*) no seu extremo máis baixo.

- Ríos de pisos de planicie a montano con vexetación de *Ranunculion* e de *Callitricho-Batrachion*.
- Uzais húmidos atlánticos de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.
- Uzais secos europeos.
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).

- **LIC de Carnota-Monte Pindo**

O LIC de Carnota-Monte Pindo (ES1110008) ten unha superficie total de 4.674 ha, das cales case a metade, o 45%, atópase dentro do ámbito de estudo.

O LIC, complexo desde o punto xeográfico e ecolóxico, comprende dúas grandes áreas ben diferenciadas. En primeiro lugar, atopámonos cunha fronte costeira duns 14 km de lonxitude, que abrangue desde a praia de Xaxebe, nas proximidades de Portocubelo, no seu extremo meridional, até a punta de Porto de Quilmas, no seu extremo setentrional, ambas as dúas no concello de Carnota, e que engloba o complexo litoral de Carnota e Caldebarcos. Neste tramo están tamén comprendidas as illas Lobeiras, así como multitudes de barras rochosas, e unha extensión de 438 ha de augas mariñas que cobren principalmente fondos por riba dos 10 m de profundidade. En segundo lugar, temos o macizo dos montes do Pindo, a desembocadura do Xallas na ría de Ézaro e unha parte dos montes de Buxantes, a máis próxima á costa, que se estenden polo extremo norte do espazo natural, nos concellos de Dumbría e Cee. A área posúe unha excepcional beleza paisaxística, chea de elementos xeomorfolóxicos singulares, aínda que desafortunadamente se ve fortemente afectada polos incendios forestais e os aproveitamentos hidroeléctricos.

Hábitats de interese comunitario (incluídos no anexo I da Directiva 92/43/CEE) presentes no LIC:

- Vexetación anual sobre restos mariños acumulados.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areosas.
- Prados salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritima*).
- Matos halófilos mediterráneos e termoatlánticos (*Sarcocornetea fruticosi*).
- Dunas móbiles embrionarias.
- Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
- Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): dunas grises termoatlánticas (*Crucianellion maritima*).
- Dunas con céspedes do *Malcolmietalia*.
- Uzais húmidos atlánticos de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.
- Uzais secos europeos.
- Uzais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*.
- Uzais oromediterráneos endémicos con toxo.
- Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do *Molinio-Holoschoenion*.
- Turbeiras altas activas.
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).

- **LIC de Monte e Lagoa de Louro**

El LIC de Monte e Lagoa de Louro (ES1110012) ten unha superficie total de 1.096 ha, das cales case o 47% se atopa dentro do ámbito de estudo.

A fronte costeira de mar aberto, uns 15 km de lonxitude, limitado pola baía de Carnota e o extremo noroccidental da ría de Noia, no que se alternan tramos de costa rochosa de baixa altura, praias de cantos e areais, incluíndo sistemas dunares ben conservados, unha lagoa litoral e unha rechamante elevación granítica (monte Louro). A extensión de augas mariñas é de 491 ha e cobre principalmente fondos por riba dos 10 m de profundidade, sobre os que afloran algunhas barras rochosas (Os Forcados, Angueiro, A Insua), parte dos cales están propostos como Reserva Mariña de Interese Pesqueiro (promovida pola Confraría de Lira, Carnota). Área dunha gran beleza escénica, en particular, o complexo de barra litoral, dunas, lagoa e monte en Louro, con forte afluencia turística estival.

O monte Louro é un pequeno “inselberg” ou afloramento rochoso illado, situado no extremo sur do LIC, que se eleva abruptamente sobre unha plataforma de abrasión ou “franja” até unha altura de 239 m. Está constituído por granitos de dúas micas, de gran fino, e granitos con megacristais de gran medio, podendo observarse nel frecuentes exemplos de micromodelado (pías e cacholas). Estes fenómenos, así como a presenza da franxa costeira e o complexo de barra dunar e lagoa litoral outorgan un alto valor xeomorfolóxico á área, que foi cualificada Punto de Interese Xeolóxico (PIG C-116) de importancia nacional.

Os depósitos areosos de praia e duna ten un gran protagonismo no espazo natural e abranguen 4,6 km de fronte litoral, no que aparecen desde praias de peto, como as de Simprón ou Ancoradoiro, até areais de gran desenvolvemento, como os de Lariño (1,9 km) ou Área Grande (1,5 km), onde poden observarse numerosas macroformas erosivas e sedimentarias, como o sistema de depresións de deflación ou as dunas remontantes. Tras esta última praia, atópase a lagoa de Louro ou “lagoa das Xarfas”, típico exemplo de lagoa litoral cerrada, rodeada dun cinto de vexetación palustre, comunicada irregularmente co mar mediante unha pequena canle de desaugue e alimentada polo regato Longarelo na súa parte interna. A extensión máxima da zona húmida é dunhas 27 ha, as súas augas son máis ou menos salobres e a profundidade moi variable en función das precipitacións, o grao de evaporación e a entrada de augas mariñas, situándose normalmente ao redor de 1-2 m.

Ademais dos hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE) relacionados máis abaixo, o LIC conta cunha interesante mostra de vexetación helofítica na lagoa de Louro.


- Lagoas costeiras.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Prados salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritima*).
- Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
- Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): dunas grises termoatlánticas (*Crucianellion maritima*).
- Dunas con céspedes do *Malcolmietalia*.
- Uzais oromediterráneos endémicos con toxo.
- Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do *Molinio-Holoschoenion*.
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).

Rías Baixas

Na costa das Rías Baixas, localízanse os LIC Esteiro do Tambre, Complexo Húmido de Corrubedo, Sistema Fluvial Ulla-Deza, Complexo Ons-O Grove, Cabo Udra, Costa da Vela, Enseada de San Simón, Illas Estelas, A Rantalosa, Illas Cíes (que tamén é ZEPA) e as ZEPA Complexo Litoral de Corrubedo, Complexo Intermareal Umia-O Grove- A Lanzada- punta Carreirón e lagoa Bodeira e o de Illa de Ons.

- **LIC do esteiro do Tambre**

O LIC do esteiro do Tambre (ES1110011) ten unha superficie total de 1.581 ha, das cales case o 7% se atopa dentro do ámbito de estudo.



Rías Baixas.		Rede Natura 2000 - ZEPVN (LIC e ZEPA)
1. LIC Esteiro do Tambre	6. LIC Costa da Vela	11. ZEPA Complexo Litoral de Corrubedo
2. LIC Complexo Húmido de Corrubedo	7. LIC Enseada de San Simón	12. ZEPA Complexo Intermareal Umia - O Grove - A Lanzada - Punta Carreirón y Lagoa Bodeiro
3. LIC Sistema Fluvial Ulla-Deza	8. LIC Illas Estelas	13. ZEPA Illa de Ons
4. LIC Complexo Ons-O Grove	9. LIC A Ramallosa	
5. LIC Cabo Udra	10. LIC y ZEPA Illas Cies	

O estuario e curso baixo do río Tambre, augas abaixo do encoro de Barrié de la Maza, inclúe a parte máis interna da ría de Muros e Noia até punta Cambrona, nas inmediacións do porto do Freixo, Outes (beira dereita da ría), e punta Cabalo Baixo, xunto á praia de Boa Grande, Porto do Son (beira esquerda). Tamén atinxe os estuarios dos ríos Traba e San Francisco, augas abaixo da ponte de Noia, e do Tines, que desemboca nas proximidades da Serra de Outes.

O 73% da área do LIC está ocupada por hábitats mariños e marítimo-terrestres, cunha superficie de augas mariñas de 1.062 ha, na súa meirande parte sobre fondos de menos de 10 m de profundidade, mentres que ao redor

dunha quinta parte atinxe ao curso baixo do Tambre, augas arriba da influencia das mareas, ao longo duns 6 km. Esta parte é a máis abrupta da súa conca, na que o Tambre se encaixa fortemente entre dous grandes bloques fracturados, que dan paso, nas zonas altas, a terreos amesetados cara aos 300 m de altitude. De feito, este curso baixo cólgase ao longo duns 3 km, onde forma unha gorxa de forte pendente lonxitudinal (1,7%), trazada sobre paredes de migmatitas granitoides, entre os montes de Lueiro e Cornanda. Dous pequenos afluentes, os ríos Xallas e Corzán, únense ao Tambre neste treito ao longo de baixadas de pendente moi pronunciada, que pode alcanzar máis dun 25%. A máxima altitude do LIC alcánzase neste sector, con 233 m s.n.m.

Ademais dos hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE) relacionados máis abaixo, o LIC presenta destacadas formacións de vexetación helófitica (principalmente carriceiras de *Phragmites australis*) no estuario.

- Chairas lamacentas ou areosas que non están cubertas cando hai marea baixa.
- Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areosas.
- Prados de *Spartina* (*Spartinion maritimi*).
- Prados salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritimae*).
- Matos halófilos mediterráneos e termoatlánticos (*Sarcocornetea fruticosi*).
- Dunas móbiles embrionarias.
- Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
- Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): dunas grises termoatlánticas (*Crucianellion maritimae*).
- Uzais húmidos atlánticos de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.
- Uzais secos europeos.
- Uzais oromediterráneos endémicos con toxo.
- Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano e alpino.
- Pendentes rochosas silíceas con vexetación *casmo*fitica.
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).
- Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*.

• **LIC do complexo húmido de Corrubedo**

O LIC do complexo húmido de Corrubedo (ES1110006) ten unha superficie total de 9.263 ha, das cales case o 19% se atopa dentro do ámbito de estudo.

A área do LIC correspondente a terra firme está conformada por unha sucesión de pequenos tramos de costa rochosa e de extensos areas e sistemas dunares, que en Basoñas e en Corrubedo forman parte de diferentes complexos de barra-lagoa litoral. Constitúe a máis extensa representación deste tipo de ambientes do noroeste de España, albergando unha gran variedade de tipos de hábitat en bo estado de conservación. O arquipélago de Sálvora, localizado na bocana das ría de Arousa, está sometido a unha forte influencia oceánica e sitúase a uns 4 km da costa; consta da illa de Sálvora (altura máxima 73 m) e as máis pequenas de Sagres, Vionta, Ervosa e Noro.

Ademais dos hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE) relacionados máis abaixo, o LIC conta con boas mostras de vexetación *helófitica* principalmente nas lagoas de Vixán, Xuño e San Pedro de Muro.

- Lagoas costeiras.
- Vexetación anual sobre restos mariños acumulados.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areosas.
- Prados salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritimae*).
- Matos halófilos mediterráneos e termoatlánticos (*Sarcocornetea fruticosi*).

- Dunas móbiles embrionarias.
 - Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
 - Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): dunas grises termoatlánticas (*Crucianellion maritimae*).
 - Dunas con céspedes do *Malcolmietalia*.
 - Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas (*Littorelletalia uniflorae*).
 - Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*.
 - Estanques temporais mediterráneos.
 - Uzais húmidos atlánticos de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.
 - Uzais secos europeos.
 - Uzais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*.
 - Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do *Molinio-Holoschoenion*.
- **LIC do Sistema Fluvial Ulla-Deza**

O LIC do Sistema Fluvial Ulla-Deza (ES1140001) ten unha superficie total de 1.633 ha, das cales case o 17% se atopa dentro do ámbito de estudo.

- Cursos fluviais con importantes poboacións piscícolas, entre as que destacan salmón atlántico e lamprea.
- Hábitats de interese comunitario (incluídos no anexo I da Directiva 92/43/CEE) presentes no LIC:
- Prados de *Spartina* (*Spartinion maritimi*)
- Uzais secos europeos
- Uzais oromediterráneos endémicas con toxo
- Rochas silíceas con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dillenii*.
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*)
- Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*.

- **LIC do Complexo Ons-O Grove**

O LIC do Complexo Ons-O Grove (ES1140004) ten unha superficie total de 7.607 ha, das cales case o 27% se atopa dentro do ámbito de estudo.

O espazo natural, situado a cabalo das rías de Arousa e de Pontevedra, está constituído por catro sectores diferenciados. Ao norte, e no interior da ría de Arousa, atópase a punta do Carreirón, no extremo sur da Illa de Arousa, e varios illotes próximos de natureza rochosa e areosa (Rúa, Guidoiro Areoso, Guidoiro Pedregoso), así como unha ampla superficie de augas mariñas e barras. Un pouco máis ao sur, a enseada do Grove e o estuario do río Umia conforman unha baía moi protexida, pouco profunda e con extensas superficies intermareais, que se atopa separada do mar aberto por un tómbolo formado por areais e dunas, o istmo da Lanzada. Moi próximo a este sector, pero na costa aberta da península do Grove, entre os lugares de Reboredo e San Vicente do Mar, sitúase un tramo no que alternan pequenos areais e costa rochosa de media e baixa altura, no que destaca o sistema dunar da praia de Mexilloeira e unha pequena lagoa litoral, A Bodeira, única na provincia de Pontevedra. O arquipélago de Ons ocupa o sur do espazo natural, xa na ría de Pontevedra, e tamén engloba unha ampla superficie de augas mariñas que se estende desde a contorna de punta Faxilda, en terra firme, até as illas. A superficie de augas mariñas alcanza as 5.517 ha no conxunto do LIC. A altura media do espazo natural é de 8 m, atinxindo desde os cero até os 128 m.

Ademais dos hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE) relacionados máis abaixo, este LIC presenta notables formacións de vexetación helofítica (fundamentalmente espadanas (*Typha* spp.) e, en menor cantidade, carrizos (*Phragmites australis*) e xuncos de lagoa (*Scirpus* spp.) na Lanzada, Noalla, A Bodeira e O Carreirón.

- Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda.
- Estuarios.
- Chairas lamacentas ou areosas que non están cubertas de auga cando hai marea baixa, lagoas costeiras.
- Grandes calas e baías pouco profundas.
- Vexetación anual sobre restos mariños acumulados.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areosas.
- Prados de *Spartina* (*Spartinion*).
- Prados salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritimae*).
- Matos halófilos mediterráneos e termoatlánticos (*Sarcocornetea fructicosi*).
- Dunas móbiles embrionarias.
- Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
- Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): dunas grises termoatlánticas (*Crucianellion maritimae*).
- Dunas do *Malcomietalia*.
- Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*.
- Uzais secos europeos.
- Uzais secos costeiros de *Erica vagans*.
- Prados húmidos mediterráneos de herbas altas (*Molinio-Holoschoenion*).
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).

- **LIC de Cabo Udra**

El LIC de Cabo Udra (ES1140009) ten unha superficie total de 623 ha, das cales case o 29% se atopa dentro do ámbito de estudo.

Tramo costeiro situado na parte externa da pequena ría de Aldán, no que se alternan pequenas áreas de cantís e rochedos graníticos de baixa altura con pequenas calas e praias areosas encaixadas, e que inclúe importantes matos costeiros. Área dun gran valor paisaxístico, localizada nunha contorna densamente poboada.

O espazo natural esténdese ao longo dunha fronte costeira duns 8 km de lonxitude, situándose entre as praias Mourisca (Bueu) e de Mendiña (Cangas). O Pedrón, Ancoradoiro, Lagos, Bon e Laguelas son outros pequenos areais que, en conxunto, cobren uns 800 m de costa. A máxima altura é de 191 m s.n.m., aínda que a altura media se sitúa nos 48 m. Inclúe unha extensión de 443 ha de augas mariñas, o que representa un 71% da superficie total do LIC, na súa meirande parte por riba da isóbata dos 15 m.

Hábitats de interese comunitario (incluídos no anexo I da Directiva 92/43/CEE):

- Estuarios.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Uzais secos europeos.
- Uzais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*.
- Uzais oromediterráneos endémicos con toxo.

- **LIC de Costa da Vela**

O LIC de Costa da Vela (ES1140010) ten unha superficie total de 1.419 ha, das cales case o 29% se atopa dentro do ámbito de estudo.

Tramo costeiro onde converxe o litoral aberto, constituído principalmente por unha fronte case lineal de abruptos cantís graníticos e de xisto, e o litoral da ría de Vigo, principalmente areoso e amparado pola pantalla protectora das próximas illas Cíes. Estes nítidos contrastes, que teñen lugar dentro dunha área reducida, así como a extraordinaria beleza escénica na que se enmarcan, confírenlle ao espazo natural un excepcional valor paisaxístico.

O litoral rochoso esténdese ao longo de case 10 km, cun tramo de cantís especialmente alto e abrupto entre punta Couso e monte Facho, máxima altura inmediata ao espazo natural, con 184 m s.n.m. Os cantís mariños alcanzan aquí a cota máis alta, cun máximo de 159 m. Nas inmediacións de punta Couso existe unha serie de pequenos illotes e barras rochosas (As Osas, Cabalo de Aldán, A Chousa). Tras alcanzar a punta da Soavela, unha vez sobrepasado a vila de Donón, o relevo costeiro vólvese máis suave cara ao cabo Home e punta Robaleira, reflexo da natureza de xisto do substrato, aínda que mantendo alturas considerables, oscilantes entre os 100 e os 140 m. Entre esa punta e a praia de Barra, pasando por punta Subrido, predominan os cantís de baixa altura, formándose na súa metade a resgardada enseada e areal de Melide, duns 250 m de lonxitude. As praias de Barra e Nerga ocupan o sector suroriental, estendéndose ao longo duns 2 km xa dentro da ría de Vigo e conformando, xuntamente coa de Melide, un sistema dunar de grande importancia por incorporar macroformas dunares pouco comúns (dunas parabólicas, dunas de varxas) e unha extensa área de dunas remontantes, que superan os 50 m sobre o mar nas proximidades de Donón. Por outra parte, o LIC inclúe unha extensa superficie de augas mariñas (1.003 ha) que, estendéndose entre punta Cousa e cabo Home, atinxen na súa maior parte fondos por riba dos 30 m de profundidade.

Hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE):

- Vexetación anual sobre restos mariños acumulados.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Dunas móbiles embrionarias.
- Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
- Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises).
- Dunas con céspedes do *Malcolmietalia*.
- Uzais secos europeos.
- Uzais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*.
- Uzais oromediterráneos endémicos con toxo.
- Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do *Molinio-Holoschoenion*.
- Rochedos silíceos con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dillenii*.

- **LIC da enseada de San Simón**

O LIC da enseada de San Simón (ES1140016) ten unha superficie total de 2.218 ha, das cales o 3% se atopa dentro do ámbito de estudo.

Cubeta de orixe tectónica, que dá lugar a una ampla enseada, duns 8 km de lonxitude e 3,6 km de anchura máxima, no fondo da ría de Vigo. A enseada está comunicada co tramo medio da ría polo estreito de Rande, duns 700 m de anchura, dándolle á enseada, que por outra parte está ben resgardada por unha serie de elevacións de entre 100 e 600 m de altura, o aspecto dun lago. A altura máxima do LIC é de 53 m, aínda que a media non supera 1 m.

Varios cursos de auga, polo xeral de escasa entidade, desaugan na zona, os máis importante dos cales son o río Verdugo, que desemboca ao nordeste, entre Arcade e Ponte Sampaio, e o río Maceira, que forma un pequeno estuario entre Redondela e Cesantes, ao sueste da enseada. No extremo noroccidental, atópanse os restos

dunhas antigas explotacións de sal (salinas de Casó), na actualidade case totalmente cheas e colonizadas por vexetación halófila, que son atravesadas polo regato de Tuimil ou Ullo. O terzo norte da cubeta, augas a dentro da punta do Cabalo, constitúe a enseada de Vilaboa, que descobre na súa maior parte durante as baixamares, incluíndo máis de 400 ha de chairas intermareais lamacentas e areoso-lamacentas. En conxunto, os fondos son pouco profundos, non superando os 8 m de profundidade agás no estreito de Rande e os seus arredores. Na preamar, a superficie de augas franxas alcanza as 2.127 ha e cobre, polo tanto, a maior parte do espazo natural, coa excepción dalgúns anacos de marisma, pequenas masas de bosque e varios illotes rochosos (Alvedosas, San Simón, Lobeira, San Antón).

Hábitats de interese comunitario (incluídos no anexo I da Directiva 92/43/CEE):

- Chairas lamacentas ou areosas que non están cubertas de auga cando hai marea baixa.
- Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areosas.
- Prados de *Spartina* (*Spartinion maritimi*).
- Prados salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritimae*).
- Uzais secos europeos.
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).

- **LIC das illas Estelas**

O LIC das illas Estelas (ES1140012) ten unha superficie total de 725 ha, das cales case o 6% se atopan dentro do ámbito de estudo.

É un pequeno arquipélago granítico situado ao norte da enseada de Baiona, integrado por dúas illas principais de escasa altura, Estela de Fóra e Estela de Dentro, así como algúns illotes e penas que afloran durante a baixamar (Serralleiras), ademais da zona marítimo-terrestre continental veciña, de perfil totalmente de cantís, pertencente á península de Monteferro ou punta de Meda, que se estende entre as praias de Patos, ao norte, e de Portocelo, ao sur, ao longo de case 3 km.

Hábitats de interese comunitario (incluídos no anexo I da Directiva 92/43/CEE):

- Estuarios.
- Uzais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*.

- **LIC da Ramallosa**

O LIC da Ramallosa (ES1140003) ten unha superficie total de 92 ha, dos cales o 30% se atopa dentro do ámbito de estudo.

Estuario do río Miñor, separado da enseada de Baiona e cerrado case completamente por unha estreita seta litoral areosa. Presenta marismas halófilas ben conservadas, desenvolvidas sobre substratos lamacentos e lamacentos-areosos que descubren case completamente durante as baixamares.

Hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE):

- Prados de *Spartina* (*Spartinion maritimi*).
- Prados salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritimae*).
- Matos halófilos mediterráneos e termoatlánticos (*Sarcocornetea fruticosi*).

- **ZEPA - LIC das illas Cíes**

A suma total das superficies protexidas mediante as figuras LIC (ES0000001) e ZEPA (ES0000001) é de 990,33 ha das cales 448,84 están ou pertencen ao ámbito da comarca das Rías Baixas.

Arquipélago situado a 2,7 km de terra firme no seu punto máis próximo, aliñado en dirección norte-sur na boca da ría de Vigo, cunha superficie emerxida de 455 ha. As illas de maior entidade son as de Monte Agudo (179,5 ha), do Faro (106,6 ha) e San Martiño (145,5 km). As dúas primeiras están unidas por unha barra areosa (praia de Rodas). Hai tamén algúns illotes de menos de 1 ha de superficie (Penela dos Viños, Ruzo, Garabelos e Agoeiro, este último situado no extremo sur do espazo natural, a 1,4 km ao sur da illa de San Martiño). As maiores alturas alcanzan os 197 m na illa de Monte Agudo, 179 m na do Faro e 175 m na de San Martiño.

As illas están constituídas por granitos de feldespato alcalino, entre os que se observan diques ácidos e enclaves de micasquistos, cuarzo-xistos e paragneises do complexo cabo do Home-A Lanzada. A súa cara oeste é moi abrupta, estando conformada por cantís mariños de grande elevación e un gran número de furnas (covas mariñas), mentres que a vertente leste amosa un relevo máis suave, incluíndo varias praias. A maior parte destes areas, entre os que destacan os de Figueiras, Rodas e San Martiño, presentan formacións dunares de diversa entidade, destacando o sistema de praia-barreira de Rodas, que cerra unha pequena lagoa (lago dos Nenos) con vexetación halófila, e as dunas de Figueiras-Muxieiro. A peculiar aliñación dos cantís da cara occidental, que pode gardar relación co accidente responsable da aliñación costeira A Guarda-cabo Silleiro, así como os depósitos areosos de duna, os solos coluviais de pequeno grosor que se apoian sobre o substrato granítico, as furnas e os magníficos exemplos de modelado granítico (*taffoni* ou cacholas, por exemplo), determinaron a súa inclusión no Inventario Nacional de Puntos de Interese Xeolóxico, do IGME (PIG PO-121).

A parte alta dos cantís, e particularmente a dos máis expostos da vertente occidental, está recuberta extensivamente por herbas e matos aerohalófilos, que alcanzan unha gran diversidade. As partes máis altas e resgardadas están ocupadas por toxos de *Ulex e. europaeus* e por plantacións forestais de piñeiros, eucaliptos e acacias, que ocupan máis de 100 ha, pero a vexetación de árbores autóctona é escasa. Na vertente abrigada das illas de Monte Agudo e do Faro sitúanse algunhas edificacións, os peiraos e un cámping.

- Hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE):
- Vexetación anual sobre restos mariños acumulados.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Prados salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritimae*).
- Matos halófilos mediterráneos e termoatlánticos (*Sarcocornetea fruticosi*).
- Dunas móbiles embrionarias.
- Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
- Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): dunas grises termoatlánticas (*Crucianellion maritimae*).
- Dunas con céspedes do *Malcolmietalia*.
- Dunas con vexetación esclerófila do *Cisto-Lavanduletalia*.
- Uzais secos europeos.
- Uzais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*.
- Rochedos silíceos con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dillenii*.

- **ZEPA do Complexo litoral de Corrubedo**

A ZEPA do Complexo litoral de Corrubedo (ES0000313) ten unha superficie total de 971 ha, das cales o 86% se atopa dentro do ámbito de estudo.

Complexo de barra-lagoa con extenso sistema dunar. Constitúe quizais a mellor representación deste tipo de ambientes no noroeste de España, albergando unha gran variedade tipos de hábitat en bo estado de conservación nun espazo relativamente reducido.

Pertence a rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea e subprovincia cántabro-atlántica, adscribíndose ao sector galaico-portugués. Dominio climático oceánico híper-húmido (en transición a oceánico húmido con tendencia á aridez estival), cunha precipitación media anual de ao redor dos 1.244 mm, temperaturas medias de 14,6° C e ausencia total de xeadas.

A fronte do espazo natural constitúeo unha serie de praias areosas que, en conxunto, se estenden ao longo duns 5 km, e nas que aparecen algunhas barras rochosas. Estes areas dan paso cara ao interior a varios sistemas dunares ben estruturados, nos que se inclúen cordóns de dunas primarias e secundarias, extensos campos de dunas terciarias (fixadas), mantos eólicos, dunas remontantes e diferentes tipos de depresións interdunares. Tras a praia da Ladeira, ao norte do espazo natural, atópase unha gran duna móbil, de preto de 1 km de lonxitude, até 250 m de anchura e unha altura duns 15 m. As barras dunares separan do mar a dúas interesantes zonas húmidas: as marismas do Carregal, que se prolongan na lagoa de Artes, e a lagoa de Vixán, ao sur da zona. O Carregal mantén contacto co mar mediante unha canle natural de desaugamento, polo que se ve sometido regularmente ás mareas e mantén vexetación halófila, aparecendo diferentes tipos de salgadura e xunqueira. A lagoa de Vixán, pola contra, está illada normalmente do mar, e as súas augas son doces ou debilmente salobres, o que facilita o desenvolvemento dun amplo cinto de vexetación helofítica, con predominio da carriceira. O espazo natural vese completado por piñeiros de repoboación (en gran parte sobre terreos areosos), áreas cultivadas e, xa fóra dos seus límites, unha ampla baía mariña.

Cítanse a continuación os hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CC):

- Estuarios.
- Lagoas costeiras.
- Vexetación anual sobre restos mariños acumulados.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areosas.
- Prados salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritimae*).
- Matos halófilos mediterráneos e termoatlánticos (*Sarcocornetea fruticosi*).
- Dunas móbiles embrionarias.
- Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
- Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): dunas grises termoatlánticas (*Crucianellion maritimae*).
- Dunas con céspedes do *Malcolmietalia*.
- Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas (*Littorelletalia uniflorae*).
- Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*.
- Estanques temporais mediterráneos.
- Uzais húmidos atlánticos de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.

- Uzais secos europeos.
- Uzais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*.
- Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do *Molinio-Holoschoenion*.

- **ZEPA do Complexo Intermareal Umia-O Grove-A Lanzada-Punta Carreirón-Lagoa**

A ZEPA do Complexo Intermareal Umia-O Grove-A Lanzada-Punta Carreirón-Lagoa (ES0000087) ten unha superficie total de 2.812 ha, das cales o 45% se atopa dentro do ámbito de estudo.

A ZEPA, situada a cabalo das rías de Arousa e de Pontevedra, está constituída por tres sectores netamente diferenciados. O sector máis extenso é a enseada do Grove e o estuario do río Umia, conformada por unha baía moi protexida, pouco profunda e con extensas superficies intermareais, e separada de mar aberto por un tómbolo formado por areais e dunas. O segundo sector constitúe un pequeno sistema dunar con lagoa litoral, situados ao norte da península do Grove (praia de Mexiloeira e lagoa da Bodeira). O terceiro sector, situado ao sur da illa de Arousa e proximidades (O Carreirón, illotes Guidoiros e illa de Rúa), está integrado por varios illotes rochosos e areosos e seccións de costa baixa ben conservada no interior da ría.

Pertence á rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea e subprovincia cántabro-atlántica, adscribíndose ao sector galaico-portugués. Dominio climático oceánico húmido con tendencia á aridez estival, cunha precipitación media anual de 1.244 mm, temperatura media de 14,6° C e ausencia total de xeadas.

As praias, os sistemas dunares e as zonas húmidas de trasduna están moi ben representados nos diferentes sectores. Destaca pola súa extensión a praia da Lanzada e areais anexos (3,5 km), así como o sistema dunar asociado. Estas dunas están cubertas de pozas e lagoas temporais e semipermanentes, en boa parte poboados por vexetación helofítica. Na parte sur do istmo, hai tamén xunqueiras salinas e unha extensa zona húmida ocupada por espadanais e ameneiros pantanosos (Rego dos Mouros, Noalla). Outras zonas húmidas de auga doce son a lagoa da Bodeira e as lagoas do Carreirón (Illa de Arousa), ademais do complexo de lagoas e pozas naturais de Rouxique, na contorna da enseada do Bao, produto de antigas extraccións de arxila. As chairas intermareais lamacentas e os bancos de area predominan na enseada Umia-O Grove propiamente dita (ao redor de 1.200 ha), estando colonizadas extensivamente por prados de *Zostera marina* e *Zostera noltii*, con áreas máis reducidas de salgadura, espartal e xunqueira halófilo, sobre todo na desembocadura do Umia. En conxunto, hai un bo número de illotes de natureza rochosa ou sedimentaria (Illariña, Tourís. Marma, Beiró, A Toxa Pequena, Illeiras, Guidoiro Areoso, Guidoiro Pedregoso, Rúa, etc.). O espazo natural vese completado coa existencia dalgúns piñeiros, matos costeiros e terras de labor.

Ademais dos hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE) relacionados máis abaixo, esta ZEPA presenta notables formacións de vexetación helofítica (fundamentalmente espadanas *Typha spp.* e en menor cantidade carrizos *Phragmites australis* e xuncos de lagoa *Scirpus spp.*) na Lanzada, Noalla, A Bodeira e O carreirón.

- Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda.
- Estuarios.
- Chairas lamacentas ou areosas que non están cubertas de auga cando hai marea baixa.
- Lagoas costeiras.
- Vexetación anual sobre restos mariños acumulados.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.

- Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areosas.
- Prados de *Spartina* (*Spartinion*).
- Prados salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritimae*).
- Matos halófilos mediterráneos e termoatlánticos (*Sarcocornetea fruticosi*).
- Dunas móbiles embrionarias.
- Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
- Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): dunas grises termoatlánticas (*Crucianellion maritimae*).
- Dunas do *Malcomietalia*.
- Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*.
- Uzais secos europeos.
- Uzais secos costeiros de *Erica vagans*.
- Prados húmidos mediterráneos de herbas altas (*Molinio-Holoschoenion*).

- **ZEPA da illa de Ons**

A ZEPA da illa de Ons (ES0000254) ten unha superficie total de 924 ha, das cales o 47% se atopa dentro do ámbito de estudo.


Arquipélago situado a uns 4 km de terra firme e a 12 km ao norte das illas Cíes. Á parte dalgúns illotes (Centolo, A Freitasosa), está integrado pola illa de Ons (367,5 ha, lonxitude 5,3 km, anchura máxima 1,2 km) e a moito máis pequena de Onza (25,7 ha, lonxitude máxima 0,5 km).

Pertence á rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea e subprovincia cántabro-atlántica, adscribíndose ao sector galaico-portugués. Dominio climático oceánico húmido con tendencia á aridez estival, cunha precipitación media anual de 877 mm, temperatura media de 14° C e ausencia total de xeadas.

Mentres que a illa de Onza presenta una morfoloxía case completamente de cantís, a illa de Ons amosa perfís moi diferentes na súa costa externa e interna. A cara interna está constituída por costa rochosa baixa e algunhas praias (Melide, Canexol e outras), en parte con pequenos sistemas dunares asociados. A cara externa, en contraste, é moito máis abrupta e quebrada, cunha extensa fronte de cantís, con varias furnas ou covas mariñas (Burato do Inferno, Fontenova, etc.), sobre o que se estenden prados arohalófilos e landas costeiras de toxo-uz. As partes máis altas da illa, así como a vertente oriental, están cubertas por mato non halófilo, pequenas áreas cultivadas, prados con salgueiros, plantacións forestais de escasa entidade e un considerable número de edificacións.

A continuación, cítanse os hábitats máis significativos:

- Vexetación anual sobre restos mariños acumulados.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Dunas móbiles embrionarias.
- Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
- Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): dunas grises termoatlánticas (*Crucianellion maritimae*).
- Dunas con céspedes do *Malcomietalia*.
- Uzais secos europeos.
- Uzais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*



Costa Sur

Na Costa Sur, o único espazo incluído na Rede Natura 2000 é a desembocadura do río, clasificado como LIC Baixo Miño e Esteiro do Miño para a protección ZEPA.

- **LIC do Baixo Miño**

O LIC do Baixo Miño (ES1140007) ten unha superficie total de 2.871 ha, das cales o 23% se atopa dentro do ámbito de estudo.

Extenso tramo baixo do río Miño, duns 76 km de lonxitude, que discorre sen encorar ao longo da beira meridional das comarcas do Baixo Miño, O Condado e A Paradanta, entre o encoro de Frieira e a súa desembocadura, nas inmediacións da Guarda. Tamén inclúe parte dos cursos de tres pequenos tributarios, o rego de Ribadil e os ríos Deva e Termes, en terras das Neves, Arbo e Crecente, así como, augas abaixo, as desembocaduras dos ríos Tea, Caselas, Louro, Furnia, Cereixo e Tamuxe. O seu rango de altitudes é de 0-50 m s.n.m. Trátase dun espazo transfronteirizo, compartido con Portugal, no que se desenvolven accións coordinadas polo Grupo de Traballo Galicia-Norte de Portugal.

O Miño presenta aquí un baixo índice de sinuosidade e unha pendente media moi escasa e bastante homoxénea (0,06%), superando os 400 m de ancho nalgunhas seccións a partir das Neves, onde comeza a formación de depósitos fluviais. O seu máximo caudal rexístrase en febreiro e o mínimo entre xullo e setembro, cando se rexistra un considerable déficit hídrico.

Na súa parte media, o río sofre cambios xeomorfolóxicos e ecolóxicos moi importantes. Así, a influencia das mareas faise notar ao longo dos seus últimos 35-40 km de canle e as beiras pasan de se mostrar rochosas e relativamente abruptas, a presentaren un predominio de materiais finos (areas e lama) xa desde as proximidades de Tui, o que, tendo ademais en conta o escaso rango batimétrico deste tramo de estuario, cunha máxima profundidade de 4 m por debaixo do cero hidrográfico na súa desembocadura, favorece a aparición de illas planas de orixe sedimentaria, tapizadas por xunqueiras e prados, denominadas morraceiras na zona (Canosa, Morraceira do Grilo, As Varandas), ou ben máis ou menos cubertas de árbores (Amores, Boega, Vacariza, Lenta), así como a formación de bancos de areas e lamas (Ariños). A penetración de auga salgada é bastante limitada, de xeito que durante a baixamar as augas do estuario son basicamente doces.

Ademais dos hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE) relacionados máis abaixo, o LIC presenta notables formacións de vexetación helofítica (fundamentalmente *Phragmites australis* e *Scirpus spp.*) no estuario.

- Estuarios.
- Chairas lamacentas ou areosas que non están cubertas de auga cando hai marea baixa.
- Prados salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritima*).
- Dunas móbiles embrionarias.
- Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
- Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): dunas grises termoatlánticas (*Crucianellion maritima*).
- Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*.
- Uzais secos europeos.
- Uzais oromediterráneos endémicos con toxo.
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).

- **ZEPA do esteiro do Miño**

ZEPA do esteiro do Miño (ES0000375) ten unha superficie total de 1.688 ha, das cales o 34% se atopa dentro do ámbito de estudo.

Comprende na súa case totalidade a área baixo influencia das mareas, ao longo dos últimos 33 km da canle fluvial. De batimetría moi limitada, a máxima profundidade é duns 4 m baixo por debaixo do cero hidrográfico na desembocadura. A penetración de auga salgada é especialmente bastante limitada, e durante a baixamar as augas do estuario son basicamente doces. Pertence á rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea e subprovincia cántabro-atlántica, adscribíndose ao sector galaico-portugués. Dominio climático oceánico

húmido con tendencia á aridez estival, cunha precipitación media anual de 1.315 mm, temperatura media de 14,3° C e ausencia de xeadas.

A zona presenta unha extensa área de xunqueira, prados de ciperáceas e vexetación helofítica, con predominio da carriceira de *Phragmites australis*, así como manchas de salgueiros pantanosos, en Salcidos e áreas veciñas. As xunqueiras e prados húmidos, así como anacos de bosque ripario, caracterizan as veciñas illas da Canosa, Morraceira do Grilo, Morraceira das Varandas e As Pozas. Augas abaixo da illa Boega, e até as proximidades da Pasaxe, hai algúns bancos areosos intermareais, máis extensos do lado portugués, e beiras lamacentas-areosas, parcialmente cubertas de prados de *Zostera noltii* e outros tipos de vexetación halófila. Río arriba a vexetación helofítica faise máis rara, pero abundan as formacións de *Ranunculus*, *Potamogeton* e outros hidrófitos en augas superficiais, con pequenas, pero interesantes mostras de bosque de ribeira nalgúns tramos de beiras e illas, como A Vaqueriza. A presenza de dunas é marxinal e restrínxese á desembocadura (praia de Camposancos).

Ademais dos hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE) relacionados máis abaixo, a ZEPA presenta notables formacións de vexetación helofítica (fundamentalmente *Phragmites australis* e *Scirpus spp.*).

- Estuarios.
- Chairas lamacentas ou areosas que non están cubertas de auga cando hai marea baixa.
- Prados salinos atlánticos (*Glaucopuccinellietalia maritima*).
- Dunas móbiles embrionarias.
- Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
- Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): dunas grises termoatlánticas (*Crucianellion maritima*).
- Uzais secos europeos.
- Uzais aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).

5.2. OUTROS ESPAZOS PROTEXIDOS DE GALICIA

A Lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza contempla, ademais dos espazos anteriormente descritos, dúas figuras de protección para aqueles que presenten valores cun interese a escala local. Trátase das figuras de “Espazo natural de interese local” e “Espazo privado de interese natural”.


A declaración destes espazos regúlase a través do Decreto 124/2005, de 6 de maio, polo que se regula a figura de Espazo natural de interese local e a figura de Espazo privado de interese natural.

Debido ao alcance local do seu interese, estas dúas proteccións non se inclúen dentro da Rede galega de espazos naturais protexidos.

5.2.1. ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL

A Lei 9/2001 de conservación da natureza define no seu artigo 17 esta figura como “aqueles espazos integrados no seu termo municipal que polas súas singularidades sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais”.

Esta protección ten que ser solicitada polo concello que corresponda previo a un informe emitido pola Consellería con competencia en ordenación do territorio e urbanismo, para que finalmente sexa a Consellería con competencia en conservación da natureza a que teña a potestade de declarar ese espazo como tal ou non.



En Galicia, actualmente están recoñecidos catro espazos, que ocupan unha superficie conxunta de 292 ha aproximadamente. Destes, figuran incluídos no ámbito de estudo do POL as Illas de San Pedro e Xunqueira de Alba.

5.2.2. ESPAZO PRIVADO DE INTERESE NATURAL

Segundo o Artigo 18, da Lei 9/2001, poderán optar a esta protección “as institucións e os propietarios particulares dos terreos nos que existan formacións naturais, especies ou hábitats de flora e fauna silvestres cuxa protección se considere de interese”. Para a súa obtención deberá presentarse unha memoria motivada á Consellería con competencia en conservación da natureza.

Actualmente, figura declarado como tal o espazo de “Sobreiras do Faro” de Oia.

5.3. OUTRAS FIGURAS DE PROTECCIÓN INTERNACIONAL

5.3.1. RESERVAS DA BIOSFERA (UNESCO)

As Reservas da Biosfera constitúen lugares excepcionais para a investigación, a observación a longo prazo, a formación, a educación e a sensibilización do público, permitindo ao mesmo tempo que as comunidades locais participen plenamente na conservación e o uso sostible dos recursos. Considérase que tamén constitúen lugares

de demostración e polos de acción no marco das políticas de desenvolvemento rexional e de ordenación do territorio. A Conferencia de Sevilla confirmou a especial importancia das reservas de biosfera instituídas no marco do Programa MaB (*Man and Biosphere*), sobre o Home e a Biosfera para a conservación da diversidade biolóxica, en harmonía coa salvagarda dos valores culturais aos que están vinculadas.

As reservas de Biosfera constitúen un elemento esencial do Programa MaB (home e biosfera) da UNESCO. Son áreas de ecosistemas terrestres, costeiros ou mariños nos que se promove a investigación, a observación a longo prazo, a educación ambiental e a sensibilización do público. Nelas, promóvese a conservación dos recursos naturais e o desenvolvemento económico e social das comunidades locais, tendo en conta todas as necesidades sociais, culturais, económicas dos seus poboadores, apoiadas nunha base científica.

A Rede Mundial de Reservas de Biosfera da UNESCO comezou en 1976 e, desde entón, non deixou de medrar. En España, existen na actualidade 38 Reservas de Biosfera, das que 5 se atopan no territorio galego (un 10%): Terras do Miño; Área de Allariz; Os Ancares lucenses e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá; río Eo, Oscos e Terras de Burón; e a de Xurés-Gerês, reserva transfronteiriza con Portugal. Entre todas elas, suman case 600.000 ha, o que representa un 20% do total do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Destas tan só a do río Eo, Oscos e Terras de Burón inclúen terras comprendidas no ámbito de xestión do Plan de Ordenación do litoral, ocupando unha superficie de 5.507 ha, tal e como se reflicte no seguinte mapa.

A Reserva da Biosfera río Eo, Oscos e Terras de Burón, que conta cunha superficie de algo menos de 160.000 ha, localízase no ámbito do litoral cantábrico do occidente español, no límite do Principado de Asturias e Galicia. O territorio atópase vertebrado ao redor da conca do río Eo e a súa desembocadura, se ben cabe destacar a incorporación na Reserva dunha parte substancial das concas dos ríos Navia, Porcía e Miño, xunto con pequenas concas costeiras Cantábricas.

O territorio da Reserva da Biosfera río Eo, Oscos e Terras de Burón formaríase parte do Reino zoogeográfico paleártico e do Bioma denominado Bosques mornos caducifolios, maioritario na Europa occidental e setentrional. Non obstante, a área sitúase no límite meridional da área de distribución dese Bioma, de forma que en determinadas orientacións e substratos aparecen ecosistemas correspondentes ao Bioma denominado Bosques esclerófilos de folla perenne, maioritario na Península Ibérica e que ten na área proposta carácter de sucesorio.

Os niveis de altitudes alcanzados oscilan entre o nivel do mar e os 1.286 m do pico Busbeirón, na Serra de Gallardo. Cabe destacar que a parte mariña integraría territorios mariños até 20 m de profundidade. O importante contraste de altitudes implica unha elevada diferenza entre as temperaturas medias anuais que é posible constatar dentro dos territorios da Reserva, posto que van desde os 9,4° C nas zonas máis interiores, mesmo os 14,1° C das áreas costeiras. En canto á precipitación, a tendencia invértese, oscilando entre 919 mm na zona litoral, e os 1.749 mm rexistrados en montañas interiores.

O macizo galaico-asturiano constitúe o límite máis occidental da Cordilleira Cantábrica, conformando unha barreira paisaxística e bioxeográfica que individualiza o litoral Cantábrico do Atlántico, delimitando á súa vez os territorios litorais-sublitorais Cantábricos das grandes chairas interiores de Galicia, drenadas polos ríos do arco Atlántico. Esta ampla rexión alberga diversos tipos de unidades paisaxísticas forxadas ao longo da historia e que sustentan na actualidade un importante acervo de recursos naturais, culturais e económicos.

A área incluída dentro da Reserva da Biosfera río Eo, Oscos e Terras de Burón vértase a través da conca fluvial do río Eo, atinxindo desde o seu nacemento en Fonte (municipio de Baleira, Lugo), mesmo a súa desembocadura no mar Cantábrico. Xunto a esta área, inclúense na Reserva da Biosfera territorios que aínda que pertencentes ás concas do Navia, Miño e Porcía, posúen unha grande uniformidade en relación aos compoñentes da biodiversidade e cos compoñentes de carácter cultural e patrimonial.

6. O PLANEAMENTO URBANÍSTICA VIXENTE

6.1. LEXISLACIÓN URBANÍSTICA: UN BREVE PERCORRIDO HISTÓRICO

Até o 12 de maio de 1956, o Estado español non contaba cunha protección de solo. É a partir desta data cando a Lei de solo e ordenación urbana eleva a ordenación a elemento fundamental do novo sistema, con isto introduciuse un réxime de valoración do solo por razóns urbanísticas –solo urbano, solo de reserva urbana, e solo rústico–, cuxos límites os determinarán os Plans xerais de ordenación municipal (PXOM).

Galicia tardou en se incorporar ao tren da ordenación urbanística. A asunción co Estatuto de Autonomía de Galicia de 1982 das competencias exclusivas en ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda, impulsou a creación dun corpo normativo autonómico que co tempo e a acumulación de experiencias foi evolucionando até a lexislación vixente. Destaca nesta evolución a importancia que foi adquirindo o respecto polo ambiente, a aposta por un desenvolvemento compatible coa excelencia ambiental e a progresiva introdución de parámetros paisaxísticos e de sostibilidade no enfoque lexislativo. Lembramos a continuación algúns destes fitos lexislativos:

1985: **Lei de 22 de agosto de adaptación a Galicia da Lei estatal sobre réxime do solo e ordenación urbana de 1976.** Adapta o réxime xurídico do solo á realidade polinuclear do territorio galego, pero sen introducir un nivel de planificación superior ao municipal.

1995: a **Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia** suple este defecto coa determinación normativa e instrumental dos mecanismos para conseguir unha perspectiva realmente territorial á hora de planificar o crecemento e organizar o espazo galego.

1997: **Lei 1/1997, de 24 de marzo, do solo de Galicia**, que avanza no perfeccionamento do réxime xurídico do solo en función do seu grao de urbanización e matiza e innova o sistema de plans municipais.

2002 (modificada en 2004, 2008 e 2010): **Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia**, revisión da lei anterior, que profunda na conservación do solo rústico ou non urbanizable e afianza a clase de solo de núcleo rural xa contida na lexislación anterior.

2006: **Lei 9/2006 sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente** coa que se traspón á ordenación xurídica española a Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente. Introduce a nivel estatal a coñecida como Avaliación ambiental estratéxica, que vela pola integración de criterios de sostibilidade na toma de decisións dos planes e programas, entre os cales se atopan as figuras de ordenación do territorio e de urbanismo, o que se traduce na prevención dos seus posibles efectos.

2007: **Lei 6/2007, de 11 de maio de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia**, ten por obxecto a paralización dos desenvolvementos urbanísticos na faixa de 500 m. desde a ribeira do mar en tanto en canto non se elabore o Plan de ordenación do litoral. Igualmente integra os procedementos de aprobación da ordenación cos de Avaliación ambiental estratéxica de acordo coa Directiva europea 42/2001/CE e a Lei 9/2006.

2008: **Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia**, na que se establece o recoñecemento xurídico da paisaxe, os instrumentos para a súa protección, xestión e ordenación, así como a organización, sensibilización e concertación das políticas da paisaxe.

Co obxecto de facilitar a comprensión e relación entre as diferentes categorías empregadas en cada unha das etapas legislativas, establécese o seguinte cadro comparativo da clasificación do solo que establecen as citadas leis urbanísticas que tiveron vixencia en Galicia:

Planeamento Municipal. Clases Equivalentes de Solos	Sup (Has)	% Ambito
INT-Intermareal	7.769,75	3,61%
NR-Núcleo Rural	15.621,51	7,25%
SX-Sistemas Xerais	1.354,27	0,63%
SPLAN-Sen Planeamento	1.145,20	0,53%
SRPE-Solo Rústico Protección Especial	103.821,41	48,21%
SRPO-Solo Rústico Protección Ordinaria	55.254,77	25,66%
Suc-Solo Urbano Consolidado	16.555,24	7,69%
SUD-Solo Urbanizable Delimitado	2.142,65	0,99%
SUNC-Solo Urbano Non Consolidado	1.965,68	0,91%
SUND-Solo Urbanizable Non Delimitado	9.728,54	4,52%
Total xeral	215.359,036	100,00%

6.2. PLANEAMENTO MUNICIPAL VIXENTE NOS CONCELLOS DO POL

Na actualidade, a fotografía do estado da ordenación municipal no conxunto de Galicia revela as graves carencias, tanto cuantitativas como cualitativas, que aínda existen na ordenación urbanística municipal.

Dos 315 concellos galegos, tan só 136 deles (un 43,17%) contan cun Plan Xeral de Ordenación, 115 (un 36,51%) réxense por Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal, e os 64 restantes (que supoñen un 20,32%) carecen de ordenación urbanística propia, estando a expensas das normas mínimas establecidas polas Normas Subsidiarias Provinciais de Ordenación.

Unicamente 51 concellos (un 16,19% do total) contan cun instrumento de ordenación municipal adaptado á vixente Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, a pesar de que o prazo máximo que esta establecía para a adaptación de toda a ordenación remataba en 2006. Ademais, 12 concellos teñen a súa ordenación suspendida ou anulada.

No que respecta ao ámbito de estudo do Plan de ordenación do litoral, dos 84 concellos que o constitúen, na actualidade 37 contan con Plan xeral de ordenación (el 44,05%), 43 con Normas subsidiarias de planeamento municipal (NSPM) (un 51,19%), 2 cunha Delimitación de solo urbano (DSU) e en 2 deles (Dumbría e Gondomar) non contan con figura de ordenación.


Do conxunto de municipios, tan só 10 (Lousame, A Pobra do Caramiñal, Dodro, Laxe, Paderne, Oleiros, Outes, Muros, Valga y Vigo, o que constitúe un 11,90% do total) teñen a ordenación adaptada á Lei de ordenación urbanística vixente, a Lei 9/2002, e unicamente sete deles (A Pobra do Caramiñal, Paderne, Oleiros, Muros, Valga, Vigo e Laxe) foron aprobados despois da entrada en vigor da Lei 9/2006, contando así coa revisión do órgano ambiental do proceso de Avaliación ambiental estratéxica, cunha resolución de inviabilidade de sometemento a ese proceso como tal, acolléndose á disposición transitoria que contemplaba esa norma.

Destaca que dos 12 concellos gallegos que con data de febreiro de 2011, teñen a ordenación suspendida froito do acordo do Consello da Xunta ou de sentenza xudicial firme, 9 deles son municipios costeiros integrados no Plan de ordenación do litoral: Sada e Ares na Coruña, Viveiro, Ribadeo e Barreiros en Lugo (a terceira parte dos municipios costeiros desta provincia) e O Grove e Gondomar en Pontevedra. En Boiro, a ordenación urbanística atópase afectada por unha sentenza xudicial que anula o plan, en vigor desde 1993.

O corpo normativo municipal que ordena o territorio de intervención é, polo tanto, un conxunto de figuras de diferente natureza, con criterios de clasificación e ordenación dispares e mesmo en ocasións, contraditorias. Chama poderosamente a atención que tan só o 11,90% dos concellos teñan a súa ordenación municipal adaptada á lexislación urbanística vixente, xa que esta situación pexa notablemente calquera intención de harmonizar, coordinar e impulsar políticas territoriais a unha escala supramunicipal.

Unha vez homoxeneizada a clasificación do solo dos 84 municipios do ámbito de estudo para obter unha serie comparable, de forma que permita superar as diferenzas de nomenclatura sen perder o espírito último das clases establecidas polas diferentes leis, obtéñense os seguintes datos:

A distribución espacial das diferentes categorías de solo é tan importante como a súa composición cuantitativa para obter conclusións sobre a estrutura territorial das diferentes costas, que se pode ler a través da construción da ordenación municipal.



Marina Lucense. Planeamento de Desenvolvemento



Mariña lucense


A comarca costeira da Mariña lucense está formada polos municipios de Ribadeo, Trabada, Barreiros, Foz, Burela, Cervo, O Valadouro e Xove. Dentro deste ámbito, desde Ribadeo a Burela esténdese unha planicie costeira flanqueada ao sur por un conxunto de elevacións; pasado Burela, e até chegar á ría de Viveiro, a paisaxe caracterízase por un relevo de vales que orixinan numerosos entrantes e saíntes na costa.

Na Mariña lucense, a suspensión ou anulación das ordenacións de dous (Ribadeo e Barreiros) dos nove municipios e a non existencia de ordenación xeral no resto condiciona en certa medida esta análise.

En xeral, figura unha alta porcentaxe de solo rústico de protección ordinaria (66,13%). Obsérvase tamén, como a ocupación do territorio responde ao modelo tradicional dos asentamentos, caracterizado pola súa elevada dispersión. O solo clasificado como urbano equivale ao 4,23% da superficie total (778,60 ha) desta comarca costeira, e atópase a meirande parte próximo á liña costeira, condicionada en grande medida pola topografía do lugar.

Do mesmo xeito, as reservas de solo para desenvolvemento urbano tamén se sitúan neste ámbito, de maneira que preto do 8,66% do total do solo urbanizable (delimitado ou non) queda incluído nel.

Este modelo de crecemento potencia a unión entre diferentes núcleos, tanto rurais como urbanos, tendendo a conformar un continuo urbano de dirección claramente paralela á costa. Pola contra, a protección do solo rústico pretende potenciar as conexións transversais entre a zona litoral e as terras interiores, apoiándose especialmente na protección forestal e de canles e ribeiras.



Rías Altas. Planeamento de Desenvolvemento





Rías Altas

As Rías Altas están compostas polos municipios de Viveiro, O Vicedo, Mañón, Ortigueira, Cariño, Cedeira, Valdoviño e parte de Narón e Ferrol. Atopámonos ante unha superficie da costa de cantís máis abrupta que a anterior, na que se abren enseadas ou rías.


Como se observa no mapa adxunto, esta costa é a que presenta unha menor superficie de solo clasificado como urbano, con tan só o 2,23% clasificado como tal. Como no caso anterior, o solo urbano atópase na fronte litoral, nos fondos da ría que, en ocasións, quedan inmersos en enclaves protexidos.

O Solo de Núcleo rural supón o 4,02% do total do solo, tamén sensiblemente inferior á media do conxunto do ámbito do POL. A súa distribución dentro deste territorio non é homoxénea, xa que a dispersión da poboación nos municipios do sur e a correspondente delimitación de numerosos núcleos rurais, contrasta co práctico despoboamento de grandes áreas do norte, cunha poboación máis reducida e concentrada en poucos núcleos. En canto a clasificacións que permiten posteriores desenvolvementos urbanísticos, concéntranse nas áreas de maior dinamismo de Narón e Valdoviño, no extremo sur, impulsadas pola proximidade á rexión urbana Ártabra, supoñendo o 0,83% da superficie total.





Golfo Ártabro

O Golfo Ártabro é, con gran diferenza, a unidade de estudo con maior índice de urbanización, ocupada na súa práctica totalidade pola denominada na rexión urbana Ártabra. Esta característica fundaméntase nas 5.826,84 ha de solo urbano, que supoñen o 20,55% da área total, e vese apoiada polas 1.908,67 ha de solo clasificadas como Núcleo rural ou de Expansión, que en moitas ocasións funcionan como reforzo de estrutura do carácter metropolitano do conxunto. As 3.098,75 ha reservadas para o desenvolvemento urbano (solo urbanizable delimitado e solo urbanizable non delimitado), unha vez ateigadas as dúas cidades de referencia da Coruña e Ferrol, amoréanse nas proximidades destas, nos municipios limítrofes de Culleredo, Cambre e Oleiros para a primeira e Narón, Neda e Fene para a segunda. De novo, constátase a maior presión urbanizadora nas zonas litorais, até o punto de que a faixa de 500 metros inmediata á costa constitúe practicamente un continuo de solo urbano ou urbanizable, con excepcións concretas como a costa de Dexo ou a ría de Betanzos, configurando o que se denominou nas Directrices de ordenación do territorio como Agregado urbano. As dispares previsións de crecemento e a dificultade de articulación entre as diferentes ordenacións fan evidente a necesidade dunha planificación a escala metropolitana.





Arco Bergantiñán

O Arco Bergantiñán caracterízase pola escasa presión urbanizadora, feito particularmente destacable na costa, con tan só o solo urbano dos núcleos de Malpica, Razo e Caión na primeira faixa, que atinxe da liña litoral á fronte construída formalizada polo modelo tradicional de ocupación do territorio. Se a este lle engadimos o de Arteixo, obtemos que tan só o 7,21% do territorio (628 ha) desta costa está clasificado como solo urbano. Este territorio caracterízase, polo contrario, por unha tupida rede de asentamentos menores que articulan un territorio no que predomina o solo rústico de protección agropecuaria ou forestal.




Costa da Morte

A Costa da Morte singularízase por tratarse dun territorio moi pouco urbanizado (con 983,53 ha de solo urbano, aproximadamente un 3,13% da superficie total deste ámbito), con pequenos núcleos costeiros (normalmente un en cada municipio) que concentran a poboación, dos cales dependen funcional e estruturalmente unha rede de asentamentos menores articulados ao longo dos vales. O modelo territorial é relativamente respectuoso coa ocupación tradicional do espazo, de xeito que tan só aqueles núcleos singulares de maior importancia se sitúan na primeira faixa que abrangue da liña litoral á fronte construída formalizada polo modelo tradicional de ocupación do territorio. O solo clasificado como urbanizable límtase, en liñas xerais, a superficies de reducidas dimensións que complementan os tecidos urbanos consolidados dos principais núcleos. Esta superficie aumenta notablemente, porén, nos municipios de Ponteceso e de Cabana de Bergantiños.



Rías Baixas

A unidade das Rías Baixas é a que presenta, con diferenza, a lectura menos homoxénea desde o punto de vista da ordenación municipal. En liñas xerais, trátase dun territorio fortemente urbanizado, no que o solo urbano supón un 8,45% da superficie total (cando a media é do 7,69% no ámbito do Plan de ordenación do litoral). Especialmente nas rías de Arousa, Pontevedra e Vigo, a fronte litoral dos 500 primeiros metros de terreo caracterízase pola continuidade do solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural, que supoñen máis da metade da superficie (o 57%) configurando o que se denominou nas Directrices de ordenación do territorio como Agregado urbano. A forte presión urbana tamén se manifesta en que o 10,42% do solo se clasifica como solo de núcleo rural, categoría que en ocasións persegue recoller os fenómenos de urbanización difusa que caracterizan este territorio. O solo urbanizable (delimitado ou non) supón, coas súas 4.479,47 ha, o 5,20% da superficie total e mentres que en certos ámbitos (como no municipio de Vigo) se formula compactando áreas caracterizadas pola urbanización dispersa, noutras ocasións ten unha marcada vocación expansionista.



Costa Sur

Na Costa Sur faise patente a diferenza estrutural entre a fronte atlántica (que concentra os seus escasos desenvolvementos urbanos na fronte litoral) e as terras bañadas polo último tramo do río Miño, cunha estrutura de poboación difusa máis próxima á das Rías Baixas. Mentres que a superficie clasificada como solo urbano representa o 4,05% do total do ámbito, destaca que 1.015 ha se delimitan como solo de núcleo rural, o que supón o 16,27% da superficie total (cando a media é do 7,15%), e prevese un desenvolvemento urbanístico noutras 99,50 ha. O solo rústico recibe practicamente na súa totalidade algún tipo de protección, se ben por contra clasifícanse como Común boa parte da primeira faixa de 500 metros desde a costa na fronte litoral atlántica.

6.3. O CASO PARTICULAR DO SOLO RÚSTICO

O papel secundario ao que a lexislación urbanística relegou tradicionalmente ao solo rústico queda explicitado na nomenclatura usada para referirse a todo aquilo que non fora urbano, até o punto de que non é até 1997 que aparece a categoría de solo rústico e en 2002 cando os Plans Xerais de Ordenación Urbana pasan a ser “de Ordenación municipal”.


Tras a análise da ordenación urbanística dos municipios do ámbito litoral, podemos concluír que existe un desigual tratamento e valoración do solo rústico, así como dos usos permitidos nel. En xeral, pode destacarse unha ausencia de regulación pormenorizada dos usos que a ordenación establece como permitidos.

A Lei de 22 de agosto de 1985 de Adaptación a Galicia da Lei Estatal sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana de 1976, á que están adaptados as ordenacións de 40 municipios, define todo aquel solo que non é urbano ou urbanizable como “solo non urbanizable”. Esta definición que, en lugar de explicitar o que é, resalta “o que non é”, deixa o solo rústico nunha clara posición de desprotección e indefinición. No ámbito do Plan de ordenación do litoral existen na actualidade 29.062 ha clasificadas dentro desta categoría.

Na Lei 1/1997, de 24 de marzo, do Solo de Galicia, aparece por primeira vez a clase de solo rústico, e con ela un réxime de uso e unhas proteccións especiais que recoñecen o seu valor intrínseco e o seu papel na construción da estrutura do territorio. 18 municipios réxense por figuras de ordenación adaptadas unicamente a esta lei, que supoñen 4.631 ha de solo clasificado como solo rústico común e outras 23.902 ha de solo rústico protexido.

Por fin, a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas súas posteriores modificacións, enfatiza o papel vertebrador do solo rústico, establecendo as diferentes categorías de protección (ordinaria, agropecuaria, forestal, de infraestruturas, das augas, de costas, de interese paisaxístico, de patrimonio cultural ou de especial protección de espazos naturais). Os 10 municipios que teñen a súa ordenación adaptada a esta lei suman 159,01 Ha de solo rústico de Protección Ordinaria e 16.279 Ha de solo rústico con algún tipo de especial protección.

Chégase así á fotografía actual da situación do solo rústico no litoral de Galicia, máis dun 73,86% da superficie do ámbito de estudo, cunha ampla variedade de situacións particulares no grao de protección ao que está sometido. En liñas xerais, e facendo unha equiparación entre as diferentes proteccións da lexislación xa derogada coas categorías que determina a lei vixente, pode dicirse que o 25,66% da superficie total do POL se correspondería con solo rústico de Protección Ordinaria e o 48,20% con solo rústico de Protección Especial.




Mariña Lucense. Solo Rústico fronte á Rede Galega de Espazos Protexidos



Mariña lucense

A situación actual da ordenación, xa explicada na epígrafe anterior, supón a inexistencia de SREP nalgún dos municipios que recolle esta comarca. A necesidade de ordenacións actualizadas faise clara ao observar como ámbitos pertencentes á Rede galega de Espazos naturais protexidos quedan englobados a día de hoxe en SRPO, carecendo da protección que merecen estes ecosistemas. En relación aos ámbitos incluídos dentro das liñas de 500 e 200 metros da ribeira do mar, a situación é similar, e apréciase como a porcentaxe de SREP é moi inferior ao de SRPO. Por outra parte, a lectura global do ámbito de estudo do POL, evidencian a falta de interrelación entre as áreas SREP, que en lugar de configurar unha rede articulada que asegure a conectividade ecolóxica, constitúe na actualidade un sistema de espazos illados.

Cabe destacar a existencia nesta costa de tres grandes corredores ecolóxicos para potenciar, que son os ríos Ouro, Masma e Eo, os cales pertencen á Rede galega de espazos protexidos. Porén, na ordenación vixente estes espazos inclúense, na maioría da súa extensión, en SRPO cando a súa declaración como ZEPVN, outórgalles o réxime de solo de Protección de Espazos Naturais conforme á lexislación vixente.



Rías Altas. Solo Rústico fronte á Rede Galega de Espazos Protexidos




Rías Altas

A delimitación das dúas grandes categorías de solo rústico non amosa un patrón tan homoxéneo como na comarca descrita anteriormente. Os municipios de Cedeira, Cariño, Ferrol e Narón, recoñecen como solo SREP a case totalidade do ámbito que queda delimitado pola liña de 200 metros, así como os establecidos pola Rede galega de Espazos naturais protexidos. Nos citados municipios, a relación entre os SREP e os SRPO do ámbito comprendido entre a liña de 200 e 500 metros, é bastante desequilibrada, sendo moito maior a porcentaxe de SREP.

Pola contra, outros municipios non recollen como SREP, espazos incluídos na Rede Galega de espazos naturais protexidos, debido á carencia dunha ordenación adaptada á lexislación vixente. Esta antigüidade da ordenación no litoral e, en concreto nesta comarca costeira supón unha perda de oportunidade para a valorización destes espazos.

Destaca a ausencia dun tratamento homoxéneo no ámbito inmediato á praia da Frouxeira (Valdoviño), que pon de manifesto unha falta de entendemento deste espazo como unha unidade indisoluble e a súa oportunidade para conformar un corredor ecolóxico. Outro caso similar é o de Estaca de Bares, onde a ordenación vixente no municipio de Mañón non recoñece as súas fronteiras de cantís como un único conxunto de valor.

Independentemente desta dicotomía, a porcentaxe de solo rústico desta comarca costeira é moi elevado e dentro deste o 86,75% é de especial protección.



Golfo Ártabro. Solo Rústico fronte á Rede Galega de Espazos Protexidos




Golfo Ártabro


Esta costa presenta a particularidade de pertencer en totalidade á rexión urbana A Coruña-Ferrol, onde os procesos de ocupación humana e usos asociados, como infraestruturas, industrias, etc, son máis intensos. O solo rústico supón un 54,71% do ámbito de estudo. Un trazo característico desta costa é a escaseza de solo de SR dentro dos ámbitos delimitados, tanto pola liña de 200 m como pola de 500 m, debido á forte expansión que experimentaron estes asentamentos.

O municipio de Oleiros, cuxa ordenación está adaptada á LOUG recoñece a costa de Dexo, espazo establecido pola Rede galega de Espazos naturais protexidos, e outros ámbitos próximos como SERP, o que potencia a conectividade con outras áreas do territorio, a pesar de atoparse nunha contorna cun forte grao de antropización, o cal levou a súa consideración como tipo de asentamento de agregado urbano. Este espazo, xunto co LIC Betanzos-Mandeo, son os únicos desta categoría dentro do ámbito de estudo do POL. Independentemente deste recoñecemento, hai espazos lindeiros neste ámbito de elevado valor ambiental. O municipio de Pontedeume, porén, si recoñece na súa ordenación o espazo de contacto entre o Parque natural das Fragas do Eume e o seu estuario (fóra do ámbito do Parque) considerando SR e P a faixa entre a ribeira do mar a liña de 200 metros en case a súa totalidade até o núcleo urbano principal. Nalgúns casos, esta delimitación supón unha contorna englobada dentro dos 500 m.

Neste caso do municipio de Ares, este non recoñece ningunha figura especial de protección, polo que o seu ámbito máis próximo á liña de ribeira está recollido como SRPO. A adaptación da ordenación ao POL suporá unha oportunidade para o recoñecemento do ecoton e fortaleza dos valores ecolóxicos do LIC Costa Ártabra.



Arco Bergantiñán. Solo Rústico fronte á Rede Galega de Espazos Protexidos




Arco Bergantiñán

O Arco Bergantiñán destaca pola elevada proporción de espazos protexidos da Lei galega 9/2001, de conservación da natureza, incluídos no ámbito comprendido entre a liña de ribeira e a dos 200 m, polo que, independentemente da categoría de solo que se establecese para estes ámbitos, a súa declaración como ZEPVN asegura unha protección do espazo natural.

O espazo clasificado como SR nesta costa supón o 64,43% do ámbito de xestión do POL, das cales 4.655,52 ha son de especial protección e 1.817,05 ha de protección ordinaria.

No municipio de Malpica, cuxa ordenación está adaptada á Lei de 22 de agosto de 1985, recoñécese como SERP unha faixa paralela á liña de ribeira do mar. A conectividade ecolóxica transversal presenta debilidades, xa que non conta co recoñecemento de corredores que conecten a costa con áreas interiores.



Costa da Morte. Solo Rústico fronte á Rede Galega de Espazos Protexidos


■	SRPO - Solo Rústico de Protección Ordinaria
■	SRPE - Solo Rústico de Protección Especial
■	Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos
—	Liña de ribeira de mar 200 m
—	Liña de ribeira de mar 500 m

Costa da Morte

A porcentaxe de solo clasificado como SR nesta costa supón un 82,62% do ámbito de estudo do POL, o que significa que é a segunda costa con maior proporción de solo clasificado como rústico, tan só superada polas Rías Altas e Mariña lucense.

Gran parte do ámbito comprendido entre a liña de ribeira e a de 200 metros está baixo o amparo dalgunha das figuras recollidas na Lei galega de conservación da natureza. En moitos casos, estas proteccións esténdense máis aló desta faixa ocupando amplas zonas de territorio e mesmo zonas mariñas. En xeral, as ordenacións recoñecen estes espazos como solo rústico de especial protección. Destaca en caso de Camariñas, que debido á figura de ordenamento vixente, proxecto de delimitación de solo urbano, deixa sen regulación específica todo aquel solo que non se clasifica como urbano. O concello de Dumbría carecen de ordenación urbanística propio que permita recoñecer os valores deste territorio.

Desde o punto de vista da súa potencialidade como elemento de conectividade ecolóxica destaca o río Anllóns, pertencente á Rede galega de espazos naturais protexidos, xa que posibilita unha conexión dos ecosistemas costeiros con zonas do interior sen interrupción ao longo de todo o curso fluvial.



Rías Baixas. Solo Rústico fronte á Rede Galega de Espazos Protexidos

■	SRPO - Solo Rústico de Protección Ordinaria
■	SRPE - Solo Rústico de Protección Especial
■	Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos
—	Liña de ribeira de mar 200 m
—	Liña de ribeira de mar 500 m

Rías Baixas


A comarca costeira das Rías Baixas garda certa similitude co Golfo Ártabro, xa que debido ao gran número de asentamentos, caracterizado por densidades superiores que noutras comarcas costeiras. Esta costa destaca pola particularidade de comprender non só parte da rexión urbana Vigo-Pontevedra, senón tamén os agregados urbanos de Portonovo- Pontevedra, Bueu-Pontevedra, Cangas-Moaña, Vigo-Redondela e Vigo-Baiona. O solo rústico supón un 69,90% do ámbito, do cal 42580,58 Ha son de especial protección e 17624,35 Ha de protección ordinaria.

A pesar do gran número de municipios que engloba esta costa, tan só dous deles ten a súa ordenación adaptada á lei vixente.

En trazos xerais, cabe destacar a escasa superficie da faixa comprendida entre a liña de ribeira e a dos 500 metros. Isto débese, como se ha explica nos parágrafos anteriores, ao alto grao de antropización e á forte presión inmobiliaria que busca as zonas de orografía menos complexa, situadas na faixa máis próxima ao mar. Debido á ausencia de ordenación axeitada, a urbanización do territorio xerou asentamentos periféricos lineais, que deron lugar a continuos urbanos.

A rede galega de espazos naturais protexidos delimita ecosistemas que foron recollidos pola ordenación como SERP, cuestión que se bota de menos no municipio de Porto do Son. Outros dos espazos destacados pola Lei galega de conservación da natureza correspóndense con cursos fluviais e a súa desembocadura, sendo de especial interese como xa se explicou noutras costas anteriormente tratadas, debido á oportunidade que supoñen para a consecución dunha axeitada conectividade ecolóxica do sistema.

Moitos dos espazos protexidos, debido á súa singularidade, están recollidos de maneira simultánea por diversas figuras das da lei: parque natural, parque nacional, zona húmida protexida, etc.



Costa Sur

O grande espazo de interese ecolóxico desta costa é o curso fluvial do río Miño. A delimitación da área protexida recóllese baixo as ZEPVN de Baixo Miño e Esteiro de Miño, que enlazan, fóra do ámbito do POL con outros espazos que conectan con municipios do interior.

Debido á configuración orográfica, as ordenacións dos municipios recollen as ladeiras das montañas que flanquean a costa como SR de especial protección, así como a faixa litoral máis próxima á liña de ribeira. Estes ámbitos presentan con pequenos corredores que facilitan a conectividade dos ecosistemas. No caso do Monte Santa Tegra, a delimitación actual dos solos lindeiros fai que este espazo de alto valor patrimonial e natural pase a entenderse como un espazo illado. No municipio de Oia, destaca a ausencia de conexión entre a liña de ribeira e os montes de protección, así como a clasificación de ladeiras con pendente pronunciada con outra categoría diferente ao solo rústico.

7. CONCLUSIÓNS

A aparencia das transformacións que está a sufrir o litoral de Galicia pon de manifesto unha ausencia de modelo territorial, no que a paisaxe e as formas de ocupación son máis o resultado das dinámicas socioeconómicas que un modelo de organización territorial coordinado do litoral de Galicia.

A paisaxe resultante non é sempre unha mostra de calidade e coherencia territorial, e nalgúns casos denota unha ausencia total de consideración dos ecosistemas, e elementos máis valiosos e, ao mesmo tempo, máis fráxiles desta costa.

A ocupación sen límites, a perda de biodiversidade, o estado de abandono dalgúns elementos patrimoniais, a perda de conectividade ecolóxica e funcionalidade dos ecosistemas e a banalización de paisaxe aparecen nalgúns puntos destas costas como un sinal de advertencia de que a capacidade de acollida destes territorios está a ser superada.

Porén, tamén temos que recoñecer que estes procesos son comúns a outras rexións europeas, e analizamos tamén como dentro e fóra do territorio español, especialmente no Espazo Atlántico ao que Galicia pertence, afrontaron xa este reto.

Esta cuestión é, polo tanto urxente, e Galicia ten que avanzar na aprobación dos instrumentos de ordenación territorial establecidos na lei 10/1995, do 23 de novembro de Ordenación do territorio de Galicia.

Este é o único mecanismo para poder integrar nun modelo homoxéneo as determinacións específicas que aseguren o tratamento correcto dos ámbitos de valor. Desta maneira, o solo rústico axectarase aos espazos que contén cunhas características naturais ou culturais relevantes ao mesmo tempo que se asegure a integridade, conectividade e funcionalidade delas.

Por outro lado, a xa mencionada falta de actualización xeneralizada das ordenacións municipais, a maioría deles non adaptados á lei urbanística vixente, unida á falta dunha tradición urbanística comprometida cos valores naturais e culturais, provocan desaxustes entre a consecución dos obxectivos de protección e o desenvolvemento socioeconómico de determinados espazos.

A Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia establece como un dos seus obxectivos fundamentais profundar na regulación e ordenación do solo rústico, para convertelo no instrumento que contribúa á protección, conservación e restauración da biodiversidade, de acordo coas directrices establecidas pola Comisión Europea. Contribuír a minimizar e evitar estas incompatibilidades é o que se persegue mediante a visión unificadora e integradora do Plan de ordenación do litoral, tratando de suplir as disparidades normativas consecuencia dos diferentes contextos legislativos, mediante un novo modelo que conteña unha regulación axustada aos valores existentes, fundamentada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade.

Igualmente, a situación actual do litoral galego caracterízase por unha forte expansión da urbanización no territorio, cunha intensidade moi distinta entre as diferentes áreas nas que se divide, pero cunha clara tendencia á ocupación do solo mediante asentamentos de baixa densidade. Estas dinámicas someten o solo a grandes presións apartadas da lóxica demográfica, o que fai aínda máis difícil articular dun modo coherente os procesos actuais de desenvolvemento urbano.

Ao longo do capítulo anterior analizouse como o POL, utilizando a paisaxe como unha ferramenta de análise, debulla a complexa diversidade de elementos, usos e dinámicas que conflúen no ámbito de estudo. En concreto, prestando unha especial atención como xa se indicou aos procesos de ocupación dispersa e difusa. É dicir, aos ámbitos identificados como agregados urbanos, novas agrupacións e ámbitos de recualificación. Todo isto co obxectivo de racionalizar a súa intensidade e expansión ao mesmo tempo que evitar aqueles que supoñen presións ou actuacións susceptibles de xerar impactos indesexados e incompatibles coa preservación das zonas costeiras.

